

## **vilalba**

Pablo Nogueira recolleu o Premio Agustín Fernández Paz. **Páx. 5**

## **cospeito**

Xurxo Alonso García gaña a última edición do Premio Torre de Caldaloba. **Páx. 21**

## **castro de rei**

O Concello inviste na rehabilitación da muralla 66.000 euros. **Páx. 22**

## **xermade**

O Pleno aproba uns orzamentos por valor de 2,04 millóns de euros. **Páx. 28**

## **deportes**

A San Silvestre despide o ano e a de Castro de Rei está convocada para xaneiro. **Páx. 35**

# A comarca engalánase para recibir o Nadal



## A Escola dos Vilares cumpren anos

A asociación local fixo un percorrido pola historia do edificio na celebración organizada. **Páx. 15**

## O Belén de Begonte amplíase

Incorporaron unha nova talla e inaugurouse unha nova escultura de Lorenzana. **Páx. 18**

## **Guillermo Cancelo**



Director, actor e promotor de asociacións teatrais. **Páx. 31**

## **Gómez Besteiro**



Deputado lugués e candidato á presidencia da Xunta polo PSOE. **Páx. 32-33**

## **Jenny Santos**



Cedida ao FSF Castro, cumpre a súa sexta tempada no Burela. **Páx.34**

## O Pleno aproba o orzamento da Deputación

Consta de 116 millóns de euros, con máis servizos públicos e máis dinamismo económico. **Páx. 36**

Grazas por confiar e deixarnos compartir con vós un ano máis.

*Bo Nadal!!*

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Baio Vilalba  
982 51 01 00  
Av. Galicia, 91, As Pontes  
981 451 504

U.S. E-27-000151 / E-27-000151 - 981 451 504 / E-15-000151 / E-15-000151





# Vilalba vístese de Nadal por dupricado

Este ano contará con varias programacións, unha cultural, outra infantil e unha terceira a cargo dos empresarios de Sete Pontes

## PROGRAMA CULTURAL

As edís de Cultura e Comercio de Vilalba, Tamara Rodríguez e María Xosé Fernández, presentaron a programación cultural e a campaña de comercio organizadas polo Concello para o Nadal 2023 e que se prolongará todo o mes de decembro.

A programación cultural arrancará este venres 1 de decembro, ás 21.30 horas coa representación de O Velorio no auditorio. Unha obra de teatro para todos os públicos representada por Borguete, da Asociación Cultural e Deportiva de Árbol.

O martes 5 de decembro terá lugar o acendido de Luces de Nadal con dous actos que marcarán a xornada. Ás 18 horas haberá panxoliñas coa Coral Luar, na Praza de Santa María (acompañada de Álvaro Costas á Gaita) e ás 20.30 será o Espectáculo MITIC Christmas Family de Álvaro Costas no Auditorio Municipal.

A programación continuará con actividades os festivos e fins de semana. Así, o mércores 6 de decembro, ás 18 horas será o Conssertaso na Horta, enmarcado da iniciativa Emprazadas na Praza de Santa María. Ao sábado seguinte poderás ver, ás 20.00 horas a obra de Teatro Running no Auditorio Municipal.

Xa máis próximos ás festas, o sábado 16 terá lugar, ás 20.30 horas o recital de Nadal do Conservatorio no Auditorio Municipal. E, o domingo, ás 19.00 horas, o Concerto de Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre no Auditorio.

Víspera de Noiteboa, ás 19.00, terá lugar o espectáculo familiar Conto de Nadal, con Manuel Manquiña, Pepe



Suevos, a Ocaband... e máis no Auditorio.

Continuará a programación o día de Nadal, ás 20:00 horas, co Concerto de Nadal da Banda de Música de Vilalba no Auditorio. O 29, ademais, ás 19.00 horas chega a Vilalba o musical O Libro da Selva, a Aventura de Mowgli. Finalizará o programa o sábado 30, ás 20.00 horas co actuación de Dj Frisco & Marcos Peón dentro da iniciativa Emprazadas.

## DECORACIÓN

A decoración de Nadal deste ano no Concello de Vilalba está feita polos rapaces e rapazas do centro ocupacional. Para levar a cabo cada unha das pezas empregaron materiais reciclados, continuando coa aposta do Concello pola concienciación medioambiental.

## PROGRAMA IN FANTIL

O Concello de Vilalba acaba de presentar a programación infantil e xu-

venil do Nadal, cunha oferta variada que comeza esta semana e rematará o 7 de xaneiro. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Infancia e Xuventude, Paula Vigo, presentaron a programación na Casa da Cultura.

Trátase dunha proposta variada, "con sorpresas e novidades con respecto a outros anos, que inclúe tamén un campamento de Nadal de balde para favorecer a conciliación", explicou Rouco. Este xoves entregáronse os premios do concurso de postais e o Concello organizou "varios obradoiros e actividades didácticas arredor da Feira do Capón, que será o 21 de decembro", apunta Paula Vigo, concelleira de Educación, Infancia e Xuventude.

Desde o 23 de decembro estará operativa a pista de xeo, Papá Noel visitará a praza da Constitución o 24 de decembro e a programación inclúe a obra de teatro Blancanieves de la Chana (26 de decembro) e a proxección de dúas películas.

Haberá tamén espazo para o depor-

te coa Carreira San Silvestre do 31 de decembro, e dúas actividades con láser TAG e realidade virtual os días 27 e 29 de decembro. Os días 28 de decembro e 2 de xaneiro haberá festa infantil e o 5 de xaneiro os Reis Magos chegarán a Vilalba, visitando as parroquias antes da tradicional cabalgata.

## CAMPAÑA DE COMERCIO

Ademais, cada establecemento contará cunhas tarxetas de participación, que constan de tres ocios para os tres selos (de establecementos distintos) e serán os propios comerciantes os que repartirán as tarxetas entre os seus clientes de forma gratuita.

Por cada compra de 10 euros ou su-

perior, colocará o selo do seu negocio (só un selo por #comercio) e con tres selos cubertos na tarxeta, obterase de agasallo unha cunca, ata esgotar existencias.

Para o sorteo, só se admitirán as tarxetas que teñan todos os ocios cubertos. O 8 de xaneiro de 2024 recolle-ranse todas as tarxetas cubertas e de entre todas elas realizarase sorteo o 9 de xaneiro de 2024 na Casa da Cultura ás 20:30 horas. Haberá 4 premios de 250 euros, 5 de 100 e 20 de 50 euros. Ademais e co fin de animar as rúas, a área de Comercio traerá a Vilalba o espectáculo O Folión do Zampón. As persoas interesadas en formar parte da campaña aínda están a tempo contactando coa Área de Comercio.

## POSTAIS DE NADAL



Xa hai gañadores do concurso de postais de Nadal. Na categoría I o primeiro premio foi para Mía Freire Yáñez, seguida de Pepa Gómez López e Vega Ramudo Fuentes. Na Categoría II, gañou Xoel Seijas Méndez, seguido de Nerea Campello Campello e Adriana Ramudo Fuentes. Na categoría III o primeiro premio foi para Uxía Rouco Otero. O segundo premio correspondeu a Alba Duarte Arias e Naim Carracedo Fraga fíxose co último galardón.

# RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de: AUTOCARAVANAS  
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS

**¡Non esperes para facer a viaxe dos teus soños!**

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

# MOBELRIAS

**Descobre as novidades na tenda**

**PLAmoble** Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



# “Este Nadal temos unha ampla programación para a mocidade”

A nova alcaldesa, Marta Rouco, desexou “paz e ledicia” para a veciñanza

Cumpridos dous meses dende que accedeu ao cargo de alcaldesa, como foi este tempo de adaptación a este posto? Ten xa establecido un plan de traballo para os vindeiros meses?

Pois a adaptación foi rápida, xa coñecía o funcionamento do Concello e do Goberno, xa viña de traballar na Administración Pública e todo iso fixo que a adaptación fose sinxela. En canto ao plan de traballo para os vindeiros meses pasa pola aprobación dun novo orzamento, a renovación de importantes licitacións do Concello, como o SAF ou o lixo, a revisión das ordenanzas fiscais, todo isto co obxectivo de determinar as posibilidades económicas que temos, algo esencial para planificar e ordenar as prioridades de actuación. **Vostede xa formaba parte do anterior Goberno vilalbés, considera que existen diferenzas salientables entre o anterior monocolor e o actual bipartito?**

Obviamente diferenzas existen porque nunca é o mesmo un goberno monocolor que un de coalición. Implica fusionar dúas formas de ver, entender e facer a política, priorizando sempre o interese da cidadanía á hora de desenvolver as distintas actuacións no eido do respecto competencial de cada delegación de Goberno, potenciando os acordos e diminuíndo as diferenzas que obviamente hai.

**Estamos xa en plenas festas, que actividades son as programadas polas delegacións socialistas?**

Este ano temos unha ampla programación de Nadal para a infancia e a xuventude. Teremos por primeira vez un campamento para facilitar a conciliación durante as festas de



nadal, en horario de 08 a 15. Volveremos contar coa pista de xeo que irá acompañada este ano de inchables e un tobogán. Tamén se farán dúas xornadas de festas infantís nos pavillóns dos colexios rurais de Moreda e Román. Outra novidade é a programación pensada para a franxa de idade dos 12 aos 16 anos, con sesións de láser tag, por exemplo. Teremos tamén cine e teatro... en definitiva unha ampla programación pensada para que os nenos e mozos podan desfrutar destas festas.

**Ao respecto do polígono industrial, para cando está previsto o pintado da estrutura vial? Teñen previstas algunhas outras actuacións?**

Unha das primeiras reunións que mantiven dende a chegada á Alcaldía foi coa directiva da asociación de empresarios porque estou convencida da necesidade de manter un diálogo fluído e colaboración continua entre ámbalas dúas institucións. O pintado si, pero tamén a limpeza e desbroce da contorna que se fará de xeito inminente, en canto as condicións climatolóxicas o permitan. E como non, a colaboración institucional con outras entidades de Goberno.

**Outro tema de actualidade ten que ver coa estación de autobuses, a este respecto, cal é a posición do Goberno Municipal? É distinta da presentada pola Xunta?**

A postura do Goberno é clara: Vilalba ten unha estación de autobuses por algo, e non considero que existan circunstancias distintas que motiven un cambio neste planteamento. Non entendemos que noutras estacións de vilas dun tamaño similar como Ribadeo ou Viveiro se estean investindo cantidades importantes para o seu acondicionamento e en Vilalba teñamos que conformarnos cunha marquesiña, que é o que propón a Xunta para Vilalba.

**O Concello vén de aprobar una nova ordenanza que implica a tenza dos animais de compañía, como se está a adaptar a sociedade vilalbés?**

A ordenanza entrará en vigor o día 28 de decembro. O que se está facendo neste momento son campañas informativas para concienciar aos veciños da necesidade de manter limpos os espazos comúns e que todos podemos desfrutar deles se cada un asume e cumpre coas súas obrigas. Creo que os veciños perciben positivamente que se tomen medidas nos

casos en que os propietarios de cans non recollan os excrementos, porque non é agradable para ninguén. **Cales considera que son as necesidades prioritarias para abordar de maneira inmediata? E nesta lexislatura?**

Unha das nosas prioridades ten que ver co ciclo da auga. No mandato anterior acometeuse a construción do pozo de tormentas, a través dun convenio coa Confederación Hidrográfica Miño Sil, para rematar coas verteduras indesexadas ao río Madalena. Cómpre agora a instalación na estación potabilizadora de decantadores para evitar que a auga se enlode cando chove moito e tamén a mellora dos sistemas de captación. Xa estamos traballando en todo iso dende o primeiro momento pero son actuacións que precisan da colaboración doutras administracións, para iso xa mantivemos unha primeira reunión con Augas de Galicia e estamos pendentes de que nos chamen para seguir falando. Tamén estamos buscando fondos europeos a través do Perte da Auga. Resulta así mesmo prioritario seguir mellorando os servizos públicos, como o da recollida do lixo, que se vai actualizar ás demandas actuais coa nova licitación; ou do SAF, que xa neste mandato conseguimos mellorar a situación laboral das traballadoras. Seguimos traballando tamén para mellorar a conciliación, con servizos como o de madrugadores, para que as familias podan asentarse no noso pobo.

**Sáíndonos un pouco do aspecto formal, cales son os seus desexos para a sociedade vilalbés neste nadal? E os seus persoais?**

Pois trasladarlles os meus mellores desexos a toda a veciñanza, especialmente a aqueles que, por diversos motivos, estean atravesando unha situación persoal complicada enviarlles unha mensaxe de esperanza nestas datas. Tamén me dirixo con agarimo á xente máis moza, desexarlle paz e ledicia non só no ano que comeza senón que tamén ao longo da súa vida.

## FEIRA DO CAPÓN

O Concello de Vilalba acollerá o xoves 21 de decembro na praza da Constitución unha nova edición da Feira do Capón, unha celebración imprescindible do Nadal vilalbés.

O evento arrancará ás 10.00 horas coa apertura ao público da feira, onde o capón estará arroupado, como nos últimos anos, por outros produtos do concello e arredores.

Ás 11.30 horas chegará o momento máis importante da feira, coa entrega de premios ás criadoras e criadores e o sorteo do mellor par de capóns seleccionados polo xurado. Os asistentes que queiran levarse a casa gratis uns dos mellores capóns da feira soamente terán que deixar o seu nome na caseta da organización. Este ano premiarase tamén o labor dos novos criadores, para seguir incentivando o sector. O mestre de cerimonias deste acto será o periodista Alfonso Hermida.

Trala entrega de premios, de 12.30 a 14 horas, na foodtruck que haberá na praza repartiranse tapas de capón para que todo o mundo probe e desfrute deste manxar.

A xornada contará con animación musical, que estará a cargo do grupo local Mestura de Nete, que tocará ao longo de toda a mañá no espazo da feira.



**REPRESENTACIONES CABARCOS**

Somos especialistas en: bacalao, langostinos, rape...  
Disfrútalos con nuestro vino Albariño Pulpo

*Desayunos navideños con nuestra bollería*

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / [www.representacionescabarcos.com](http://www.representacionescabarcos.com)



## OUTRAS ACTIVIDADES

**GOIRIZ.** A Asociación de Veciños de Goiriz pon en marcha unha nova proposta para festexar estas datas de Nadal. O colectivo organiza o vindeiro 1 de xaneiro a Xuntanza de Ano Novo a partir das 01.30 horas na Escola Habanera de Goiriz. Haberá música para todos os públicos, karaoke por parellas, chocolate con churros, sorteos e moitas máis sorpresas.

**CEIP TERRA CHÁ.** Este ano o CEIP Terra Chá organiza unha programación cargada de actividades. O momento de achegarse ao patrimonio será o mércores 20 coa visita á Igrexa de Román e decoración da mesma. A última actividade será o xoves 21 coa cabalgata de Papá Noel, as badaladas de fin de ano e chocolate con churros para os asistentes.

**SANCOVADE.** A asociación de veciños Santiago de Sancovade organiza un concurso de postais de Nadal. Os interesados poden facer chegar a súa postal coa temática de Nadal, deixándoa na caixa do correo da escola ou entregándolla a algún membro da asociación.

**ANDAINA.** Un ano máis, Vilalba acollerá a Andaina Solidaria de Cruz Vermella, que ten como obxectivo recadar fondos para a compra de xoguetes novos para aqueles nenos de familias sen recursos e con risco de exclusión social. Será o día 17 a partir das 12.00 horas.

**CAMPAMENTO.** Haberá campamento Urbano de Nadal do 26 de decembro ao 5 de xaneiro. Contará con 40 prazas e será no pavillón do CEIP Mato Vizoso de 08.00 a 15.00 horas.

# “O noso compromiso é gobernar escoitando e dar voz á veciñanza”

## Modesto Renda fai unha valoración dos primeiros meses de Goberno

**Pasados estes primeiros meses de Goberno para analizar a situación, cales son os eixes nos que se vai traballar?**

Como responsable de Infraestruturas Rurais o meu obxectivo é levar ás parroquias os investimentos que os seus veciños precisan. Dende a oposición combatín o abandono do rural e agora toca “dar trigo” na medida das posibilidades económicas do Concello. Tamén fun moi crítico nos últimos anos coa falta de seguridade xurídica en materia urbanística e o desbloqueo do PXOM é, en consecuencia, a miña prioridade como responsable de Urbanismo. Ademais, como responsable de Mobilidade estou centrado na reorganización do tráfico -nomeadamente na rúa da Pravia cando se poida acometer- na mellora e ampliación dos espazos para o aparcamento e en pór en valor o centro histórico da vila. Por último, e como responsable de Desenvolvemento Industrial, o meu traballo pasa por ampliar o Polígono como base dun futuro para a veciñanza traballadora e a pequena e mediana empresa.

**No tocante ao medio rural, está a realizar reunións en todas as parroquias para falar coa veciñanza. Como está a resultar esta iniciativa?** Dende que asumín a Vicealcaldía escoitei “parroquia a parroquia” a máis de 300 veciños e veciñas do rural. O meu obxectivo? Recoller as súas necesidades e demandas e darlles a palabra para que sexan eles os que decidan as prioridades. O Concello de Vilalba, a través da área de Infraestruturas Rurais da que son responsable, investirá 378.245,81 euros nas parroquias nos vindeiros tres meses e cada céntimo deste investimento,



irá destinado a unha obra ou actuación municipal elixida polos propios veciños das parroquias. Non se pode axudar ao rural dende un despacho. A xente das parroquias é a que coñece os problemas reais das parroquias e chegou o momento de darlles voz. **O proxecto da Ponte da Ribeira, como se vai facer a súa reparación?** O proxecto de reconstrución integral da Ponte da Ribeira que presenteí hai uns días en Samarugo parte dun traballo de catro meses de planificación. Dende o día 1 da lexislatura tiven claro que esta actuación era prioritaria e actuei en consecuencia, axilizando os trámites todo canto mo permitiron os tempos e rigores da Administración. Dende o Concello remitimos xa o documento á Confederación Hidrográfica do Miño Sil, así como á Dirección Xeral de Patrimonio (a súa autorización é precisa pola presenza dun cruceiro nunha marxe da Ponte) e, cando a climatoloxía o permita e o caudal do río volva á normalidade, procederemos á execución dunha obra que porá fin á actual situación de risco.

**Outro dos proxectos no que se está a traballar é na peonalización da praza de Santa María co programa**

**Emprazadas. Como está a recibir a veciñanza esta iniciativa?**

O noso compromiso é gobernar escoitando e é por isto que a veciñanza tivo, ten e terá a última palabra ao respecto do Plan de Posta en Valor da Praza de Santa María que estamos a implementar. O proxecto Emprazadas é unha decidida e ambiciosa aposta cultural para o Centro Histórico coordinada entre as áreas de Cultura e a de Mobilidade e na que, ó tempo que seguimos dando pasos adiante no noso piloto de peonalización progresiva (limitándose agora o estacionamento de vehículos nas fins de semana e festivos), dende a área de Cultura organizouse unha programación específica para praza, que tivo na actuación do bluesman internacional Manu Lanvin o primeiro prato forte.

**Fálenos un pouco do programa de Nadal. Que é o máis destacado?**

Como compañeiro de partido e agora de Goberno, non poido sentirme máis orgulloso de traballar día a día coa concelleira de Cultura, Tamara Rodríguez. O seu é o exemplo de que a política pode ser outra cousa e de como cunha situación económica absolutamente adversa se pode

sacar de onde non hai para poñer enriba da mesa unha programación cultural traballada, de calidade e adaptada a todo tipo de públicos e franxas de idade. E o mesmo ao respecto da compañeira M<sup>a</sup> Xosé Fernández e a campaña de Comercio. O esforzo de intentar chegar a todos e cada un dos comerciantes e negocios coa fin de involucralos nunha mesma campaña estou seguro de que dará os seus froitos.

**Que reclamacións ten Vilalba Aberta para a vila doutras administracións?**

Vilalba é o segundo Concello en número de horas de Servizo de Axuda no Fogar da Provincia e o sexto xa de toda Galicia. Hai catro anos, o custo do prezo hora para o Concello era de 11,65 euros e agora pasaranse a pagar 19,50, o que se traducirá nun custo para as arcas municipais de case 3 millóns e medio de euros sobre un orzamento de 11 millóns. A administración autonómica é quen ten a competencia en materia de políticas sociais e é a insuficiente aportación da Xunta de Galicia a que está a condicionar moi negativamente a nosa capacidade económica para acometer as obras e proxectos que demandan os veciños e veciñas. Non se trata de cores políticas, tratase de pedir o que nos corresponde e todas as formacións políticas representadas no Pleno Municipal deberíamos estar de acordo con esta reivindicación.

**Que obxectivos hai para o próximo ano?**

Sentar por fin as bases dun Concello xestionado dende o rigor, a responsabilidade e a estabilidade presupostaria, pola vía da aprobación duns novos orzamentos, que sexan quen de dar resposta ás necesidades reais da veciñanza.

**E os desexos para o ano que comeza?**

Acordos, consensos e entendemento entre todas as formacións políticas nas cuestións fundamentais. Só así acadaremos unha Vilalba á altura da nosa xente.



**RYS  
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com



## Pablo Nogueira recolleu o premio Agustín Fernández Paz

O auditorio acolleu o acto de entrega do VI Premio Agustín Fernández Paz de literatura infantil e xuvenil pola igualdade, que recaeu no escritor e mestre Pablo Nogueira Campo pola obra Ringo. Memorias dun coello fedello.

Este premio está organizado polo Ilesha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais e ten unha recompensa de 3.000 euros e a publicación da obra gañadora.

O xurado desta edición estivo formado por Manuel Bragado, Fina Casalderrey e o propio Lois Pérez



que, por unanimidade recoñeceron esta obra entre as 15 que se presentaron.

O acto contou coa participación da Asociación de Xordos e numerosas actuacións de baile e música entre os que figuraron o grupo Lambe Lambe, Corredores de Sombra, Escola de Movemento, BMV Ensemble e o alumando do IES Basanta Silva, nunha sesión dedicada ás letras e nas que se volveu reivindicar un Día das Letras Galegas para Agustín Fernández Paz.

## Consenso cos empresarios no pintado do polígono industrial

O Concello de Vilalba comezou as tarefas de pintado e sinalización horizontal e vertical das rúas e os espazos públicos do polígono industrial de Sete Pontes.

A actuación, cun orzamento de 20.000 euros, está consensuada coa directiva dos empresarios do polígono e comezará coas labores de limpeza e desbroce. Inclúe o pintado de máis de 13.000 metros de liña continua e discontinua, máis de 1.000 metros cadrados de pasos de peóns, e numerosas sinais horizontais e verticais. Estudarase tamén a co-

locación de cámaras de tráfico. “Unha nova mellora das infraestruturas públicas en Vilalba, neste caso nunha zona tan importante como é o polígono e coa máxima colaboración cos empresarios, que son os que veñen a diario; que as obras sirvan para mellorar a seguridade viaria e os servizos ás empresas instaladas aquí”, sostén Marta Rouco, alcaldesa de Vilalba.

O obxectivo é realizar os traballos antes de que remate o ano, aínda que o ritmo das tarefas dependerá das condicións meteorolóxicas.

### PREMIO OTERO PEDRAYO A DARÍO VILLANUEVA

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi o encargado de entregarlle o Premio Otero Pedrayo a Darío Villanueva nun acto que acolleu o salón de actos do Pazo de San Marcos. Este premio foi concedido por un xurado composto por representantes das catro deputacións, as tres universidades, a RAG, o Instituto Padre Sarmiento e a Fundación Otero Pedrayo.



## A Biblioteca pecha a sala infantil para remodelala

A Biblioteca pechou a sala infantil para a súa remodelación co obxectivo de crear “un espazo máis atractivo e cómodo para os nenos e as súas familias”. Durante as obras, manterase unha selección de libros na zona de adultos para que os máis pequenos non queden sen lecturas.

Ademais, o 15 de decembro come-

zarán tamén as obras na zona de adultos, e ata esa data a sección funcionará con normalidade.

A Biblioteca ten a disposición dos usuarios o Whatsapp 626 399 329 para consultas.

Os usuarios que participan no reto lector, xa poden coller a lectura correspondente a decembro.



O Concello de Outeiro de Rei xunto cos Concellos de Friol, Rábade, Begonte, Cospoito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo ten concedido o Programa Integrado de Emprego do Concello de Outeiro de Rei 2023/2024 dirixido a mulleres desempregadas dentro dos seguintes colectivos: con discapacidade, en risco de exclusión social, vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos con baixa cualificación, menores de 30 anos cualificadas e maiores de 45 anos.

Este programa promovido polo Concello de Outeiro de Rei conta cun financiamento da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e do Servizo Público de Emprego Estatal de 220.000 €.

As accións que se levarán a cabo durante o programa, entre outras, son as seguintes: información, orientación e asesoramento, habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista, prospección empresarial, prácticas profesionais non laborais, formación (seguridade e hixiene na

industria alimentaria, competencias dixitais básicas e avanzada, condución de carretilla elevadora, manipulador de alimentos, etc).

Facilitarase a existencia de medidas de conciliación para favorecer a asistencia ás accións do programa; ademais, todas as persoas demandantes que participen no programa integrado de emprego terán dereito a percibir unha bolsa consistente en 10 euros por día de asistencia ás accións do programa.

As mulleres dos Concellos de Friol, Rábade, Begonte, Cospoito, Castro de Rei, Abadín, Mondoñedo e Outeiro de Rei interesadas en participar no programa integrado deberán estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego Estatal e para participar no mesmo poderán poñerse en contacto co Concello de Outeiro de Rei, prioritariamente en horario de 9:00 h a 15:00 h, no teléfono:

☎ 663 915 957



Concello de Outeiro de Rei



Concello de Friol



Concello de Rábade



Concello de Begonte



Concello de Cospoito



Concello de Castro de Rei



Concello de Abadín



Concello de Mondoñedo



## Reclaman á Xunta que arranxe un muro do centro de saúde

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, denuncia que a Concellería de Sanidade da Xunta leva máis dun ano sen contestar aos requerimentos do concello para que arranxen un muro xunto ao aparcadoiro do Centro de Saúde que ten uns bloques “con risco de desprenderse”.

Rouco alerta de que estes bloques “poderían caerlle a alguén enriba, é necesario que a concellería solucione este problema”.

“Hoxe volvimos mandar outro requerimento, a ver se desta vez contestan”, sinala a alcaldesa, que lembra que o Centro de Saúde e estes arranxos son competencia da Xunta de Galicia.

“En todo este tempo nin se tivo



contestación nin fixeron nada, e isto non pode estar así, cortado ao paso, leva un ano no que a xente ten que ir pola zona reservada aos coches e non vai pola beirarrúa, ademais do perigo de que caia o muro”, explica Rouco.

## O PP pide ao Concello vilalbés que se adhira ao programa Doing Business

O Grupo Municipal do PP volve que o Concello de Vilalba inicie os trámites para adherirse ao programa Doing Business porque “suporía un impulso importante para o polígono industrial” e favorecería a implantación de empresas en Vilalba e a creación de novos empregos.

“Trátase dunha proposta que teñen trasladado dende o colectivo empresarial porque o feito de converterse en Concello Emprendedor favorece a captación de investimentos; xa que supón vantaxes como rebaixas fiscais para as empresas que se instalen no municipio, máis facilidades para o acceso ao solo industrial, simplificación administrativa e preferencias nas

ordes de axudas convocadas en réxime de concorrencia competitiva”, explica a voceira do PP.

Os populares tamén piden que compareza a concelleira de Cultura para dar explicacións de forma minuciosa os gastos e ingresos das festas patronais de San Ramón e Santa María.

Os concelleiros tamén piden que o equipo de goberno presente un proxecto de orzamentos para o ano 2024, insista no control das condicións hixiénico-sanitarias do abastecemento de auga potable e estableza unha alternativa para poder estacionar na praza de Santa María en momentos puntuais como a celebración de funerais.

## O Pleno apoia unha proposta para mellorar 22 vías en 14 parroquias

O Pleno Municipal aprobou por unanimidade a proposta do tenente de alcalde Modesto Renda, relativa á renovación e mellora de 22 vías de titularidade municipal en 14 parroquias do rural vilalbés.

O primeiro proxecto, relativo á rexeneración e mellora de oito vías nas parroquias de A Torre, Soexo, Insuva, Oleiros e Distriz conta cun orzamento de execución por contrata de 145.544,06€.

O segundo, relativo á renovación e mellora de outros 14 vías nas parroquias de Sancovade, Román, Corvelle, Goiriz, Xoibán, Vilapedre, Lanzós e San Simón ascende aos 176.055 euros.

Un investimento total de 321.599,06€ en beneficio dos veciños e veciñas das parroquias procedentes na súa totalidade de fondos propios do concello de Vilalba. “Dixémolo e farémolo: O noso obxectivo é facer xustiza coas parroquias en materia de investimentos e isto só pode ser o comezo”, explicou Renda.

**SANCOVADE.** O Pleno Municipal aprobou por unanimidade a proposta do Vicealcalde Modesto Renda, relativa á rehabilitación integral da vía que une a Frouxeira co barrio de Paxán, na parroquia de Sancovade.

Unha actuación reivindicada polos veciños/as desta parroquia dende hai máis de 20 anos, que conta cun orzamento de execución por contrata de 22.022€ e que se adjudicará xa na anualidade.

**GOIRIZ.** Remataron as obras de mellora da vía que lle dá acceso aos barrios de Fabás e Graduín, en Goiriz.

Os traballos, financiados con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Municipais, realizáronse esta semana e obxectivo dos mesmos foi a limpeza de cunetas, o reforzo da base do fir-



me, a necesaria pavimentación mediante dobre rega asfáltica e a colocación de nova sinalización vertical. Renda, que contrastou a actuación coa veciñanza de ámbolos dous barrios, volveu facer fincapé na necesidade de lle “dar cumprimento ás demandas das parroquias como obxectivo irrenunciábel do Goberno Municipal”.

**SAMARUGO.** Outra obra que chegou ao seu fin foi a renovación e mellora da vía que dá acceso ao núcleo de Lobán, en Samarugo.

Unha necesaria actuación, que se complementou coa mellora doutras tres vías pertencentes tamén á parroquia de Samarugo. En concreto, os accesos ós barrios de Campo maior, Cornide e un ramal máis ó mesmo barrio de Lobán.

**PONTE RIBEIRA.** A Ponte Da Ribeira estará pechada ao tráfico ata que dean inicio das obras de reconstrución. Así o anunciou o tenente de alcalde Modesto Renda, quen fixo fincapé nas “razóns de seguridade” como o motivo principal da decisión que se vén de tomar dende a área de Mobilidade da que é o responsable.

O Concello, fixará como alternativa dous desvíos provisionais: O primeiro pensando nos veciños/as que acceden dende Goiriz e o segundo atendendo ós que o fan no sentido inverso dende San Simón.

Para os primeiros propónse a dirección O Pazo – Samarugo, pois O Pazo atópase despois da igrexa subindo cara a capela de San Xulián e, na mesma Capela, enlázase coa estrada que baixa da Escola de Corvelle cara San Simón.

Para os segundos, propónse tomar a dirección cara o barrio de Pude.

Renda, que o pasado 4 de novembro presentou en Samarugo o proxecto de reconstrución integral que o Concello de Vilalba, remitiu á Confederación Hidrográfica do Miño Sil e á Dirección Xeral de Patrimonio, e explicou que, “dende o primeiro día da lexislatura, se tivo claro que a obra era prioritaria e se actuou en consecuencia axilizando os trámites”.

O Concello deberá agora agardar polas dúas autorizacións sectoriais (a de patrimonio é precisa pola presenza dun cruceiro nunha marxe) e cando estas cheguen e as circunstancias climatolóxicas o permitan, executar as obras de reconstrución.



**constru fer**

Saneamentos, construción  
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:  
[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)



**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

**SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO**

**FISIOTERAPIA**  
Deportiva  
Neurolóxica  
Traumatolóxica  
Drenaxe Linfático  
E.P.I. / EPTE

**TRATAMIENTOS**  
Accidentes de tráfico  
Lesiones Deportivas  
Neurológico  
Traumatológico  
Ondas de Choque  
Radiofrecuencia  
Game Ready  
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

[www.boasmans.com](http://www.boasmans.com)  
info@boasmans.com



# “A xente busca un trato persoal e unha atención individualizada”

Zafiro Tours é unha axencia de viaxes que nace en Vilalba hai pouco máis dun ano. Falamos con Ana, para coñecer todos os servizos que ofrecen

## Que é Zafiro Tours e cando comeza a funcionar?

Zafiro Tours é unha franquicia de axencias de viaxes coa que comezamos os trámites en maio do 2022. Unha vez me explicaron como é o funcionamento e tras recibir unha formación abrimos ao público o 2 de outubro de 2022.

## Que tal a experiencia durante este primeiro ano?

Pois a verdade é que moi ben, coa competencia que hai actualmente con internet eu pensei que quizás nos ía custar un pouco máis, pero a verdade é que a xente está volendo moito ás axencias de viaxes. Isto pode ser polo trato persoal, a atención individualizada ou por a axuda na resolución de calquera imprevisto, polo que a nosa valoración neste primeiro ano é moi positiva.

## Cal foi o motivo para emprender neste negocio?

Unha das razóns foi porque en Vilalba non existía este servizo de axencia de viaxes pero tamén foi pensando na xente maior. Dende Zafiro Tours levamos viaxes do Imsero e

pensando en toda a xente que tiña que desprazarse a outros municipios para poder facer estas reservas. Polo tanto este servizo de axencia de viaxe era necesario na vila.

## Realizan viaxes a medida ou en paquetes?

Facemos viaxes a medida, en paquetes e calquera formato que o cliente solicite, nós adaptámonos sempre ás necesidades dos clientes.

**“Cada vez estamos realizando máis viaxes en grupos, de escolares, empresas ou asociacións”**

## Que é o que máis solicitan os clientes?

Nós o que máis traballamos é o vacacional e especialmente familias, pero cada vez estamos realizando máis viaxes de grupos, desde escolar, empresa ou asociación.

## Traballan con todos os destinos do mundo?

Si, traballamos con calquera destino que o cliente solicite tanto nacional como internacional.

## Que é o máis importante á hora de contratar unha viaxe?

Hoxe en día para realizar calquera viaxe, tanto internacional como nacional, nós cremos que o máis importante é realizalo a través dunha axencia de viaxe. Actualmente teñen moita popularidade as compañías de baixo custo e ante calquera imprevisto, os clientes atópanse sós. En cambio, cando unha persoa contrata unha viaxe a través dunha axencia conta co respaldo duns profesionais que farán todo o posible por buscar solucións aos problemas. Estes problemas non teñen porque xurdir sempre do produto que se contrata como un voo cancelado ou un hotel que non se corresponde co que reservamos, senón que a nivel persoal podemos ter calquera imprevisto que nos obrigue a volver antes. Por iso contar con persoal especializado e



disposto a axudar é importante.

## Que é o que máis valoran os clientes?

O trato personalizado e a atención individualizada que realizamos. Saber que ante calquera problema cando te vas de viaxe estamos dispoñibles, é unha tranquilidade, eu penso que iso a xente valóralo moito.

## Teñen agora algunha promoción?

Comezamos xa coa venda anticipada do verán e é importante lembrar que planificando e reservando as vacacións con antelación é posible

conseguir mellores prezos e aforrar. Polo tanto se alguén xa sabe en que datas terá as vacacións esperámo-lo en Zafiro Tours para organizar unha viaxe a medida.

## Onde os poden atopar e que horario teñen?

Estamos na rúa Campo de Puente número 2 de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 e de 15.30 a 18.00 horas, sábados con cita previa. Polas tardes se alguén non pode nese horario tamén atendemos con cita previa.

## DECEMBRO

**22 Decembro:** 17.00 Contacontos "O Apalpador conta con vos" a cargo de Caxoto. Trae a túa cartal.

**23 Decembro:** De 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 Obradoiro de decoración de árbore

**24 Decembro:** De 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 Obradoiro de Postais de Nadal

**26 Decembro:**  
11.00 a 14.00: Obradoiro de Chapas  
16.00 a 20.00: Cociña de Nadal

**27 Decembro:**  
11.30 a 13.00: Obradoiro de adornos e felicitacións a cargo de AFALU  
11.00 a 14.00: Obradoiro de Nadal  
16.00 a 20.00: Photocall Bola de Neve Xigante

**28 Decembro:**  
Troco de libros durante toda a Xornada  
11.00 a 14.00: Obradoiro de Marcapáxinas Santos Inocentes  
16.00 a 19.00: Visita de Mickey e Minnie Mouse  
19.00 a 20.00: Grupo NC Panxoliñas de Nadal

**29 Decembro:**  
Troco de libros durante toda a Xornada  
11.00 a 14.00: Obradoiro de llaveros  
16.00 a 20.00: Obradoiro Maquillaxe de Nadal

**30 Decembro:**  
11.00 a 14.00: Obradoiro de marcasitos  
16.00 a 20.00: Festa de Animación infantil

**31 Decembro:**  
11.00 a 14.00: Carriño de Palomitas e algodón de azucre

## PROGRAMACIÓN DE NADAL

## XANEIRO

**02 Xaneiro:** Festa Especial "As Alturas" Whipeout (Hinchable de 13 metros)

**03 Xaneiro:**  
11.00 a 14.00: Obradoiro de Cartas os Reis Magos  
16.00 a 20.00: Obradoiro de Chapas

**04 Xaneiro:**  
11.00 a 14.00: Obradoiro de globoflexia  
17.00: Contacontos "Un paxe Real en apuros" a cargo de Caxoto. Trae a túa carta para darlle o Paxe.

CARPA INSTALADA NO CAMPO DA FEIRA



# As Pontes prepárase para o Nadal

O Concello das Pontes presentou a programación de Nadal, unha proposta que inclúe unha vintena de actividades coas que o goberno local busca, en palabras da responsable de Cultura, Lorena Tenreiro “dynamizar o pobo non só desde o punto de vista cultural senón tamén social e económico, con actividades dirixidas a todos os públicos, con maxia, música, contacontos, pasacalles sen esquecer as propostas de lecer para a rapazada e a tradicional cabalgata de reis”

A programación de Nadal arrancou o venres, 1 de decembro, ás 20.30 horas, no Parque Municipal, co acendido da iluminación de Nadal.

O xoves, 14 de decembro, ás 18.00 horas, na Casa Dopeso será a quenda para Tarabelos, títeres e contacontos coa súa obra Un nadal cheo de contos, unha actividade englobada dentro da programación dos Xoves na Biblio.

O venres, 15 de decembro, ás 20.00 horas, o mesmo escenario, a collerá o Festival de Nadal da Rondalla Vila das Pontes. A programación continuará o sábado, 16 de decembro, no Auditorio Municipal Cine Alovi, ás 18.00 co espectáculo Los viajes de Bowa, da compañía La Gata Japonesa, unha proposta, dirixida ao público familiar, na que se mistura a maxia, co circo, as acrobacias aéreas



e o humor e o luns, 18 de decembro será a queda para o Conservatorio de Música Profesional das Pontes, co seu concerto Peque Nadal.

O día 20 de decembro, ás 19.00 horas, o Auditorio Municipal acollerá a obra Alma de Tigre da compañía Elefante Elegante, a historia dunha familia encerrada nunha casa desfeita a través de cuxas gretas se filtran os segredos do pasado e dunha heranza envelenada, na que os personaxes se rebelan contra un mundo do que xa non poden escapar.

A programación de Nadal continuará o xoves, 21 de decembro, ás 19.00 horas, na Casa Dopeso, co concerto de Clarisax Band e o alumnado do Conservatorio de Música Profesional

das Pontes. O día 22, ás 18.00 horas, na Casa Dopeso, Picariños presentará o seu Festival de Nadal e o para o día 23 de decembro, o departamento de Cultura do Concello das Pontes programou a espectáculo Invisibles de Voilá Producciones, a historia de Mía e a súa amiga invisible. Será no Auditorio Municipal Cine Alovi, ás 18.00 horas.

Por outra banda, a partir do 26 ao 30 de decembro e do 2 ao 4 de xaneiro, o patio do Colexio Santa María acollerá a proposta Tempo de Nadal, dirixida a nenas e nenos, de entre 3 e 14 anos, a través da que poderán gozar de diferentes obradoiros e actividades.

Así mesmo, os días 24 e 31 de decembro as charangas Os Celtas e a Charanga da Carmiña, animarán ás rúas da vila. Así mesmo, o día 27 de decembro, achegárase ata As Pontes o pasacalle Animacreques da compañía Catro Pés e o 3 de xaneiro será a quenda para Projeto Ez coa súa proposta de animación de rúa A Caravana.

O día 28 de decembro, *O apalpador e a nena sen medo*, verase un contacontos de nadal que chegará a Casa Dopeso, ás 18.00 horas, da man da Xanela do Maxín ao abeiro da programación dos Xoves na Biblio.

O día 29 de decembro (auditorio Cine Alovi, 20.30 horas) será a queda para o concerto de Black, a banda galega que nos achegará á música soul,

## CAMPAÑA DO COMERCIO



A Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios (Cohempo) anima o consumo do Nadal cunha nova iniciativa na que se reparten oito premios por un total de 3.100 euros, sete de 300 euros e 1 de mil euros. Segundo as bases desta campaña, quen compre en calquera dos 42 comercios de distintos sectores que participan nesta iniciativa, ata o 6 de xaneiro, recibirán vales para os sorteos previstos o día 14, 21, 28 e 11 de xaneiro. Os premios consisten en vales para gastar no comercio local.

a esa música de voces negras que alimentan a alma e a sensibilidade e que, a día de hoxe, só podemos oír, na súa maioría, en vellas gravacións. Xa o sábado, 30 de decembro, a partir das 12.00 horas, o público poderá gozar o Concerto de Nadal da Banda Cultura e Recreativa Vila das Pontes. As propostas culturais continuarán o día 4 de xaneiro co espectáculo de maxia, Rock&Magic do Mago Teto, no Auditorio Municipal Cine Alovi, a

partir das 18.00 horas. Un espectáculo de música e ilusións.

A programación de Nadal terá o seu broche de ouro o día 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata de Reis Magos, que sairá ás 18.00 da Rúa Monte Caxado para facer o seu percorrido habitual e rematar coa recepción real.

Toda esta programación complétase coas proxeccións cinematográficas para o mes de decembro.

## CONCURSO DE DECORACIÓN

A Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses pon en marcha un ano máis o seu concurso de decoración de Nadal. Os interesados poden inscribirse ata o domingo 17 de decembro. Hai distintas categorías: casas, edificios, clubs e asociación. Os interesados en participar deberán enviar as súas fotografía. Cada persoa só pode presentar unha única candidatura e a proposta está aberta á veciñanza do termo municipal das Pontes.



O día 28 de decembro, *O apalpador e a nena sen medo*, verase un contacontos de nadal que chegará a Casa Dopeso, ás 18.00 horas, da man da Xanela do Maxín ao abeiro da programación dos Xoves na Biblio.

O día 29 de decembro (auditorio Cine Alovi, 20.30 horas) será a queda para o concerto de Black, a banda galega que nos achegará á música soul,

## GALA BENÉFICA

Este ano a gala de Nadal do Club Patín das Pontes ten unha causa benéfica, xa que queren poñer o seu gran de area para axudar á veciña do Concello Elena, que sofre a síndrome de RETT. Será o venres 22 de decembro a gala benéfica Patinando por Princesas. A cita comezará ás 20.30 no pavillón municipal. As entradas para a gala teñen un prezo de 5 euros e serán doados, en nome de Elena, á asociación Princesas Rett. Haberá tamén unha fila cero para facer doazóns.



## Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?





# MERCA EN VILALBA

"EN NADAL TODO O QUE PRECISAS TELO NA CASA"

## SORTEO DE NADAL

4 Premios de 250 €  
5 Premios de 100€  
20 Premios de 50€

DENDE O 5 DE DECEMBRO ATA O 6 DE XANEIRO  
MÁIS INFO: [WWW.VILALBA.GAL](http://WWW.VILALBA.GAL)

### O FOLIÓN DO ZAMPÓN 23 de Decembro ás 12:00h

Espectáculo de animación de rúa dirixido a todos os públicos.  
Mediante unha serie de fantásticos e singulares personaxes  
Fantoques Baj dará vida a unha aventura sorprendente.



CONCELLERÍA DE COMERCIO E TURISMO  
PROMOCIÓN DA LINGUA

## PROGRAMACIÓN CULTURAL NADAL 2023

**MARTES 5 DE DECEMBRO**

### ENCENDIDO DE LUCES DE NADAL

PANXOLIÑAS CORAL LUAR: Programa Tradigalu Deputación de Lugo  
Acompañados por Álvaro Costas á Gaita.  
PRAZA DE SANTA MARÍA 18:00H

MITIC CHRISTMAS FAMILY  
de Álvaro Costas. AUDITORIO MUNICIPAL 20:30H

**SÁBADO 9 DE DECEMBRO**

### RUNNING

Obra de teatro representada por  
DeSte Xeito Productora

AUDITORIO MUNICIPAL 20:00H

**SÁBADO 16 DE DECEMBRO**

### RECITAL NADAL CONSERVATORIO

AUDITORIO MUNICIPAL 20:30H

**SÁBADO 23 DE DECEMBRO**

### CONTO DE NADAL

Espectáculo familiar no que ver a Manuel Manquiña, Pepe Suevos e Ocaband  
AUDITORIO MUNICIPAL 19:00H

**VENRES 29 DE DECEMBRO**

### EL LIBRO DE LA SELVA "La Aventura de Mowgli" EL MUSICAL

AUDITORIO MUNICIPAL 19:00H

**DOMINGO 17 DE DECEMBRO**

### XABIER DÍAZ E AS ADUFEIRAS DE SALITRE

ENTRADAS: [Ataquilla.com](http://Ataquilla.com)  
AUDITORIO MUNICIPAL 19:00H

**LUNS 25 DE DECEMBRO**

### CONCERTO DE NADAL

Banda de Música  
de Vilalba  
AUDITORIO MUNICIPAL 20:00H

**SÁBADO 30 DE DECEMBRO**

YO LATABA A EGB DJ Frisco e Marcos Peón  
Ofrecerannos no escenario Emprazadas grandes éxitos dos 80,90 e 2000. PRAZA DE SANTA MARÍA 20:00H

EMPRAZADAS  
Praza de Santa María



CONCELLERÍA DE CULTURA





## Ábrese o trámite para proxectos de aproveitamento hidroeléctrico do río

A Xunta abre o trámite de competencia de proxectos ante a solicitude recibida pola empresa Canerde S.L para unha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Eume, no concello das Pontes.

A empresa solicita a concesión dun caudal de auga de 170 m<sup>3</sup>/s procedente do río para o aproveitamento hidroeléctrico para unha central hidroeléctrica reversible.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, publica hoxe no DOG o anuncio polo que se lle dá inicio á dita tramitación: No seguinte enlace poderase ampliar a información neste enlace.

Coa publicación deste anuncio no DOG comeza o trámite de competencia para que no prazo dun mes o solicitante presente a instancia, así como o proxecto e demais documentación requirida.

A empresa solicitante tamén deberá achegar o estudo ambiental que recolla e avalíe as afeccións do proxecto conforme a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

## A Mesa contra a Violencia de Xénero fai balance



A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero (MLCI) volveu reunirse na Casa Dopeso. A cita contou coa participación de distintas administracións e servizos públicos con competencias de prevención, detección e intervención ante as violencias de xénero que a conforman.

Nesta ocasión, tras poñer en común os avances e análise da situación das violencias de xénero no municipio, deuse paso a valorar a campaña no marco do Día Internacional pola Eliminación das Violencias contra as Mulleres. Esta campaña municipal celebrada ao longo dos meses de novembro e decem-

bro do corrente ano cuxo lema é *Non as fagas invisibles. Arina a mirada* buscou reflectir e concienciar sobre a realidade que viven moitas mulleres en situación de violencia de xénero no ámbito da parella.

As entidades asistentes incidiron que a campaña resultou ser moi innovadora traendo variedade de accións e materiais como vídeo, actividades dirixidas ás mulleres, folletos informativos, recital poético e puntos violetas, obra de teatro, que chegaron a moita xente. Ademais, destacaron que a mensaxe proporcionada pola campaña era realista, clara e reflectía coherencia, sendo adecuado para estes momentos.



## Os traballadores de Einsa desconvocan a folga

Os traballadores da empresa Einsa Print, con sede nas Pontes, puxeron punto e final á folga indefinida que iniciaran o pasado 26 de novembro. Tras desconvocar o paro, xurdido polo ERE presentado pola empresa, os empregados regresaron aos seus postos de traballo.

A folga xurdiu como reacción á decisión da compañía que afectaba a 135 traballadores da planta do Concello das Pontes, que sufrirían os despedimentos.

Os empregados, que reclamaban a paralización do ERE e a continuidade dos postos, tomaron a decisión de cesar a folga xa que Einsa solicitou a desestimación do expediente

de emprego ao non conseguir un acordo na negociación.

Ao mesmo tempo, a Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia aprobou unha proposición non de lei instando á Xunta a que se dirixa ao Goberno central para solicitar unha "transición xusta" para As Pontes de García Rodríguez ante o "peche imposto" da central térmica da localidade.

Tamén se solicita información sobre a dispoñibilidade de potencia e a súa evacuación, "xa que a día de hoxe a capacidade de evacuación do nó das Pontes é de cero megawatts".

### SABOREA AS PONTES



Entregáronse os premios da décimo terceira edición do concurso de tapas Saborea As Pontes, na que participaron 15 establecementos hosteleros da vila. O Bar El Jardín obtivo o galardón a Mellor tapa pontesa valorada polo público así como co título de Mellor tapa pontesa, elixida por un xurado profesional. Durante o acto tamén se fixo entrega de nove premios, de 200 euros cada un, entre todas as persoas que cubriron os boletos do concurso de tapas.

## O Concello e Adiante apostan pola prevención da drogodependencia

A asociación local Adiante, coa colaboración do Concello das Pontes, puxo en marcha un programa de prevención da drogodependencia, entre a rapazada, a través da educación emocional.

Tania Pardo, concelleira de Benestar Social, na presentación do obradoiro no IES Castro da UZ, sinalou que "son moitas as investigacións que asocian o consumo de drogas cunha menor competencia nas relacións sociais e a través destes obradoiros búscase traballar as competencias condutuais, sociais, cognitivas e emocionais co obxectivo de que

a rapazada poida mostrarse máis competente para establecer vínculos prosociais e facer fronte ás presións do ambiente favorables ao desenvolvemento de condutas de risco para a saúde".

Os obradoiros, desenvolvidos por Adiante, buscan promover no alumnado de secundaria da vila un coñecemento sobre a propia persoa e fomentar a adquisición de habilidades e valores protectores, conectando coas diferentes relacións e contextos nos que se desenvolve por medio de sesións nas aulas e sesións individuais.

Durante as sesións nas aulas, o persoal de Adiante observará o funcionamento dos grupos para avaliar as posibles condutas de risco por medio da avaliación de habilidades e competencias sociais e emocionais tales como a escoita activa, a cooperación, a empatía, a expresión emocional ou a toma de decisións. Nas sesións individuais, que se realizarán fóra do grupo, co alumno e a súa familia, ofrecerase apoio ás persoas participantes en aspectos relacionados co malestar emocional, as condutas disruptivas na aula ou posibles condutas de risco.

**AZULEJOS Y  
PORCELÁNICOS  
DESDE 4€**

**MUEBLES DE BAÑO  
DESDE 99€**

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet  
**sótano** GARANTÍA DE CONFIANZA  
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos  
& muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"

**LIQUIDACIÓN  
DE STOCK ANUAL**

(Sólo hasta el 15 de enero)



## O Programa de Emprego logra a inserción laboral de 61 persoas

A cuarta edición do Programa Integrado de Emprego das Pontes, posto en marcha coa colaboración dos concellos da Capela e As Somozas e subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e cofinanciado polas entidades locais a inserción laboral do 42% do seu alumnado.

Así, ao abeiro deste programa, no que participaron un total de 100 veciños e veciñas procedentes dos concellos das Pontes, A Capela e Somozas foron 61 ás persoas que, durante o transcurso do programa, lograron un contrato de traballo, tanto no ámbito público como no privado. As insercións laborais realizáronse en ámbitos cunha ampla demanda de persoal por parte do tecido industrial e comercial do municipio, estando, maioritariamente, relacionadas cos sectores da limpeza e limpeza industrial, construción, sector eólico, alimentación, seguridade, hostalaría ou transporte sanitario.

A Concelleira de Industria, Ana Pena, deu a coñecer estes datos durante o transcurso do acto de clausura da cuarta edición do Programa Integrado de Emprego das Pontes, acto no que estivo acompañada polo alcalde da Capela, Manuel Meizoso



e o alcalde de Somozas, Juan Alonso Tembrás, o equipo directivo e o dinamizador do IES Castro da Uz así como representantes das empresas que acolleron ao alumnado en prácticas, o profesorado das distintas formacións levadas a cabo nesta edición e a coordinadora do Programa Integrado de Emprego.

A concelleira tamén lembrou que desde a posta en marcha dos Programas Integrados de Emprego, no ano 2017, xestionáronse case 360 ofertas de emprego e foron 223 ás persoas que atoparon un posto de traballo, 44 durante o programa do ano 2017-2018, 56 durante a edición do ano 2019, exclusiva para mulleres, e 62 contratos durante o programa 2019-2021 que tivo que ser

prorrogado por mor da pandemia e 61 durante esta última edición, alcanzándose, en todas as edicións os compromisos de insercións do programa, superando 40% todos os anos.

As Pontes contará cunha nova edición do Programa Integrado de Emprego, que se puxo este mes dirixido a promover a inserción laboral 100 homes e mulleres desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral, “trátase dunha nova oportunidade para mellorar a ocupabilidade e inserción laboral da veciñanza da vila ofrecéndolle unha ferramenta de axuda e acompañamento especializado co que desenvolver as súas competencias persoais, sociais e laborais” subliñou.

## Rematan as obras na rúa Cabanas e en Tras do Río

As obras de renovación de servizos públicos e pavimentos na rúa Cabanas, un proxecto, financiado a través do POS 2022 da Deputación da Coruña, cun orzamento de 195.452 euros, entra na súa fase final coa execución da nova capa de rodaxe

Así, procedeuse a extensión dunha capa de rodaxe de mistura quente, unha vez finalizada a renovación das beirarrúas do viario na que se apostou pola eliminación das barreiras arquitectónicas.

Esta actuación ademais permitiu a execución dunha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, nas dúas marxes da rúa. Unha rede dotada cos correspondentes sumidoiros, con arquetas de recollida de acometidas das vivendas, e que ten como obxectivo prioritario o control do aporte de augas limpas ao sistema de depuración municipal.

A actuación tamén incluíu a execución dunha nova canalización para a iluminación pública, ao longo de toda a beirarrúa dereita, e a substitución da canalización de alimentación desde o cadro xeral a toda a zona para iluminación e comunicación.

As obras tamén contemplaron a instalación de mobiliario urbano; bancos, papeleiras e xardineiras, realizadas en madeira de elondo, vernizado especial e accesorios de aceiro inoxidable. Os traballos rematarán coa reposición da sinalización viaria.

**MELLORA DE CAMIÑOS.** Remataron tamén os traballos de mellora de tres camiños municipais en Tras do Río, na parroquia do Freixo.

O proxecto, cun orzamento de 29.763 euros, con cargo ao Agader, tivo como obxectivo a rehabilitación dos tres viarios para dotalos dunha óptima calidade tanto superficial como estrutural, conseguindo así mellorar a comodidade e seguridade que se esixe neste tipo de vías.

As obras realizadas incluíron actuacións de varrido de superficie e limpeza de marxes; procedeuse á limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invadía a vía e reparáronse as fochancas e zonas afundidas mentres que as zonas lixeiramente deformadas regularizáronse mediante formigón bituminoso.

“ Os meus mellores desexos de ilusión, Saúde e Felicidade a ti e aos teus neste novo ano 2024 ”

José A. Santos Sánchez





## Remata o proxecto de ordenación de terras a través de permutas

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Comarca de Lugo, coordinador do proxecto de cooperación xunto cos GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes e GDR Terras de Pontevedra Norte de ordenación territorial da terra agraria a través do sistema de permutas, celebrou o acto de clausura despois de dous anos nos que se superaron amplamente as expectativas, tanto no número de hectáreas como no de propietarios que solicitaron adherirse.

A apertura do acto foi realizada por José Ángel Santos Sánchez, alcalde de Friol e presidente do GDR Comarca de Lugo, para seguidamente celebrar unhas mesas redondas na que participaron os representantes dos GDRs do proxecto e o elator no

seu momento do proxecto de Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, Elena Candia, así como os xerentes dos GDRs colaboradores do proxecto. Tamén tivo lugar a presentación técnica de obxectivos alcanzados por parte de Miguel Rodríguez de Sial Ingeniería, S.L.

Segundo dixo Santos, "a reordenación da terra é fundamental para as explotacións activas e para atraer os nosos municipios novos emprendedores, así como para fixar poboación nas nosas comarcas. Non debemos esquecer que ademais debemos procurar que as ferramentas que se empreguen para a reordenación da terra agraria, sexan áxiles e respondan as necesidades reais e particulares de cada unha das explotacións gandeiras".

## Aumenta o número de usuarios do servizo de Madrugadores

Friol apostou fai tres anos por intentar facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos seus veciños e veciñas, e para iso decidiu poñer en marcha un servizo de madrugadores no curso 2020-2021. Deste servizo de madrugadores poden aproveitarse as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo foi medrando ano tras ano, e no presente curso 2023-2024 conta xa con mais de 20 persoas inscritas, que fan uso do mesmo durante esas primeiras horas do día, antes de entrar no colexio. Este é o mellor indicador de que é un servizo necesario, útil e que funciona ben.

O servizo está dispoñible dende as 7.45 ata as 9.45, que é cando xa comeza a xornada escolar. Lévese a cabo dentro do recinto escolar, e o persoal encargado de atender as necesidades dos usuarios xa os levan



para a clase correspondente cando comeza o horario lectivo do centro, ás 9.45, como xa se indicou.

Con este xesto, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir establecer a súa unidade familiar ao pobo e matricular aos seus fillos e fillas no centro escolar público de Friol.

O Servizo de Madrugadores está

sendo subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa interesada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 euros por todo o curso escolar.

Aínda pode realizarse a inscrición nas oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico [info@concellodefriol.es](mailto:info@concellodefriol.es). O impreso de solicitude de inscrición pode atoparse na páxina web do Concello.

## Organizan os obradoiros de Nadal e a festa de Reis

O Concello de Friol organiza un ano máis os seus obradoiros de Nadal para os máis cativos. Nesta edición poderán participar nenos e nenas de Friol, desde os 4 ata os 14 anos. As actividades comezarán o martes 26 e rematarán o mércores 4 de xaneiro.

Trátase dunha serie de propostas que terán lugar en horario de mañá, dende as 10.00 ata as 14.00 horas. Levaranse a cabo nas instalacións que ten o Concello ao lado do centro escolar público, e que son as mesmas que acollen o servizo de madrugadores durante os días lectivos. É necesario inscribirse nas oficinas do Concello antes do 19 de decembro.

Tamén organiza a súa tradicional Festa de Reis. Os máis cativos poderán

gozar da cita que se celebrará, como vén sendo habitual, no pavillón municipal o día 5 de xaneiro.

Poderán asistir os nenos e nenas que recibiran nas súas casas a entrada para o festexo, que comezará ás 17.00 horas. Cada unha das entradas están personalizadas e levan un número grazas ao cal poderán participar nun sorteo de numerosos agasallos que se realizará esa mesma xornada, polo que deberán levar o ticket.

Durante a festa poderán entregar aos Reis Magos as cartas que escribiron para eles. Ademais, tamén poderán gozar de inchables, xogos, entrega de diplomas dos obradoiros de Nadal e poderán desgustar un chocolate con biscoito.

### POLO DE EMPREGO



O Polo de Friol organizou en Antas do Ulla nunha nova actividade dos Venres dos Polos, que organiza a Xunta para dar un pulo ao emprendemento nas diversas zonas de Galicia. Nesta ocasión, interveu na actividade Emprendemento con compromiso, onde se presentou a historia de Pazo de Vilane e, coa súa fundadora, falou de aposta polo emprendemento rural, de valores e compromiso ou de xestión do cambio e como afrontar dificultades. O polo de Friol xa leva atendido un total de 42 proxectos: un 33% deles pertence a actividades profesionais, científicas e técnicas, un 14% a hostalería e un 12% ao sector da información e comunicacións.

### Friol reparte o seu calendario anual

Un ano máis, o Concello de Friol elaborou un calendario para repartir entre os veciños da localidade. Nesta ocasión, para ilustrar o ano 2024 utilízanse imaxes dos produtos da zona, para poñer en valor a variedade e calidade da hostalería local.

"A nosa gastronomía baséase no esforzo continuo mantido durante xeracións para obter os mellores manxares.

Grazas ao bo saber e bo facer das nosas xentes, os produtos de Friol son ricos en calquera das variedades en que se presentan. Neste calendario que chegará a todas as vivendas do municipio ofrecemos en imaxes a riqueza da nosa gastronomía local", explicou o alcalde, José Ángel Santos. O Concello fai todos os anos o envío do almanaque xunto coa felicitación do Concello aos veciños.

**POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA**

**CARACOL+**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • [decoplusvilalbo@gmail.com](mailto:decoplusvilalbo@gmail.com) 982 887 932/604 049 938 • [caracol.plus](http://caracol.plus)





© Lucía Cobo







## O delegado supervisa as obras realizadas con aportación estatal

Marisol Morandeira acompañou ao delegado do Goberno, Pedro Blanco, na súa visita a Guitiriz para supervisar os investimentos que a administración estatal levou a cabo nos últimos anos no municipio.

Comprobou o resultado das obras executadas nas instalacións da Estación de Tratamento de Auga

Potable, cofinanciadas polo Goberno central cunha subvención de 261.920 euros.

Tamén supervisaron outros proxectos financiados con fondos estatais, como a humanización da travesía urbana da N-VI, a construción do Pump truck ou a mellora da accesibilidade na rúa Tralouteiro.

## Convocan de novo os obradoiros de meditación

O Concello de Guitiriz abriu o prazo de inscrición de Mentés en Calma e Mindfulness, dúas actividades para buscar a calma que terán lugar na Casa Barxa desde o 9 de xaneiro ata o 11 de xuño.

Os obradoiros pretenden tratar a ansiedade e mellorar o autoconcepto e autoestima a través do mindfulness, a creatividade e a meditación.

Mentés en Calma, aberta ao público en xeral, constará de dúas sesións mensuais os martes en horario de

18:45 a 20:00 horas.

Mindfulness, pola súa parte, estará dirixido a mozos e mozas de entre 12 e 20 anos e terá dúas clases mensuais os martes ás 18.00 horas, cunha duración total de 40 minutos.

**BIBLIOTECA.** Ampliouse o prazo de participación do concurso de deseño para da mascota oficial da Biblioteca. A proba consiste en deseñar un personaxe ao que lle encante vivir entre os libros e lle entusiasme a lectura.

## Música, inchables e obradoiros destacan no programa de Nadal

Guitiriz celebrará as festas do Nadal cunha programación de actividades na que tanto pequenos como maiores poderán gozar de inchables, obradoiros, karaoke ou baile e, como non, da visita do Apalpador e dos Reis Magos.

O venres 15 de decembro, as rúas e edificios de Guitiriz iluminaranse co acendido de luces de Nadal. Logo, do 22 de decembro ao 5 de xaneiro, instalarase unha carpa no Campo da Feira onde se desenvolverán as diferentes actividades.

Nesa carpa haberá todos os días inchables e diferentes actividades: obradoiros de cociña, de postais, de decoración de Nadal, sesións de maquillaxe, bailes, karaoke, globoflexia, música en directo e algunhas



sorpresas máis.

Ademais, os máis pequenos recibirán a visita do Apalpador o 22 de decembro e, antes da cabalgata de Reis, o 4 de xaneiro un paxe real pasará polo Campo da Feira a recoller as peticións dos máis pequenos

ás Súas Maxestades de Oriente.

En colaboración cos empresarios do municipio, repartirase 2.250 euros en vales regalo na campaña de promoción de comercio local baixo o lema *Mercar no Concello de Guitiriz ten premio*.

## Guitiriz, fóra da rede de hidróxeno verde que ten axudas europeas

O tramo Zamora-Guitiriz da rede de hidróxeno verde mantense fóra na listaxe de Bruxelas de Proxectos de Interese Común (PCI), que poderán optar a financiamento comunitario. Pola súa banda, Enagás asegura que o desenvolvemento de proxectos como este está nas súas "previsións" e mostra "o convencemento de que é un hidroduto moi relevante, clave para conectar a Galicia co resto da rede española e apontoar o que será o hub enerxético do noroeste", segundo publicou o seu conselleiro delegado, Arturo Gonzalo Aizpiri,

nun comentario do seu perfil público na rede social LinkedIn.

Hai agora un ano, a comunidade galega presentou a alianza industrial galega do hidróxeno verde, que busca converter a Galicia en "referente internacional". Nese acto, o presidente galego, Alfonso Rueda, esixiu "que se rectifique" e "sexo unha realidade o corredor atlántico" coa conexión Guitiriz-Zamora.

A Comisión Europea incluíu o proxecto do corredor de hidróxeno, do que forman parte España, Francia, Portugal e Alemaña, na listaxe de

Proxectos de Interese Común (PCI), que poderán optar a financiamento comunitario.

O candidato socialista á presidencia da Xunta, José Ramón Gómez Besteiro, afirmou que Galicia debe contar "si ou si" con hidroduto, unha infraestrutura "esencial para aproveitar o noso potencial enerxético". "Que Galicia non conte cun hidroduto sería igual de ilóxico que excluír á Ríoxa dun potencial viñoduto", afirmou Besteiro. O PP pide ao Goberno central que se financie con fondos europeos o hidroduto.

**mybike** Lugo

**OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA**

**CONSULTANOS SIN COMPROMISO**

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

**Da sorte xa nos encargamos nos.**

A sorte está en  
**Loterías Alcázar**  
Administración de loterías dende 1927

17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!  
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018  
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060





## A escola dos Vilares celebrou o seu centenario cunha xuntanza

A escola dos Vilares celebrou o pasado sábado 9 de decembro o centenario da súa inauguración nunha xuntanza á que acudiron un gran número de persoas. O acto foi celebrado na propia escola e deu comezo ás catro da tarde. Ao longo de toda a xornada os participantes puideron desfrutar de obradoiros de regueifas, exposicións de fotos antigas do Vilares así como tamén cunha actuación musical dos Trapeiros dos Vilares. Para rematar a xornada os asistentes puideron degustar dun chocolate para todos.

Foi en setembro de 1923 cando esta escola abriu as súas portas para todos os nenos e nenas e, ao atoparse ben situada, este primeiro curso de 1923/1924 o mestre Manuel Cordeiro rematou dando clase a máis dun cento de rapaces.

A construción da escola deu os seus primeiros pasos no ano 1912 cando o presidente da asociación Vilares y su Comarca, Manuel Cancelo, firmou un contrato con Gregorio Díaz e outros canteiros para comezar a cortar pedras no Monte do Viso. Este primeiro contrato supuxo un gasto de 1250 pesetas. Os gastos da

construción da escola foron sufragados grazas ao diñeiro que mandaron os emigrantes organizados na asociación Vilares y su Comarca, que ademais de contar con emigrantes vilaregos tiña entre os seus socios a emigrantes nados en Santa Cruz, Buriz, Labrada, San Breixo, Aranga, Momán, Belesar, Muras, As Pontes ou en Ortigueira, que apoiaron solidariamente esa tarefa.

Manuel Cancelo Freire, natural da aldea de Ramos, contaba nos Vilares coa colaboración do crego da parroquia, Ramón López Otero, que foi quen mercou o terreo. A pesar de que nun primeiro momento a escola ía ser construída en Ramos, a aldea dos Vilares era na que máis nenos había daquela, e foi Ramón o que pensou en facela no máis céntrico da parroquia e ao lado da igrexa.

A obra para a construción da escola supuxo un investimento de 8907,23 pesetas e unha vez rematado o edificio o crego deu conta de todo o diñeiro gastado na súa construción á Sociedade Villares y su Comarca, creando, o 8 de xaneiro de 1933, un Consello de Administración que a dotara dos medios necesarios para o

seu funcionamento.

Despois de Cordeiro, pasaron por esa escola mestres como Vicente Fabregat, Anxo Rodríguez, Agapito Bustos, Eduardo Rodríguez, Uxío Pedreira, Xustino Rivera, Rosa e Andrés Pérez Carballeira, que a partir de 1933 viviu coa súa señora e as fillas na escola da Conchada, ata que unha doenza cardíaca o apartou da docencia a principios do curso 1968-1969.

Unha vez que o edificio da escola deixou de albergar docencia comezou a servir como espazo para uso e desfrute de todos os veciños dos Vilares. Nos comezos a escola era propiedade da parroquia pero na actualidade este edificio é da titularidade do Concello por iso a asociación de veciños solicitou de novo a propiedade da escola para a parroquia.

Agora que cumpre os cen anos esta escola que tantas lembranzas garda cómpre ser renovada. Lousala e poñela en valor; quitarlle o recebo e deixar á vista a beleza das pedras do Monte do Viso, poñerlle unhas portas e unhas fiestras apropiadas para tornar a humidade e que siga sendo un espazo de reunión e encontro.

### PRIMEIRO TORNEO DE PARCHÍS

A Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera do Concello de Guitiriz acolleu o I Torneo de Parchís, no que participaron 32 persoas, con idades comprendidas entre os 7 e os 80 anos. Nesta primeira ronda clasificáronse 16 veciños e veciñas que serán convocados para o vindeiro mes de decembro, data na que se definirá ao campión ou campioa desta edición. Durante a xornada inicial cada participante foi agasallado cun marcapáxinas, ademais de gozar dunha pequena merenda e un sorteo de libros.



CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

**CHAIREGOS**  
SERVICIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

**URXENCIAS**  
24 HORAS

**JRoca**  
INMOBILIARIA

**RP**  
ROCA & PRADO  
ABOGADOS

**Pravia, Vilalba**  
Dúplex | 0 Dorm | 0 Baño | 120m<sup>2</sup> 45.000€

En la calle de la Pravia de Vilalba (Lugo), se vende duplex en placa y sin divisiones, para que lo termine el que lo compre. Tambien se podrian hacer dos apartamentos, uno de 66 metros útiles y otro de 47 metros útiles. El edificio no dispone de ascensor.

**Calle Galicia, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 89m<sup>2</sup> 90.000€

Con una ubicación privilegiada, este inmueble cuenta con 3 dormitorios, sala, 2 baños completos, cocina y calefacción para tu comodidad. Además, podrás disfrutar de todas las ventajas de contar con ascensor y una plaza de garaje incluida en el precio. Si necesitas más espacio, también tienes la opción de adquirir el piso adyacente. Con una superficie de más de 180 metros, este piso te ofrece un amplio y acogedor hogar.

**Pravia 42, Vilalba**  
Dúplex | 3 Dorm | 3 Baños | 140m<sup>2</sup> 98.000€

En Vilalba (Lugo), se vende dúplex muy céntrico con la siguiente distribución: En planta baja tiene el salón, la cocina, un baño, un dormitorio, un aseo, una sala y un trastero y en planta alta, hay dos dormitorios y otro baño. La vivienda dispone de garaje, ascensor y calefacción individual. La propiedad también aceptaría alquilar con opción de compra. Si te puede interesar esta posibilidad, pregúntanos por las condiciones de la misma.

**Calle de Galicia, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 98m<sup>2</sup> 100.000€

En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un piso céntrico, de tres habitaciones y sala, dos baños (uno con bañera y otro con ducha), y cocina equipada. Dispone de calefacción, ascensor y una plaza de garaje. A mayores, si se precisa un piso mas grande, es posible comprar la vivienda que está al lado y que está disponible. La cual tiene una superficie de unos 89 metros cuadrados construidos, con el correspondiente incremento de precio. Es decir, se puede tener un piso de más de 190 metros cuadrados construidos con dos plazas de garaje.

**Calle Cospeito, Vilalba**  
Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 70m<sup>2</sup> 82.000€

En Vilalba (Lugo), en el edificio que hace esquina entre la Avda. Tierra Llana y la calle Cospeito ofrecemos en venta un apartamento totalmente amueblado de dos habitaciones, sala, cocina y baño. Dispone de calefacción, garaje, trastero y ascensor.

**Avenida de Galicia**  
Local | 50m<sup>2</sup> 51.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un local en planta de calle, totalmente instalado, en el que hay dos despachos, una sala de espera, un archivo y un baño.

**Emigración, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 164m<sup>2</sup> 100.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta vivienda unifamiliar, adosada, distribuida en dos plantas, en las que hay 4 habitaciones y sala, dos baños (uno en cada planta), cocina y un trastero. Dispone de calefacción de gas ciudad.

**Pravia, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 3 Baños | 210m<sup>2</sup> 95.000€

En Vilalba (Lugo), se vende piso muy céntrico, de 197 metros cuadrados, con vistas sobre la alameda de la localidad. Se vende sin acabar, para que lo termine el comprador a su gusto. Cabe incluso, dado el tamaño del piso, segregarlo en dos.

**Placido Peña, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 2 Baños | 202m<sup>2</sup> 70.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta una vivienda unifamiliar con terreno. Está reformada en parte y se divide en planta baja, planta primera y planta bajo cubierta. El suelo del piso está puesto completamente nuevo.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles  
Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

[www.rocabogados.info](http://www.rocabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)



# Meira arrancou cunha festa un completo programa de Nadal

Meira arrancou o Nadal por todo o alto cun programa de actividades que xa se abriu coas actividades de ACEA Meira coa apertura do concurso de decoración.

O programa abriuse cunha obra de teatro e o tradicional rastrillo benéfico organizado pola Confraría Nosa Señora do Pedregal, na igrexa. O venres 15 continuarán coa presentación, as 20.00 horas, do libro de Xulio Pardo de Neyra, Ollos azuis. Será na casa do concello. Ao día seguinte terá lugar o tradicional concerto de Nadal a cargo da Escola de Música local. A actuación será ás 21.00 horas na casa da cultura con entrada de balde ata completar aforo. Repetirá actuación o día 30, ás 20.00 horas.

O domingo 17 está previsto celebrar unha gala benéfica organizada pola ANPA do IES Pedregal de Irimia con recollida de doazóns contra o cancro. Será na casa da cultura, a partir das 18.30 horas e terá acceso limitado. O prezo de entrada é de 5 euros pero para os menores de 12 anos será de balde.

O día 23 estará dedicado a Avelino Díaz, xa que se fará unha audición dos novos temas da Quenlla, dedicados ao poeta meirego, actividade que se desenvolverá na casa da cultura a partir das 20.30 horas.

Meira contará este ano novamente cun belén vivente e coa cabalgata tradicional como actos centrais da celebración das festas de Nadal, organizadas en colaboración coa anpa

do colexio e a confraría local.

O belén vivente terá as súas representacións os días 25 de decembro e o 6 de xaneiro, como todos os anos na igrexa de Santa María ás 13.00 horas. Formarán parte deste belén os rapaces do colexio, que encarnarán as diferentes personaxes do nacemento, que volverá ter unha temática que unirá a todos.

Ademais, o día 5 de xaneiro terá lugar de nova a cabalgata de Reis, que sairá pola tarde dende a praza do Concello e paseará polas rúas de Meira ata o pavillón, onde os Reis Magos se sumarán á festa que se organiza para poder recoller as cartas dos pequenos e escoitar as súas peticións.

Como todos os anos, os Reis perco-



rerán o camiño ata o pavillón sobre as súas carrozas.

Completa a programación o día 31, unha festa de despedida do ano a partir das 12.00 horas do mediodía. Haberá badaladas, sesión vermú e festa na praza do Concello. Está organizado polas asociacións.

**CAMPAMENTO.** Meira contará este ano cun campamento de Nadal, que se celebrará os días 26, 27, 28 e 29 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro para axudar a conciliar a vida laboral

e familiar neste tempo de lecer.

Esta dirixido a nenos e nenas de 4 a 14 anos. Terá un horario de 10.00 a 14.00, co servizo de conciliación de 9.30 a 10.00.

Durante estes días realizaranse diferentes actividades, como xincanas, obradoiros de nadal, xogos. O prezo será de 60 euros por semana e de 100 por quincena.

Os que o desexen poden inscribirse mediante as redes sociais, a web [www.odiruoldeporte.com](http://www.odiruoldeporte.com) ou no teléfono 629 302 039.

## A localidade celebra o día 30 a homenaxe a Xosé da Flor

A asociación cultural Eme de Meira organiza o día 30 de decembro unha serie de actividades en homenaxe a Xosé da Flor.

Esta iniciativa arrincarará cun partido de fútbol amistoso ás 11.00 horas no campo de fútbol da Pastoriza entre un combinado meirego e unha selección de Crecente. Ás 14.30 horas, está prevista unha comida de confraternidade na Casa Cazoleiro, que terá un prezo de 30 euros a pagar ese mesmo día.

As persoas que desexen apuntarse poden facelo por Whatsapp con Víctor (686 780 405) ou Felipe (629 966 551).

## A webserie 'Un ronsel de futuro' preséntase o 21

Meira acolle o xoves 21 a partir das 20.30 horas *Ronsel de futuro: historias soterradas*, unha webserie que trata de achegar, a través do cine, toda a inmensidade dos catro museos que forman a Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo.

Os interesados poderán gozar da proxección no centro sociocultural do Concello. O obxectivo fundamental do proxecto é amosar os contidos materiais e emocionais dos Museos a través dunha historia de ficción, así como documentar a



nosa historia e patrimonio.

A webserie documental preséntase cun formato espectáculo ao longo das diferentes comarcas da provincia de Lugo

## A Quenlla dedica a Avelino Díaz o novo disco

O grupo musical A Quenlla presentou o seu novo disco, co que pretende achegarse á figura do poeta Avelino Díaz, natural de Riotorto e vinculado a toda a comarca de Meira. Avelino Díaz foi un emigrante e exiliado político claramente posicionado contra a ditadura franquista. No seu exilio en Boas Aires (1920) cultivou a lingua, dignificou a cultura... e construíu País na distancia e na intensa señardade.

Marchou por necesidade económica e soubo formarse, deixando unha obra inmensa que merece ser estimada e estudada. Innumerables

artigos de prensa —director de diferentes publicacións da colectividade galega—, obras de teatro, traducións... e un total de 1.178 poemas dos que se teña referencia.

O 31 de xaneiro de 2014 foi refundada a Asociación Cultural Avelino Díaz, con sede en Meira. O seu obxectivo: promover a investigación e a divulgación da súa vida e da súa obra.

E agora A Quenlla ofrécenos este proxecto longamente madurado que vén representar algo así como unha pausa na carreira de fondo para recuperar plenamente a Avelino.

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 20 GB

10€ /mes

Durante 7 meses 31€ /mes

Engade Adamo TV por 3€ máis

30 GB EXTRA  
Durante 4 meses

La fibra de  
*Andy y Lucas*

O noso é propósito  
**o teu aforro**

**Chama gratis ao 900 651 679** ou configura o teu paquete personalizado en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 01/12/2023 e o 07/01/2024, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a Internet Fibra 1.000 MB + Móbil 20 GB durante os 7 primeiros meses a 10€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), mais si instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. LÍNAS de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente. Ademais, se contratas antes do 07/01/2023, lévache 30GB/mes extra durante 4 meses (meses en curso e os 3 meses seguintes á súa contratación).





## Entregados os premios da VI Ruta das Tapas

O Concello de Riotorto vén de entregar os premios na súa Ruta das Tapas, que este ano chegaba a súa sexta edición. Durante o 1 e o 2 de decembro a veciñanza puido gozar das propostas dun total de cinco establecementos hostaleiros que participaron no certame.

Finalmente, o primeiro premio foi para Carlos Goyos da Pontenova, que se fixo cos 200 euros. Manuel Santomé e Mota de Riotorto fixéronse co segundo e terceiro premio do concurso, dotados con 100 euros e un vale de 50 euros.

Mentres que Bruno Rodríguez de

San Tirso e Xosé Chantres de Bretoña quedaron en cuarta e quinta posición respectivamente e conseguiron un vale de 50 euros.

**MAZO.** O Concello mantén aberta a oferta de explotación do Mazo de Ferreiravella, un complexo rural que conta con edificio para restaurante, con explanada de 800 metros de aparcadoiro e conxunto etnográfico adxunto.

As persoas interesadas na súa explotación poden poñerse en contacto co Concello que estudará o seu proxecto de viabilidade e de futuro.

### PROGRAMA DE NADAL

**ORREA.** A parroquia de Órrea despedirá o ano cunha programación pensada para todos os seus veciños. A comisión de festas é a encargada de organizar a cita para poñer punto e final ao 2023. A programación comezará o vindeiro sábado 30. Neste día haberá unha gran verbena e unha chocolatada a partir das 23.00 horas. O cantante Dani Pardo e a súa música serán os encargados de amenizar a noite. O domingo 31 haberá misa solemne e tamén sesión vermú da man de Dani Partdo.

**XANTAR.** O día 20 de decembro, mércores, o Concello de Riotorto organiza unha comida de Nadal especialmente dirixida a todos aqueles que participan nas actividades dos centros sociais. O menú consta de empanadillas, callos, costela con patacas fritas e sobremesa, ademais de café. O prezo desta comida é de 25 euros por persoa e terá lugar no centro sociocultural de Riotorto servida polo mesón O Sarredo a partir das 14.30 horas. Os interesados en inscribirse poden facelo nos propios centros sociais ou no Concello antes do 17



de decembro. Terán preferencia as persoas inscritas nas actividades dos centros veciñais. A xornada contará co dúo Estrellas.

**BAILE.** O Concello programou de novo este fin de ano o seu baile tradicional que se celebrará a partir da 1.00 horas do día 1 de xaneiro do próximo ano. A entrada para esta festa será de balde os asistentes poderán desfrutar da animación musical do dúo Belinda no centro sociocultural. Haberá servizo de bar e ás 5.30 horas servirase chocolate gratis para todos. Esta festa está organizada polo Concello en colaboración coas asociacións veciñais e culturais do municipio.

## As Xornadas do Leader Norte coñeceron o programa Ecocomedores do CEIP

Dentro das actividades do programa das Xornadas de Intercambio Leader Norte, o DGR Terra Chá fixo unha visita ao CEIP Riotorto para presentar o proxecto Ecocomedores.

Os encargados de presentar este proxecto á directora xeral da Axencia Galega De Desenvolvemento Rural Agader, Inés Santé Rivera, á directora xeral de Agricultura, Agroindustria e Desenvolvemento Rural do Principado, Begoña López Fernández e a aos equipos técnicos dos GDRs de Asturias, foron a directora do CEIP de Riotorto, María Airado Otero, o tenente alcade de Riotorto, Manuel Rivas, e o xerente do GDR Terra Chá, Fernando Soto-Camino.

EcoComedores é un novo proxecto para impulsar o consumo de produtos locais de Galicia nos comedores escolares. Da cooperación entre once GDR, Gadisa e a Axencia Galega de Servizos Sociais nace este programa coa finalidade de facilitar a comercialización de produtos locais e ecolóxicos nos comedores escolares de cada territorio.

# Cabalgata dos Reis Magos

5 de Xaneiro de 2024

- Ás 15:30h no Campo da Feira de Parga
- Ás 16:30 saída dende a Ponteveiga
- Recepción na Casa do Concello
- Recibimento no Campo da Feira de Guitiriz

Haberá chocolate!!

Interveñen:

- Bloquino de Xermolos
- Escola de Música Trad. de Xermolos
  - Grupo Infantil
  - Grupo de Gaitas e Baile
  - Cantos de Taberna

concello de GUITIRIZ



## Regresan o Mercado e a campaña solidaria

Begonte celebrará por terceiro ano consecutivo un mercado de nadal que será os días 16 e 17 de decembro na praza Irmáns Souto Montenegro.

Haberá como en edicións anteriores expositores de artesanía, alimentación, ocio, decoración, atraccións, etc, que teñen a súa estadia gratuíta.

O Concello ten preparadas unha morea de actividades para nenos e adultos.

O Concello repite nesta convocatoria despois do éxito acadado nas pasadas edicións, xa que contou con numeroso público asistente e moitos postos de venda.

**XOGUETES.** Begonte realizará un ano máis a súa habitual campaña de recollida de alimentos organizada polo Concello este Nadal co que se pretende cubrir as necesidades que sofren as familias da contorna.

Deste xeito estanse a recoller todo tipo de alimentos non perecedoiros, en especial doces navideños, latas de conserva, aceites, leite, legumes, arroz, etc.

O punto de recollida está situado na casa consistorial, situada na praza irmáns Souto Montenegro, entre as 9.00 e as 14.30 horas.

A data límite será o 20 de decembro.



## Aprobado o proxecto da escola infantil municipal

O Concello de Begonte e a Consellería de Política Social e Xuventude acordaron a posta en marcha para o vindeiro curso dunha escola infantil nas inmediacións do CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño. Este proxecto permitirá a creación de 45 prazas de educación infantil de 0 a 3 anos no Concello de Begonte. As instalacións, de nova construción nunha única planta, constarán de dúas aulas, recepción, despacho e aseos ademais

dunha zona de xogos ao aire libre. Para a construción desta escola aprovéitase o proxecto co que xa contaba o Concello para construír un Punto de Atención á Infancia (PAI). A alta demanda existente levou ao Concello a apostar por transformar o proxecto, para o que recibirá unha subvención de 240.000 euros por parte de Xunta de Galicia, o que duplica o presuposto previsto inicialmente para a instalación.

## O Belén incorporou dúas figuras e unha talla antes da súa apertura

O arcebispo de Santiago de Compostela, monseñor Francisco Prieto foi o encargado de abrir a LII edición do Belén de Begonte.

O evento está declarado de interese turístico galego e o seu principal atractivo é o belén electrónico con figuras animadas, que pode visitarse ata finais de xaneiro no centro cultural José Domínguez Guizán. Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro estará aberto todos os días, de 11 a 13 horas e de 16 a 19 horas. Durante as restantes semanas abrirá sábados, domingos e festivos pola tarde.

Paralelamente, convócanse o XXXIV Certame galego de arte José Domínguez Guizán, o Certame nacional de poesía sobre o Nadal, o Certame xornalístico Begonte e o Nadal e o Certame de debuxo infantil sobre o Nadal, que alcanzan xa a súa cuadrexésimo oitava edición.

As obras do certame de arte serán expostas na sala de exposicións da Delegación Territorial da Xunta e na Casa da Cultura de Begonte.

Outra iniciativa xurdida ao abeiro do Belén son as esculturas que o artista lucense César Lorenzana está a elaborar con motivos alusivos a este e que se instalarán nas 19 parroquias



do municipio. A primeira loce desde hai un ano no núcleo de Begonte, e nos últimos meses tamén se colocaron as de Damil, San Vicente de Pena, Pacios e Saavedra.

Xusto na véspera da inauguración a entrada ao edificio do Belén colócase unha talla en madeira dun bebé, de 700 kgs. de peso, obra tamén do escultor César Lorenzana, que esta tallando as dezanove pezas que compoñeran un intanxible "Camiño ao Belén de Begonte", para representar que todo Begonte é un camiño cara á capital do Concello para chegar ao Belén.

Ademais, o Belén conta este ano cunha novidade, dúas figuras que no Belén están diante de todo, xun-

to ao visitante. O da esquerda, é un "pobre de pedir", que se incorpora ao Belén, e está colocado diante dun viaxeiro, que se supón pode axudar ao menesteroso.

Esta nova figura do Belén é obra de María Méndez Rodríguez, que gañou diversos premios de belenismo entre 1973 e 1991 polos seus nacementos artesanais. Ela confeccionaba as figuras, dun gran realismo, e o seu fillo, Ricardo Segundo López Méndez, profesor e escultor, conserva estas figuras e cede esta ao Belén de Begonte.

Vanse sumar dous novos Socios de Honra, José Manuel Zas, director Técnico de Erinsa, e Manuel Gulín Rodríguez, a título póstumo.

## 75 familias participan na campaña de compostaxe

Setenta e cinco familias do municipio de Begonte participan na campaña de compostaxe doméstica municipal, desenvolvida en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

"A campaña, contou con gran aceptación entre a cidadanía tal

e como desprenden os controis efectuados porta a porta por técnicos especialistas na materia.

A maioría dos compostadores están a funcionar optimamente, o que contribúe en boa medida á redución de materia orgánica a depositar nos colectores convencionais, así como á redución da emisión de gases efecto invernadero á atmosfera", afirman desde o Concello.

## A recollida de enseres domésticos será o 20

O día 20 de decembro procederase á recollida de enseres domésticos. Así os veciños que o desexen poderán depositar utensilios e mobiliario xeral do fogar como electrodomésticos, xoguetes ou aparellos musicais por exemplo ata un máximo de tres enseres por vivenda. Non se recollerán outros enseres que non estean incluídos nos catalogados como domésticos nin aqueles que non sexan declarados na solicitude.

Todas aquelas persoas interesadas deberán chamar previamente ao 982 396 143.

**A Lareira**  
Taberna Galega  
Restaurante

Rúa do Sol, 4  
27800 Vilalba, Lugo  
Tel.: 982 512 842

**TAHONA CURRÁS**

ROSEÓN DE PASCUA

¡ Haz tus encargos ! San Roque 3. 982510062  
Novo Cazón 12. 620417383 ¡ Felices liestas !



## Comezaron as obras para levar a auga á parroquia de Candia

Con cargo á Deputación de Lugo dentro do Plan Único, financiarase a traída de auga. “Unha nova dotación moi demandada polos usuarios e usuarias, á que se destinarán 107.984,06 euros do executivo provincial”, din desde o PSOE. Esta obra levouse a cabo tralas xestións realizadas pola veciñanza da parroquia e foi anunciada polo voceiro socialista da localidade.

Xa deron comezo as obras, que están divididas en dúas fases e que estas corresponden á primeira. A captación proxectada está constituída por unha arqueta de reunión onde chegan tres tubos desde tres direccións distintas, recollendo a auga a subministrar.

Están a realizarse escavacións en gabias necesarias para o tendido da tubaxe, a 1 m de profundidade, incluíndo o seu posterior recheo con material seleccionado da propia escavación, con achega de préstamo nalgúnhas zonas. A execución das gabias terá lugar extremando as medidas de seguridade, entibando cando sexa necesario. Tamén recó-



llese o baleirado necesario para a construción do depósito e a arqueta de toma. Ademais da propia rede, proxéctase a construción dun depósito de formigón armado, executado in situ, de 110 m<sup>3</sup>.

Esta obra ten un orzamento de 101.908 euros e un prazo do execución de catro meses.

**DEPÓSITO.** O Concello de Abadín rematou tamén as obras de acondicionamento do depósito de Vilarente que surte de auga aos barrios de Cabanela e Vilaseñor.

Os traballos consistiron en isoterminar o depósito para evitar as fugas de auga e que non haxa problemas co subministro tal e como denunciaron os veciños en diferentes ocasións. As reparacións fixéronse en tres días para o que foi necesario o corte do servizo durante unhas horas. Segundo anunciou o alcalde a seguinte acción será colocar unha bomba para solucionar os problemas que teñen no verán co caudal de auga.

A obra foi realizada pola empresa Rodríguez e Regueiro por un importe de 7.705 euros.

## Dúas corais, Os Bolechas e os Reis Magos estarán no programa de Nadal

O Concello iniciará o sábado 16 a súa programación de Nadal que arrancará coa actuación da Coral Polifónica de Meira e da Coral Polifónica local, que presentarán un repertorio adaptado a estas datas, que inclúe desde cantos de Reis ata pezas doutras culturas. Enlóbbase nun programa da Vicepresidencia da Deputación de Lugo que pon son ao Nadal con máis de cincuenta actuacións nas distintas comarcas. A sesión será ás 19.00 horas no salón de actos do Concello.

Ademais, segundo avanzaron desde o Concello, o día 22 os pequenos da localidade recibirán a Papá Noel, ao que poderán facer entrega das súas cartas cos desexos deste ano.

Tamén para os máis pequenos, Abadín contará tamén coa actuación dos Bolechas, que presentan o seu espectáculo Un Nadal Máxico. Será na casa do Concello o día 29 ás 17.00 horas.

Pero o prato forte da programación de Nadal será a visita dos Reis Ma-



gos. A primeira parada da comitiva será no centro de día, onde visitarán aos maiores, aos que entregarán un agasallo, como todos os anos.

Unha vez rematada esta visita, sobre as 16.30, achegaranse ata o Concello para facer a recepción oficial de todos os pequenos, aos que entregarán o seu agasallo e tamén recollerán peticións para entregar durante a noite nos fogares.

A cabalgata é xa unha tradición en Abadín, xa que todos os pequenos empadroados reciben un agasallo nesta tarde tan especial.





## Contacontos, teatro e a música protagonizan o programa de Nadal

A Pastoriza prepara un programa con contacontos, sesións de teatro, maxia e obradoiros para este Nadal. As actividades terán lugar entre o sábado 9 de decembro e o venres 5 de decembro.

A programación inaugurouse o día 9 co acendido de luces. O xoves 14 Trémola Teatro poñerá en escena *Elfos en prácticas*. A iniciativa, organizada pola anpa do CEIP O Salvador, terá lugar no salón de actos do Concello a partir das 12.00 horas.

O sábado 16 será a quenda da representación teatral *O Feitizo do Nadal* a partir das 16.00 horas. Ademais, tamén se organiza unha visita de Papá Noel, actividades manuais e merenda. O día 18 os máis cativos poderán gozar dunha sesión de contacontos con Anxo Moure, que terá lugar ás 10.15 horas no CEIP de Bretoña e a partir das 12.15 horas no CEIP O Salvador. O venres organizarase unha saída a Xuvenilugo para os nenos e nenas da Pastoriza. A saída será desde ás 15.30 horas da Praza do Concello ata ás 20.45 horas. A gastronomía protagoniza a xornada do día 26, na que a ANPA de Bretoña organiza obradoiros de sobremesas de Nadal na Casa da Luz de 16.00 a 18.00 horas.

**MAXIA E CABALGATA.** A rapazada poderá gozar de *A verdadeira historia de Hamelín* a partir das 17.00 horas no Teleclub de Bretoña. O sábado 30 Asapa organiza un pre Fin de Ano con exhibición de zum-



ba, badaladas e uvas a partir das 00.00 horas e festa con Eventec. O programa de xaneiro comeza o día 2 cunha sesión de maxia da man do Mago Charlangas a partir das 16.30 no salón de actos do Concello.

O venres día 5 de xaneiro, a partir das 16.30 horas, os pequenos da Pastoriza poderán desfrutar dunha nova visita dos Reis Magos de Oriente, que farán a súa tradicional cabalgata desde o concello, onde saíran ao balcón, ata o local social da Ladrilleira.

Todos os nenos e nenas que asistan á recepción, a partir das 17.00 horas, poderán saudar e conversar coas súas maxestades, meter a carta no buzón real que os acompaña, sacar a foto de rigor e por suposto todos levarán un agasallo.

A partir das 17.30 os asistentes poderán desfrutar dunha merenda co roscón e chocolate e, ao finalizar, actuación de Pequedisco.

## O Concello limpa as cunetas

O Concello firmou un convenio ca Xunta de Galicia para a execución urgente da limpeza de cunetas en varias parroquias do termo municipal. Os traballos teñen un orzamento de case 20.000 euros. Xa están en marcha e as previsións do Goberno municipal é que rematen como moi tarde na primeira semana de decembro.

O obxectivo é facer unha actuación en cada parroquia xa que como explica o tenente de alcalde, Marcos Lombardero, coas últimas chuvias producíronse bastantes problemas á hora de sacar a auga das estradas.



## Entregados os 7 premios da Ruta das Tapas local

A asociación de comerciantes local, Asapa, fixo entrega este venres dos premios aos gañadores da IX Ruta das Tapas. Nesta ocasión participarán cinco locais, 3 de Pastoriza (Xarope, Brétema e a Casa da Cultura), ademais de Taberna Germán da Reigosa e Carrizal da Regueira. O Sorteio realizouse ante o Xuíz de Paz do Concello e o primeiro premio, dotado con 200 euros correspondeu a Eduardo Rodríguez. Seguido de Javier Teijeiro, que recibirá 100 euros e Ángeles Neira, con 40. O cuarto premio, un curso de conducción PTC (valorado en 250 euros) foi para Miguel García; o

quinto premio, un vale 50 euros no súper Atlántico correspondeu a Julio Castro e o sexto e último, un vale de 50 euros en Gasóleos O Acebreiro recaeu en Marcos Nieto. Agás na pandemia, esta cita co tapero realízase de forma continuada os últimos anos e reúne unha gran cantidade de público. As tapas terán un prezo de 2 euros e os locais e haberá seis premios, aos que só se poderá optar se se completa a ruta nos catro locais. O obxectivo, coma sempre, é ofrecer unha actividade que promocioe os produtos locais e invite á contorna a visitar este municipio.

### EN BREVE

**PISCINA.** Os veciños da Pastoriza teñen unha cita o sábado 16 de decembro. A piscina celebrará unha cea baile a partir das 22.00 horas para todos os que se queiran achegar. O menú terá un prezo de 30 euros e de 15 euros para os menores de 10 anos, sendo gratuíto para os menores de 3 anos. Ademais de gozar da gastronomía, os asistentes tamén poderán desfrutar dunha actuación musical.

**VETERINARIO.** O salón de actos do Concello acollerá o martes 19, ás 12.00 horas, unha sesión formativa sobre a nova lexislación e os veterinarios de explotación. Trátase dunha reunión promovida polos equipos veterinarios da zona e impartida por persoal da Administración. Está aberta a toda a poboación.

**FOGAR DE MAELOC.** O Fogar de Maeloc acolle o sábado 16 unha xornada chea de actividades. Así, está prevista unha conferencia do periodista Moncho Paz, sobre Ramón Chao e Prisciliano, a partir das 12.30 horas. Ademais, contarán cunha pequena exposición da obra en talla do artesán Marcos Ladra Sanjurjo, que presentará o seu próximo traballo e desfrutarán do proxecto musical de Os do Campo.

**EQUIPACIÓN.** O Concello fixo entrega das novas equipacións que vestirán durante toda a tempada os rapaces e rapazas que pertencen as distintas Escolas Deportivas Municipais da localidade. Ademais do uniforme de cada equipo e o calzado, os deportistas recibiron unha bolsa para poder levar toda a equipación.

**ANPA.** A ANPA do CEIP O Salvador da Pastoriza organiza o sábado 16 unha festa de Nadal a partir das 16.00 horas no salón de actos do concello. A sesión contará con música, manualidades, merenda e teatro.

GUARANTEED TO KEEP YOU DRY  
GORE-TEX  
Chiruca  
MEPHISTO  
FINEST WALKING SHOES  
Timberland  
IGI&CO  
CALZADOS  
baamonde  
Desde 1954  
IN EL NATURALISTA  
PRIMIGI

Bo Nadal!  
TEXAS  
MODA JOVEN  
Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876  
Texas Moda Joven



## Arranca o programa de Nadal

O tradicional concerto de Asubiños da Chaira inaugura a programación de Nadal do Concello de Cospeito, que se abriu oficialmente co acendido do alumeado e da casa de Papá Noel, ás 20.00 horas.

O concerto de Nadal de Asubiños será ás 20.00 horas, na casa da cultura da Feira do Monte e ten un carácter solidario. A reporteira Coty Lamela presentará a iniciativa na que actuarán, ademais dos Asubios, Xisco Feijó, que será o cabeza de cartel desta edición. Dende Vigo chega A Roda.

Tamén forman parte do cartel a banda de pop galego Plan Siberia, o cuarteto Beteluma e o grupo Astarot. O donativo é de 5 euros e todo o recadado estará destinado á Fundación Meniños.

O sábado 16 terá lugar a presentación dos libros do V Certame Torre



de Caldaloba, acto que se celebrará no Museo das Aves a partir das 17.00 horas.

Os actos de Nadal continuarán o 23 de decembro, sábado coa visita de Papá Noel, que estará ás 18.30 horas na casa da cultura da Feira do Monte.

Tralo día de Nadal, o mércores 27 e o xoves 28 están previstos uns obradoiros infantís entre as 10.00 e as 13.00 horas para nenos de 3 a 12 anos. O primeiro día será na Feira do Monte e o segundo en Muimenta. Rematarán o ano cun bingo, de novo na Feira do Monte, a partir das 18.00 horas do día 29.

A programación reforzarase en xaneiro coa tradicional Cabalgata dos Reis Magos, que percorrerán o termo municipal dende as 17.30 horas, con saída do pavillón municipal da Feira do Monte e con visita tamén ao centro de día de Valverde. Tamén haberá inchables e chocolate con churros. Non faltarán os tradicionais agasallos.

O programa chegará ao seu fin o día 13 co Festival de Nadal de Corais, na casa da cultura da Feira do Monte ás 20.30 horas.



## Xurxo Alonso García gaña o Torre de Caldaloba

O VI Certame de Poesía Torre de Caldaloba, convocado polo Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ, xa ten obras gañadoras.

O xurado de dito certame fallou por maioría de votos conceder o primeiro premio da categoría de 18 anos en diante á obra Non deixedes na mesa nin leite nin pan, cuxa autoría, unha vez aberta a plica, corresponde a Xurxo Alonso García por "ser un poemario onde a palabra xorde como unha fervenza que escorra polo regueiro da ausencia".

E o segundo premio recaeu na obra

Vaira e Cristal, cuxo autor é Paulino Peña Álvarez, da que dixo o xurado que se trataba "dun poemario en verso breve que destaca pola capacidade de entregar ao lector unha memoria aínda intacta de vivencias pasadas, grazas tamén á eficacia dunha linguaxe culta e refinada".

A entrega de premios está prevista para o vindeiro sábado 2 de decembro, no local social de Pino, lugar onde se sitúa a Torre de Caldaloba.

O xurado estivo composto por Armando Requeixo, Maurizio e Xosé Otero Canto, actuando como secretario, con voz mais sen voto, Martiño Maseda.

## Escolares gañan o concurso contra a violencia de xénero

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade xa fallou os premios de creación gráfica e audiovisual do concurso convocado polo 25-N, Día internacional contra a violencia de xénero.

Na 2ª categoría -dirixida a 3º e 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato, FP básica e de ciclos de grao medio e superior- o segundo premio foi para un equipo de 4º da ESO do CPI Virxe do Monte, da localidade de Cospeito, polo traballo *Non toda a violencia é visible, pero en toda hai que actuar*. O primeiro foi para unha rapaza de Lugo.

## Xa hai datas da Moexmu

A Asociación de Empresarios de Muimenta ten xa data para a que vai ser a XL edición da Moexmu. Así, esta terá lugar a fin de semana do 4, 6 e 7 de abril do ano 2024.

Ademais, coma sempre, a XXXIII edición da Festa da Filloa terá lugar o 1 de maio.

Nesta ocasión, a feira cospeitesa celebra un aniversario de relevancia polo que xa conta cun deseño especial de Paula Francos Anllo para dito evento.

A comisión organizadora traballa arreo para preparar unha nova edición que buscará ser aínda máis espectacular debido ao aniversario dos 40 anos de vida.

Como sempre, a comisión está xa

coa recadación de fondos e vende lotería cun donativo, cartos que se utilizarán para subvencionar esta feira.

**CONVENIO.** Abanca e a Asociación de Empresarios de Muimenta veñen de renovar, un ano máis, un acordo de colaboración que busca primordialmente garantir o futuro das empresas desta localidade lucense. Con este obxectivo, a entidade financeira e a asociación empresarial acordaron un catálogo cheo de alternativas pensadas para os distintos negocios asociados e que pon o acento no acceso ao crédito, a dixitalización e nos servizos que facilitan o pago das compras.

## Comezou a nova edición do Mercado de Muimenta

Un ano máis, o Mercado de Nadal de Muimenta, que alcanza a súa décimo quinta edición, deu comezo e rematará o venres 5 de xaneiro.

Participarán un total de 26 negocios, repartíndose unhas 19.000 rifas entre os seus clientes, co cal, se manterán o importe dos premios.

Os premios serán 19 vales de 100

euros, cada un deles, aos propietarios das papeletas que coincida cos tres últimos números do primeiro premio da Lotería de Reis, que se celebrará o vindeiro sábado 6 de xaneiro do 2.024. Os gañadores, terán que informar antes de que remate o luns 15 de xaneiro, de que posúen a rifa gañadora.

**CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA**

*20 Años a tu lado*

**Dr. Juan Francisco Lema Ferro** Coleg. 270000874

**Dra. Noelia Fernández Agudo** Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.

Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993

[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

Parking gratuito





## REUNIÓN DE EX ALUMNOS



Un ano máis, os ex alumnos do colexio Ramón Falcón reuníronse nunha cea de confraternidade. Asistiron os nados no ano 1976, e que remataron a EXB no curso 1989/1990. A xuntanza tivo lugar na Parrillada Bañal de Muimenta. Begoña Soto e Toni Díaz entregaron o relevo a Belén Villamel e Carmiña, que organizarán o vindeiro encontro a última fin de semana do mes de novembro do ano 2024.

## O Concello inviste na rehabilitación da muralla 66.000 euros



O Concello tramita ante o Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Lugo o proxecto de Rehabilitación da Muralla de Castro de Rei, que é o elemento máis representativo da Área de Rehabilitación Integral do ámbito urbano da vila. Con esta intervención preténdese rehabilitar a zona situada fronte á rúa Poeta Crecente Vega así como as escaleiras que dan acceso á rúa Amigos da Feira. As actuacións consistirán na limpeza e consolidación dos muros existentes, modifica-

cións nalgúns chanzos das escaleiras e substitución do revestimento nalgúns zonas para adecualos ó resto do recinto.

A actuación ten un orzamento de 66.648 euros será financiada coas axudas concedidas pola Xunta. Dende o Concello valoramos positivamente esta actuación que servirá para mellorar o aspecto da muralla existente, que é sen dúbida un dos elementos máis significativos do núcleo urbano, contribuíndo así a mellorar a imaxe da vila.

## Finaliza a obra do azud para solucionar os problemas de auga

Estanse a completar os traballos de construción do azud no río Azúmara, co que se trata de solucionar os problemas de turbidez da auga da traída nalgúns parroquias do termo municipal, concretamente as de Azúmara, Balmonte e Goberno, así como unha parte da capitalidade municipal, que recollen auga do depósito de Ramil. Para facer os traballos desviouse o leito do río e agora se está a facer o contrario, que as augas volven ao lugar correcto e facer o recheo.

A actuación consistiu na renovación do azud para embalsar a auga antes de pasar ao pozo de bombeo. A partir da agora, durante o proceso a auga pasará por varios filtros para evitar que arrastre restos ao depósito de Ramil.

O azud estaba en malas condicións e tiña problemas de filtrado polo que en días de moita choiva o auga arras-



traba restos e enturbaba a captación. Este proxecto ten un orzamento de 48.000 euros, financiados polo Plan Único da Deputación.

**BNG.** O BNG presentará, no Parlamento galego emendas aos orzamentos da Xunta para que se aporten os fondos precisos para completar a rede de abastecemento de auga. Segundo o PXOM as pa-

rroquias de Ludrio, Triabá, Dumpín, Mondriz, Duancos, Orizón, Pacios, parte de Prevesos, parte de Bazar e tamén Matodoso, aínda non contan con rede de abastecemento de auga. “Cando falamos de mellorar servizos sempre se vai a cousas que causen lucimento máis que a que veciñanza teña un servizo básico como abastecemento de auga”, explicou a portavoz nacionalista.

## O Goberno local merca unha cortadora de herba

O Goberno local vén de comprar unha cortadora de herba para o mantemento de parques, xardíns, áreas recreativas e espazos verdes.

Esta compra foi realizada con cargo a unha subvención do Fondo de Compensación Ambiental (liña de concorrencia non competitiva) de Vicepresidencia 2ª e Consellería de Xustiza, por un importe total de 36.300 euros, dos que foi subvencionado o 80%.

“Dende o Concello valoramos moi positivamente esta adquisición que ademais de ser moi necesaria pasará a formar parte do parque de maquinaria do Concello, destinándose ó mante-



mento de espazos verdes e áreas recreativas”, explicou o alcalde do termo municipal, Francisco Balado.

## O Museo do Castro de Viladonga inicia o programa de Nadal

O Museo do Castro de Viladonga conta cun programa especial para este Nadal con propostas culturais de música, maxia e contacontos ata o vindeiro domingo 17.

A programación que se inaugurou o día 11 cun concerto didáctico continuará o día 14 Trécola Producións achega aos escolares a obra Monstrólogo, o novo proxecto da compañía. A compañía de teatro A Trastenda dos Contos levará a cabo o espectáculo Contos Vellovos novos finais de 10.30 a 12.00 horas o venres 15. A última xornada, o día 17, estará a cargo de Branca Villares que achegará o espectáculo musical Troupelear as músicas do Cebreiro no Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro. A cita será de 10.30 a 13.00 horas.


# GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS  
INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo  
15320 AS PONTES (A Coruña)  
981 440 098 - 699 145 568  
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo  
27800 VILALBA (Lugo)  
982 523 034 - 645 851 946  
contacto@gestoriagayoso.com





## Implantan o contedor marrón en dúas vilas

O Concello de Castro de Rei iniciou o proceso de implantación do contedor marrón nos núcleos urbanos de Castro Ribeiras de Lea e Castro de Rei co obxectivo de potenciar a recollida separada dos residuos orgánicos.

A implantación destes recipientes efectuouse no marco dun proxecto levado a cabo coa colaboración Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

De forma previa á súa colocación, realizouse unha campaña informativa mediante un stand itinerante por diferentes localizacións do termo municipal, atendido por monitores ambientais especialistas na materia que informaron á veciñanza sobre o uso axeitado do denominado "quinto contedor" o cal debe estar garantido en todo o territorio da Unión Europea, como moi tarde, o 31 de decembro do 2023.

No colector marrón verteranse residuos de procedencia orgánica que serán recollidos e transportados á planta de biorresíduos para ser transformados en compost ou bio-

gás.



Con esta iniciativa búscase conseguir os máis altos niveis de reciclaxe dos desperdicios domésticos e avanzar cara un modelo de xestión de residuos máis eficiente e na liña marcada pola chamada economía circular que avoga por darlle unha nova vida aos residuos converténdoo en recursos antes da súa reincorporación ao ciclo produtivo.

O contedor de materia orgánica estase a implantar en varios concellos da provincia. Os residuos que deben depositarse neste novo recipiente de fracción orgánica son restos de froita e verdura, restos de carne e peixe, cascas de ovo, de marisco e de froitos secos.

## Rematan as obras da vía entre Rozas e Castro Ribeiras de Lea



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de rematar as obras de reforzo do firme na vía autonómica LU-113, no treito que vai desde o seu inicio en Rozas ata o final da travesía de Castro de Ribeiras de Lea.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou o resultado da actuación, que supuxo a renovación do pavimento e da sinalización horizontal en seis quilómetros. O investimento ascendeu a 603.700 euros.

A intervención consistiu na reparación do firme mediante fresados

localizados e a reposición da capa de rodaxe a carril completo en todo o treito. Posteriormente repintáronse as marcas viarias.

Arias afirmou que deste xeito a Xunta mellora as prestacións da estrada en beneficio das persoas usuarias, que poderán desprazarse de forma máis cómoda e segura por esta vía autonómica.

Así mesmo, explicou que esta obra está incluída nun contrato de case 3,5 millóns de euros para mellorar o firme en catro estradas autonómicas ao seu paso polas comarcas da Terra Chá e Lugo.

### EN BREVE

**BNG.** O BNG pediu a revogación da concelleira do PP María José López por abandono das súas funcións. María José López é a edil que no pleno de organización do pasado 17 de xuño foi nomeada polo alcalde como representante do Concello nos Consellos Escolares dos centros educativos de Castro de Rei, "neste período non asistiu a pleno ningún dos consellos escolares dos centros educativos do municipio de Castro de Rei", di a concelleira nacionalista.

**CD CASTRO.** O CD Castro organiza para os veciños e socios, unha cea de Nadal que terá lugar no restaurante Ríoa Lea o sábado 16 de decembro, ás 22.00 horas. Para poder asistir haberá que reservar praza no 627 90 36 92. Haberá dous menús a elixir, o de 20 euros será para os nenos e o de 30 euros para adultos. A sesión contará coa música de DJ Cosme e Eventec Disco Móvil.

**AMIGOS DO MIÑO.** A asemblea extraordinaria, a SDC Amigos do Miño de Ponte de Outeiro acordou o cambio de dirección do grupo. O presidente, Luis Sandamil, presentou a súa dimisión, despois de 12 anos á fronte da sociedade. No seu lugar, Viviana Cupeiro ofreceuse voluntaria para coller as rendas e poñerse ao mando da sociedade.

## RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!





## SEA estuda facer unha terceira ampliación do polígono industrial

A entidade pública Suelo Empresarial Atlántico (SEA) comprometeuse a estudar a ampliación do polígono rabandense. Así quedou de manifesto na reunión que mantivo a xerente da entidade, Beatriz Sestayo, e a alcaldesa, Remedios González.

Na reunión falouse da ampliación mediante unha terceira fase xa que volve estar ao 100% da súa

capacidade. Á reunión tamén asistiu o responsable dos empresarios locais, Luis Iglesias e outros membros da xunta directiva.

A alcaldesa insistiu na necesidade de mellorar os accesos ao polígono para aliviar o tránsito de tráfico pesado polo núcleo urbano. Así, a proposta do Concello pasa por facer un acceso directo desde a N-VI.

Polo de pronto SEA fará un estudo de viabilidade do proxecto e o Concello estuda unha modificación do PXOM para que ampare ás primeiras empresas instaladas no polígono.

O polígono de Rábade chegou ao cheo de ocupación este verán coa instalación de dúas empresas de transportes e loxísticas que se fixeron coas dúas últimas parcelas.



## A alcaldesa será un dos catro representantes da provincia na Fegamp

As entidades locais gobernadas polo Partido Popular na provincia de Lugo estarán representadas na Federación Galega de Municipios e Provincias para o mandato 2023-2027 por dúas alcaldesas e outros tantos alcaldes. Son os seguintes: Remedios González (Rábade), Lola Castro (Folgo do Courel), Héctor Corujo (O Incio) e Carlos Armesto (O Saviñao).

Os representantes lucenses no consello federal da Fegamp foron elixidos no decurso da XI Asemblea Ordinaria da entidade, celebrada en Santiago de Compostela e na que se constituíron os órganos directivos desta entidade para o novo período.

Héctor Corujo, que ademais ocupa o posto de vicepresidente e en nome dos seus compañeiros, agradeceu a oportunidade que se lles brinda "para representar aos concellos lucenses na defensa dos seus intereses e da veciñanza, así como tamén para facer as súas achegas ás iniciativas da Xunta de Galicia en materia lexislativa". Tal é así que para o popular estes nomeamentos reflicten e poñen en valor "o peso que o rural ten para o PPdeG".

## Comezan as obras de Adif no paso a nivel da avenida de Vilalba



O Goberno local informou de que xa se iniciaron as obras de reparación do paso a nivel da avenida de Vilalba, estrada LU-107 que vai acometer ADIF. Polo momento, non está previsto que se corte a estrada, senón que se actuará nun carril e despois noutro, dando en todo momento paso alternativo ao tráfico a través de semáforos.

As obras consisten nunha mellora da accesibilidade, polo que se fará un picado e retirada do for-

migón existente antes e despois do paso a nivel. Posteriormente, farase o verquido e vibrado de formigón HA-30 reforzado con aceiro para garantir unha continuidade altimétrica sen desniveis entre a estrada e o paso a nivel.

Na actualidade atópase deteriorada a parte que une a Avenida de Vilalba coa propia vía, o que dificulta o paso dos coches. Estímase que os traballos teñan unha duración de entre 4 e 5 días.



## O Concello mellora o pavillón dos deportes e reparte axudas escolares

O Concello de Rábade acomete diferentes melloras no pavillón municipal Eduardo Fernández ao abeiro dunha axuda da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta. En concreto, estanse a equipar as gradas con cadeiras individuais para unha maior comodidade dos usuarios e usuarias e tamén se está a renovar o equipamento para favorecer as escolas infantís no xogo do mini basket. A actuación é posible grazas ás subvencións dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable.

A alcaldesa, Reme González, e o concelleiro Carlos González, supervisan os traballos de colocación do novo equipamento aos que se destinan 10.526 euros.

**AXUDAS.** O Concello vén de resolver tamén as solicitudes de axudas ao inicio do curso escolar, que comprenden libros de texto, material escolar, roupa e calzado.

En total, resolvéronse de xeito favorable un total de 19 solicitudes, as cales supoñen un investimento total por parte do Goberno local de 2.634,87 euros. As familias beneficiadas xa están a recibir os seus ingresos tras a sinatura por parte da alcaldesa, Reme González.

# ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO  
Y SABOREA  
NUESTRA CARTA  
COMPARTIR TAPAS  
HAMBURGUESAS  
PASTAS  
ALCO  
SABOREAR  
TORTILLAS  
FRESAS DE VERDAD  
ENSALADAS  
RAXO PATATAS  
NUESTROS DELICIOSOS

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**



CONTRATACIÓN - RECLAMACIONES  
SUBVENCIONES  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es



## Acometen a sinalización do patrimonio cultural e etnográfico do territorio



O Goberno local vén de rematar a instalación dunha nova sinalización turística, un proxecto para poñer en valor o patrimonio cultural, natural e etnográfico do termo municipal. O proxecto, que leva o nome de Rede Municipal de Micropaisaxes, consiste nun mapa instalado no centro da localidade que identifica os principais reclamos turísticos.

Ademais colocáronse 18 balizas en

cada un dos elementos a destacar. Cada baliza consta do seu participador QR, que lle permite ao usuario deste sistema localizar os elementos catalogados de forma sinxela.

Investiuse neste proxecto un total de 29.000 euros.

Este mapa recolle tanto edificios singulares, principalmente relixiosos, como fontes naturais ou áreas de descanso.

## O Concello inviste máis de 240.000 euros en remodelar o pavillón



O Concello de Pol está a realizar unha importante renovación do pavillón municipal, ao que ten destinado un orzamento de case 200.000 euros. Nunha primeira fase realizou o cambio de cuberta, substituíndo as pranchas de fibrocemento por outras de panel sándwich, ás que se engadiron unhas placas solares que subministrarán a enerxía para poñer en marcha unha nova bomba de calor. Esta obra realízase co investimento da Xunta de Galicia, que se fai cargo da maioría do investimento, agás os 59.000 euros que saen dos orzamentos municipais.

Esta obra tiña que realizarse pola obriga de cambiar o fibrocemento antes do 2028, polo que se fixo xa toda a remodelación nunha mesma obra.

Por outra banda, aproveitouse para ampliar as dimensións do pavillón por tres das súas caras, gañando cinco metros na cara norte e a oeste para ampliar 5 metros máis de

marxe na pista. Deste modo, poderanse disputar partidos oficiais xa que esta contará coas dimensións obrigadas polas federacións de baloncesto e fútbol sala.

Para poder rematar a obra necesitan agora un investimento de 70.000 euros para poñer os peches e arranxar a pista. Para iso o Concello busca financiamento a través dun novo convenio coa Xunta ou coa Deputación. Esta segunda fase da obra permitirá tamén eliminar as columnas que había nas gradás e que entorpecían a vista das pistas nalgúns puntos.

Co aumento das dimensións do pavillón tamén remodelarán o alumeado, que haberá que reforzar para cubrir todo o espazo.

Cando estas actuacións conclúan, o polideportivo municipal formará parte da área multideporte que promove o Concello de Pol desde fai anos e que inclúe novos campos de fútbol e unha zona para práctica de xogos tradicionais.

## Pol implantará a recollida selectiva a primeiros de ano

O Concello vén de firmar un convenio con Ecoembes, que lle permitirá avanzar na recollida selectiva de lixo. A través deste acordo, o Concello ten prevista a instalación en Rioxoán, Mosteiro e Andión dos contedores amarelos e verdes, para a nova recollida selectiva de envases plásticos e a estes sumarase os de papel. A data prevista na que este servizo comezará a funcionar será a primeiros de ano para continuar polo resto do termo municipal a medida que cheguen os contedores.

Ademais, o Concello repartirá nas tres localidades unha guía sobre como se debe facer o uso apropiado desta instalación. O proceso comezará nas tres zonas máis poboadas do termo municipal.

## As Mulleres Rurais convocan a Cabalgata de Reis na tarde do 5

A Asociación Mulleres Rurais Olvido de Pol, xunto ao Concello, volverá ocuparse de celebrar a cabalgata de Rei, despois de reanudar a tradición o ano pasado.

Dende a directiva confirmaron que se seguirá co modelo tradicional que tanto éxito ten todos os anos. A cabalgata será o día 5, ás 16.00 horas, coa súa chegada á praza do Concello, para pasar despois á recepción oficial e a parte máis esperada, a entrega de agasallos aos pequenos do municipio.

Ademais dos pequenos, os maiores do concello tamén son protagonistas este día xa que recibirán tamén a visita dos Reis Magos.




### REFORMAS Y LIMPIEZAS

# Ramos Loures



**EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS**

**SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS**

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

**PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

Rei Don García 91 Bajo.  
27002 Lugo  
659 718 582 (24h) / 665 590 486  
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es  
ryramosloures



## muras

## Un campamento e a festa de Reis centran o programa de Nadal

O Concello de Muras centrará o seu programa de Nadal en dúas actividades orientadas aos máis pequenos. Así, volverá organizar un campamento de Nadal para a cativada.

Este campamento terá lugar os días laborais das vacacións escolares, entre o 22 de decembro e o 5 de xaneiro. Será todas as mañás entre as 10.00 e as 14.00 horas na casa do médico con actividades para todos.

Será gratuito e contará con monitores para acompañar aos pequenos. As persoas interesadas poden inscribirse no Concello no teléfono 982 500 001 ata o 20 de decembro.

O campamento rematará coa tradicional festa, que contará con varias sorpresas, entre as que figuran contactos, unha chocolatada e a visita dos Reis Magos.

Este venres 15 terá lugar un obradoiro interxeneracional para adornos de Nadal organizado por Afalu que se desenvolverá ás 16.30 horas na Casa do Médico que leva por título Mans de Nadal.

## Curso de benestar animal en xaneiro

Muras acolle en xaneiro un curso sobre benestar animal, organizado pola asociación Atila, Amigos dos Cabalos. Así, esta formación, que se levará a cabo as fins de semana, ten como obxectivo ofrecer aos alumnos os coñecementos necesarios neste eido para que poidan desenvolver debidamente todas as tarefas relacionadas coa materia.

Unha vez rematada a formación realízase un exame en Ribadeo, en febreiro, na sede da Xunta. O curso ten un custe de 150 euros, pero o prezo variará en función do número de persoas anotadas.

Os interesados en participar poden poñerse en contacto coa directiva do club no teléfono 667 609 990 ou no correo atilamuras@gmail.com.



## Nove produtores asistiron á Feira do Mel

A Feira do Mel de Montaña de Muras volveu cun intenso programa de actividades e a celebración do concurso de calidade do mel, no que participaron este ano 9 empresas apícolas locais, que levaron mil quilogramos de produto. O cambio de data, atrasada polas obras na praza do Viveiró, e o mal tempo non prexudicaron e a sesión volveu contar con numeroso público. A programación combinou actividades de todo tipo para nenos e maiores con relatorios especialistas, obradoiros de cociña e actuacións musicais ademais dunha degustación. Gran éxito de público nunha nova xornada na que os premios da cata foron para o viveirense con colmeas

en Muras César Castro Piñón, como mellor monofloral de breixo, e o segundo recaeu no apicultor vilalbés Iván Díaz Souto.

A Feira arrancou o sábado coa tradicional cata de mel, unha charla de apicultura e unha degustación de liscos. O gañadores do concurso déronse a coñecer na entrega de premios e foron para José Antonio Permuy, que levou o primeiro e o de monoflorais, e Javier Vázquez Picos, ao que correspondeu o segundo.

O día grande da feira foi o domingo e contou cunha trintena de postos variados. Especial relevancia tivo o showcooking de Lucía Freitas, propietaria e chef de dous restaurantes que conta cunha estrela Michelin.

## FINALIZACIÓN DAS OBRAS NO COLEXIO



O Goberno local de Muras rematou as obras de mellora do CEIP Antía Cal de Muras, das que se ocupou logo de non conseguir o apoio da Xunta para acometelas. Estas consistiron no amaño da cuberta e das baixantes ademais de mellorar os peches de fiestras e portas, entre outras necesidades. Actualmente cursan estudos quince escolares de entre cero e once anos no colexio.

## Outeiro de Rei convoca os concursos de decoración e de postais este Nadal

O Concello de Outeiro de Rei dentro das actividades de Nadal e co obxectivo de ambientar as rúas e pobos do municipio, convocou o II Concurso de decoración de Nadal de fachadas e xardíns de Outeiro de Rei.

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás festas de Nadal e poderán participar no mesmo veciños e veciñas censados neste concello. A decoración deberá estar instalada e en funcionamento antes do 10 de decembro.

A inscrición será gratuita. As persoas participantes terán que enviar dúas fotos actuais da decoración da fachada e/ou xardín ao correo electrónico [xuventude@concellodeouteiroderei.org](mailto:xuventude@concellodeouteiroderei.org). As fotos teñen que ser actuais, orixinais e inéditas e non poden conter persoas.

Neste mesmo correo deben incluír o Anexo I de solicitude de participación cos datos persoais e de localización da vivenda ou xardín.

O prazo está ata o 15 de decembro de 2023.

Premiarase a decoración que pro-

porcione un mellor ambiente festivo. Os premios serán dous de 100 euros, outros dous de 75 e dous máis de 75. O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello, antes do 6 de xaneiro.

**CAMPAMENTO.** O SD Outeiro de Rei celebrará este Nadal un campamento deportivo que dará comezo o día 22, venres e se desenvolverá todos os días, agás as fins de semana e os festivos. Ten como data de remate o día 4 de xaneiro e o horario será de 9.00 a 14.00 horas.

No campamento haberá xogos populares, fútbol sala, actividades na natureza, deportes alternativos, saídas e moitas outras actividades, ao cargo de monitores titulados. Habrá servizo de merenda, transporte e seguro. Para os membros do club ou empadroados no Concello o prezo será de 120 euros e para os non empadroados de 150. A data límite de inscrición é o 18 de decembro e esta pode facerse nos Whatsapp dos números 696 587 957 e 639 286 181.



**CONCILIACIÓN FAMILIAR.** A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade investirá en 2024 un total de 6 millóns de euros (case un 34% máis ca este ano) para o desenvolvemento por parte das entidades locais de programas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade. Así o destacou a secretaria xeral da Igualdade, Sandra Vázquez, que visitou o colexio público Laverde Ruiz onde se desenvolve o Programa municipal de conciliación familiar e apoio á educación. Un programa que recibiu un apoio do Goberno galego de preto de 75.000 euros na convocatoria deste ano.

**FP** Ferretería Puentes, S.L.



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115  
Rúa da Pravia, 25/27 / Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503



VILALBA - LUGO  
[fpuentes@infonegocio.com](mailto:fpuentes@infonegocio.com)



Integrada en:



Grupo Alcongal





## Convocada a III edición do concurso de recitado Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 2 de marzo na propia Casa-Museo.

O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura. Así, os traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web.

O concurso establece catro categorías, a primeira para os tres primeiros

cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria e a cuarta a de Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse dous traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente. Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade. Os centros interesados en sumarse a este concurso deberán facer a súa preinscrición antes do 23 de xaneiro. Os premiados en cada centro, dous por categoría, estableceranse posteriormente, en función dos centros participantes.

## Unha veciña publica 'Mi vida sobre ruedas'

A lucense María Lombao Pérez vén de publicar a seu primeiro libro, *Mi vida sobre ruedas*. Esta veciña, recolle neste obra a súa historia persoal como muller con discapacidade física que ten que usar cadeira de rodas. Este traballo foi publicado no mes de febreiro e véndese a través de Amazon. "Considérome unha persoa cunha autoestima alta. Con este libro o que pretendo é darme a coñecer un pouquiño, ademais

de subir o ánimo ás persoas que lean este libro autobiográfico e que estean a atravesar pola mesma situación que eu. Aprender a gozar da vida, espremendoa ao máximo, sacando proveito á situación desde unha perspectiva positiva. Con este traballo tamén quero demostrar que a pesar de ter as miñas limitacións fun capaz de escribir un libro, poñéndolle ganas e crendo en min mesma", explica.

## A obra da nova glorieta licítase en 405.500 euros

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible formalizou por 405.485,86 euros (IVE incluído) as obras de mellora da seguridade viaria, mediante a implantación dunha glorieta, na intersección do punto quilométrico 513,670 da estrada N-6, no termo municipal de Outeiro de Rei.

A actuación proxectada consiste na transformación en glorieta da actual intersección en 'T' da estrada N-6 coa estrada autonómica LU-115, que mellora a súa funcionalidade ao resolver de forma máis adecuada os importantes movementos de xiro alí existentes. Tamén incrementará a seguridade viaria da zona, facilitando todos os movementos e permi-



tindo acougar a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei e dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á glorieta. Así mesmo, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

## O SD Outeiro de Rei organiza un campamento deportivo de Nadal

O SD Outeiro de Rei celebrará este Nadal un campamento deportivo para axudar na conciliación da vida laboral e familiar no termo municipal. Dará comezo o día 22 e se desenvolverá todos os días, agás as fins de semana e os festivos. Ten como data de remate o día 4 de xaneiro e o horario será de 9.00 a 14.00 horas. No campamento haberá xogos populares, fútbol sala, actividades na natureza, deportes alternativos, saídas e moitas outras actividades, ao cargo de monitores titulados. Haberá servizo de merenda, transporte e seguro. Para os membros do club ou empadroados no Concello o prezo será de 120 euros e para os non empadroados de 150. A data límite de inscrición é o 18 de decembro e esta pode facerse no Whatsapp dos números 696 587 957 e 639 286 181.

### AVANCE DAS OBRAS



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha xuntanza co alcalde, José Pardo, para avaliar o avance dos diferentes proxectos que o Goberno galego ten en marcha no municipio, e singularmente as obras de Augas de Galicia. Está a executar melloras do abastecemento e en proceso de contratación do proxecto construtivo do sistema de saneamento e a nova estación depuradora de augas residuais, licitado por 242.000 euros.

## Ofrecerán en Bonxe asesoramento gratuíto aos presos

Un convenio entre a Deputación de Lugo e o Colexio Oficial de Avogados de Lugo permitirá ofrecer aos presos dos Centros Penitenciarios de Bonxe e Monterroso asesoramento xurídico gratuíto para que poidan lograr a súa plena reinserción social e laboral unha vez cumpran a súa condena. Para iso créase o Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penitenciaria.

O Colexio formará a todos os profesionais que van prestar o servizo de asesoramento para garantir o bo desenvolvemento da acción.







## Pedro Blanco anuncia un investimento millonario no impulso de internet

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, anunciou en Xermade un novo investimento de 19,4 millóns de euros do Goberno para completar a extensión de Internet de alta velocidade a todos os recunchos de Galicia. Trátase da terceira convocatoria do Programa UNICO Banda Ancha do Ministerio de Transformación Dixital, que suma un investimento global de 90 millóns de euros na comunidade para levar a conexión de banda ancha a 236.254 fogares e empresas que ata o de agora non contaban con este servizo antes de finais de 2025.

Na provincia de Lugo, levarase Internet de alta velocidade a 11.132 fogares e empresas no marco desta terceira convocatoria, que financia o Goberno con 4.268.715 euros. Pedro Blanco lembrou que Internet "é unha ferramenta que hoxe está en todos os aspectos das nosas vidas, que é chave para o desenvolvemento dos concellos do século XXI e tamén para a dinamización da actividade económica no rural". Neste senso destacou

que "somos o Goberno que trouxo investimentos para solucionar un problema real despois de anos sen avances nesta materia por parte da administración autonómica".

O delegado sinalou que iniciativas como o Programa UNICO, que se financia con cargo aos fondos do Plan de Recuperación, "son un exemplo máis de que os cartos do Goberno chegan a todos e cada un dos concellos galegos. E faino para mellorar a vida dos seus veciños e veciñas, como no caso de Xermade, onde máis de 2.000 veciños e veciñas que carecían de Internet de alta velocidade van ter agora este servizo". En concreto, as tres convocatorias permitirán levar Internet de alta velocidade a través de fibra a 2.077 familias e empresas do municipio a través de 484 proxectos que executan as empresas seleccionadas.

Segundo detallou Pedro Blanco, o investimento do Goberno nas dúas convocatorias anteriores, xa en execución, foi de 71,2 millóns de euros.

## O Pleno aproba uns orzamentos por valor de 2,04 millóns de euros

A Corporación aprobou os orzamentos municipais, que este ano ascenden a 2,04 millóns de euros, 90.000 euros máis que o ano pasado.

O capítulo máis elevado de gastos corresponderá aos de persoal e aumenta tamén o orzamento de gasto corrente en bens e servizos. Responde ao incremento estimado do prezo hora do Servizo de Axuda no Fogar no último cuadrimestre de 2024 (de 14,50 a 19,00 euros a hora), o que supón un incremento de 85.628,40 euros máis. O Concello achegará un total de 84.179,62 euros para o Servizo de Axuda no Fogar, fronte aos 22.269,22 euros que achegou no exercicio 2023.

Consignanse créditos para a concesión de axudas e subvencións ao longo deste exercicio, un incremento do 33,36%. Dótanse, na mesma contía que no ano anterior, as seguintes as axudas para activi-

dades das asociacións de veciños (20.865,00 euros), para as festas e tradicións populares que se celebran no municipio e premios (3.368,79€), e por nacementos (7.200,00€), ademais das axudas de emerxencia social (3.000,00€). Contéplanse tamén axudas aos equipos deportivos, coa UNED sénior (2.000 euros); para a asociación Educando en familia (3.000) e para a Invernada de Cine de Cabreiros. Outro ano máis recóllese o premio Xermade na historia, dotado con 3.000 euros. Recóllese o importe do convenio en vigor para a recollida de animais abandonados, por importe tamén de 3.000 euros.

**INVESTIMENTOS.** Dentro do capítulo de investimentos, e deixando aparte a achega municipal para investimentos do Plan Único 2024 (15.325,20 euros) e do Plan de Camiños de Agader (13.336,60

euros), incrementase respecto ao 2023 a dotación para investimentos en abastecemento e depuración de augas (pasa de 6.000 a 9.000 euros), a efectos de continuar coa mellora do servizo, consonte ao previsto no Plan de minimización e perdas de auga aprobado en 2023.

Prevese a achega municipal de 4.077,78 euros para a anualidade 2024 do investimento de obras de mellora do pavillón polideportivo e pista deportiva de Xermade, financiado nun 80% pola Xunta. O importe deste capítulo incrementase en 9.354,84 euros respecto ao consignado en 2023, o que supón un 18,53% máis.

Prevese a achega do Concello de Xermade á depuradora do Campo da Feira, en Momán, por importe de 28.672,70 euros, consonte á segunda addenda ao convenio aprobada pola Xunta de Goberno Local.

## Reparten a veciños 103 composteiros domésticos

Xermade continúa coas medidas de implantación do programa de compostaxe doméstica iniciado no 2019 coa solicitude de 25 composteiros a Sogama para iniciar a este proceso in situ. No 2020 solicitouse unha subvención conxuntamente co Guitiriz para compostaxe doméstica e para o CEIP Xermade.

Ao abeiro da Orde do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de

axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo NextGenerationEU, solicitouse a adquisición de 103 composteiros domésticos, que serán repartidos entre a veciñanza que o solicite, a fin de cumprir o compromiso de implantar a compostaxe do 100% dos biorresiduos xerados antes do 30 de decembro de 2025.







## Solicitan financiamento para a rehabilitación da antiga escola de Ladrela

O Concello vén de solicitar o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes para o financiamento da rehabilitación da escola de Ladrela, por importe de 57.250,42 euros, cun prazo de reposición de oito anos, a razón de 7.908,02 euros por ano. A rehabilitación permitirá reforzar a estrutura e dotar ao inmovible de dúas novas estancias para baño e un espazo de cociña e almacenaxe. As obras levaranse a cabo no edificio illado situado no lugar da Ladrela, na parroquia de Piñeiro. Trátase dunha antiga construción con muros de pedra de planta rectangular e cuberta a dúas augas destinada a local social dos veciños da zona.

Actualmente os muros da edificación teñen graves problemas de estabilidade por mor da tensión que exerce a cuberta sobre eles o que está a provocar que os cerramentos presenten un acusado esborralle na súa parte superior. Este problema está a agravarse debido á falta de

estabilidade do muro sur xa que as filtracións de auga e xurros procedentes da parcela contigua na base deste elemento, están a acentuar a debilidade do mesmo.

Interiormente o local presenta importantes carencias de confort térmico debido principalmente ao deficiente illamento das carpinterías (porta e xanelas) que provocan condensacións e filtracións do aire exterior.

A primeira intervención será a execución do recalce perimetral de todos os muros, especialmente o muro sur, mediante a execución de unha viga de cimentación baixo este cerramento pétreo. Esta cimentación de apoio fará as funcións de beirarrúa e realizarase en bataches duns 3 metros para non comprometer a estabilidade das paredes.

Preténdese conservar a estrutura de madeira existente para o que se expón a execución dun apeo realizado con perfís metálicos sobre os que descansará o armazón de madeira, de tal maneira que non transmita esforzos sobre os muros de pedra no que actualmente se apoia.

## Queixas da veciñanza pola atención no SAF

Unha veciña de Xermade fixo chegar ao Concello unha queixa formal contra o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) da localidade.

Segundo asegura na súa protesta formal a empresa comunica cun día de antelación os cambios de horario e continuamente cambia o persoal que atende aos maiores. O motivo da protesta foi unha comunicación realizada pola empresa á familia dunha das usuarias, de 101 anos, que ten concedidas hora e media para levantar, aseala e facerlle a comida. Indican os xerentes que pode non ter asistencia ou cambiarlle o horario a unha hora cun asistente e media hora, sen precisar cando, con outra persoa.

A queixa da veciña fundaméntase en que avisan con pouca antelación dos cambios o que imposibilita ás familias a poder organizarse. Ade-

mais, reclama que os cambios de asistenta son continuos, especialmente no verán.

A veciña de Xermade, que asegura que hai máis persoas afectadas no termo municipal, pide que se tomen medidas urxentes para que o servizo chegue a todas as usuarias do concello con garantías e que ninguén quede sen a atención concedida. E tamén suxiro que o concello tome as rendas para que a atención das persoas dependentes no concello sexa efectiva, real e sobre todo eficiente e efectiva”.

Pola súa banda, O PP insiste en solicitar ao goberno local a revisión do contrato do servizo de axuda no fogar (SAF) co obxectivo de garantir a mellora do servizo: tanto na atención ás persoas usuarias coma nas condicións laborais das traballadoras, a raíz das protestas veciñais.

### PARQUE DE ROUPAR



Rematou a obra da Área de xogos infantís en Roupar, adxudicada a Jardinería Arce SL en 63.987,38 euros, dos cales 58.671,30 euros foron achegados pola Deputación de Lugo a través do Plan Único de cooperación cos concellos do ano 2022. O parque executouse na parcela que o Concello adquiriu ao Arcebispado de Mondoñedo-Ferrol, constituíndo a primeira fase dun proxecto que inclúe a rehabilitación e ampliación da Casa Reitoral de San Pedro Fiz para dedicala a centro de día para persoas maiores.

## Convocada unha nova edición do concurso de decoración de Nadal

O Concello de Xermade continúa este ano o concurso de decoración de Nadal. Nesta cuarta edición establécense dúas grandes categorías, a de vivendas por un lado e a de negocios pola outra. Na primeira haberá diferentes premios, ao mellor árbore de nadal, ao mellor nacemento, á mellor decoración interior e á mellor decoración exterior.

Na segunda categoría, exclusiva para negocios, só haberá un premio para a decoración xeral do mesmo.

As persoas participantes poderán elixir libremente as técnicas de estilos da súa decoración pero o xurado valorará a creatividade, orixinalidade e vistosidade, así como o uso de materiais naturais e reciclados ou a introdución de elementos representativos do Concello de Xermade.

Os interesados en participar neste segundo concurso poden inscribirse no 678 744 178 ou no correo educadora.familiar@xermade.org antes do 21 de decembro. O premio en cada unha das cinco categorías será unha cesta valorada en 130 euros.

## Palestina centra a temática do Belén de Momán

Na capela de San Antonio de Momán volveron colocar un ano máis un belén que reflicte a realidade do que acontece no mundo. Nesta ocasión, o “xenocidio de Israel sobre Palestina” é o tema deste ano.

“Partindo de que Xesús é palestino, Belén pertence a Palestina -explícan-. Se nacese hoxe, a familia de Nazaret fuxiría co seu fillo... este é o sinal que xa está ao comezo do Nacemento... un portal de Belén destruído polas bombas”, explican.





# TERRA CHÁ



## Clausurado o programa de emprego que engloba a sete concellos da zona

A Xunta clausurou o programa integrado de emprego que tivo en marcha no período 2022/2023 o Concello de Outeiro de Rei asociado cos de Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade financiou a iniciativa con 250.000 euros.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, anunciou que a Administración autonómica vén de aprobar unha nova achega de 220.000 euros para poñer en marcha outro programa integrado nos mesmos municipios, que comeza este ano e se prolonga durante o 2024. Na vindeira edición, a iniciativa terá como destinatarias prioritarias ás mulleres. En cada unha destas actividades participan 100 persoas desempregadas, das que un mínimo do 35% serán inseridas no mercado laboral durante a duración do proxecto. A Administración autonómica ofrece bolsas para incentivar a asistencia dos demandantes de emprego a estas accións e asume os custos sa-

lariais do persoal necesario para impartir a formación, así como de desprazamento de dito persoal e gastos materiais e equipamentos técnicos, entre outros.

En canto á actividade que se clausura hoxe en Outeiro de Rei, os participantes foron principalmente persoas desempregadas menores de 30 anos -un total de 74- con diferentes perfís.

As accións centráronse en proporcionarlles aos asistentes ferramentas que lles axuden a acceder ao mercado de traballo. Así, comprendeu iniciativas de formación e asesoramento; técnicas de coaching, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea; fomento da capacidade emprendedora e das habilidades sociolaborais -por exemplo, con simulacións de entrevistas laborais -; prospección empresarial; accións para casar o perfil dos participantes con ofertas de traballo existentes ou prácticas profesionais non laborais en empresas, entre outras.

## A Apalpadora visita ás asociacións

Comezou nova edición do programa de visitas da Apalpadora a 25 asociacións da provincia que puxo en marcha a Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Este proxecto naceu co obxectivo de promover a presenza de tradicións propias na representación do Nadal e ofrecer a nenas e nenos unha proposta de lecer en galego nestas datas.

A narradora Antía Vázquez, acompañada polo músico André Espiñeira, será a encargada de presentar ás crianzas esta personaxe, un carboeiro de barba vermella que baixaba das montañas ás vilas a noite do 24 ou o 31 de decembro para tocar o ventre das crianzas e comprobar se comeran suficiente durante o ano, deixando ao seu carón agasallos e castañas e desexos de felicidade e comida.

A filla do coñecido Apalpador toma o relevo do seu pai e baixa das montañas para encontrarse coas crianzas da provincia nun formato



de contacontos musicado e interactivo onde se mesturan cantigas, lendas e dinámicas.

Estará acompañada polo seu irmán músico André, para mergullarse con cancións da súa misteriosa historia. Ademais, levará froitos que recolle durante todo o ano e agasallos fabricados por ela mesma para entregar aos nenos e nenas neste Nadal.

### PROGRAMA

- **Luns 18.** COSPEITO – CPI Virxe do Monte: Ximnasio
- **Martes 19.** VILALBA – CEIP Terra Chá: Aula Multiusos
- **Sábado 23.** COSPEITO – Asociación Cultural Aquilino Igrexa Alvariño: Casa da Cultura de Muimenta (19:30h)
- **Luns 25.** CASTRO DE REI – San Martiño de Goberno: Escola de Goberno ás 17 horas. GUITIRIZ– AA.VV. Os Vilares: Escola da Conchada (19:30)
- **Venres 29.** RIORTORTO – AA.VV. De Santa Comba da Órrea: Antiga Escola ás 17 horas
- **Sábado 30.** CASTRO DE REI – Asociación de Amigos da Feira: Teleclub e ás 16:30 horas. COSPEITO – AA.VV. Recreativo e Cultural San Martiño de Pino: Escola de Pino ás 19 horas

## Abre o ciclo 'Música e Evolución' nos colexios de Rábade e Friol

Os colexios de Rábade e Friol acolleron cadanseu concerto didáctico sobre instrumentos a cargo dos músicos e investigadores Pablo Carpintero e Rosa Sánchez. A área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo impulsa estas actividades que se están a desenvolver baixo o título *Música e evolución* e que amosan e poñen en valor o patrimonio musical, ao tempo que explican a música como unha manifestación

cultural esencial para as persoas. Durante estas sesións didácticas, amósanse 42 instrumentos, moitos deles novos para a rapazada, cun fío argumental que incide no papel esencial que as mulleres xogaron na música, na cultura e na organización social ao longo da historia ou na orixe dos instrumentos musicais na cultura infantil. Estiveron en Muras e Xermade e tamén visitarán os concellos de Begonte, Cospeito, Pol e Riotorto.

## A RAG busca a palabra do ano

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié acaban de abrir a campaña para a elección popular da Palabra do Ano 2023. Ámbalas dúas institucións promoven esta escolla colectiva dende o ano 2014 a través do Portal das Palabras, o proxecto web que comparten para a difusión do léxico galego. O público poderá participar ata o domingo 10 de decembro na fase de recolla de suxestións, da que saíran os vocábulos finalistas. A votación popular desenvolverase ata o luns 25 de decembro.

CONCELLO DE COSPEITO

**Concello de Cospeito**

*Moi felices Festas do Nadal, e que a ilusión e esperanza que traen estas datas, iluminen o noso camiño e nos den a todos moito ánimo e fortaleza para o Ano Novo 2024.*

*Gracias a cantos fan posible un Cospeito Mellor... Unha forte aberta!*

*O Alcalde e Corporación Armando Castosa Alvariño*





## “O feito de practicar o acto teatral é, por si mesmo, terapéutico”

Guillermo Cancelo, director, actor e promotor de varias asociacións teatrais

### De onde vén e cando xorde a súa paixón polo teatro?

Pois cando era estudante na escola de Imaxe e Son en Ourense, aínda que facía as miñas cousas como realizador, sempre acababa sendo actor en moitas das curtametraxes que faciamos na escola, e iso fíxome achegarme e pensar sobre elo.

### Como foron os seus inicios no teatro?

Xa en Barcelona sobre o ano 97, comecei a formarme en diversas escolas de teatro e a participar nalgúns curtametraxes. O meu primeiro papel chegou nunha peza sobre textos de Lorca, no Festival Grec 98 e antes de virme de novo a Galicia, pois tiveron a ocasión de poder traballar cun dos grandes directores deste país, como é Lluís Pascual, nunha montaxe que despedía unha das salas máis representativas do teatro europeo, El Teatre Lliure.

### Cales son as Asociacións nas que participou á súa volta a Galicia?

Asociacións foron unhas cantas, a verdade, e aínda estamos aí. O primeiro grupo que promovín foi Hipócrata Teatro de Lugo, formado por alumnos da aula municipal do Concello lucense, a cal dirixín dende o

ano 2002 o 2010. A súa primeira actuación como grupo foi no San Xoán en Sarria, precisamente. Rebuldeira Teatro tamén deu os seus primeiros pasos comigo. Ao abrigo da aula de teatro municipal de Sarria, que se mal non lembro, iniciou os seus pasos no 2009. Daquelas, o teatro en Sarria era algo máis ben residual, foron catro anos de crecemento exponencial.

### Actuou en diversas series de televisión. Gústalle máis actuar para a cámara ou para o público en directo?

Son formas distintas de traballar: a cámara está máis próxima a un, polo tanto cada cousa que fagas non escapa ao espectador por pequena que sexa. O teatro pide unha maior presenza do actor e todos os seus sentidos. O que si penso é que un actor con formación teatral pode adaptarse máis rapidamente ao traballo cinematográfico que un actor de cámara poida facelo no teatro, sen unha mínima formación. Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar.

### Por que decidiu ir por libre?

Pois pola necesidade de dar saída a diversos proxectos persoais. Naquel primeiro momento, no ano 2010,

puxémonos a traballar Iria Acevedo e máis eu nunha montaxe de Teatro para Bebés, unha peza que tivemos a oportunidade de mover por moitos espazos teatrais de Galicia, así como no Culturgal en Pontevedra ou no Festival Internacional de Teatro para Bebés da Coruña. Os nenos disfrutaban moito do espectáculo, pero se viras as caras dalgún pai ou nai...

### Que actuacións teñen agora mesmo en activo?

Eu, como compañía profesional, como Teatro do Miolo, estou agora mesmo cunha peza de creación persoal: *Sáindo do cerco*, unha comedia existencialista de dous maiores, das súas necesidades, motivacións e de como viven o final da súas vidas. Precisamente, estiven no Vicedo e na casa da cultura de Sarria. Logo, as compañías amadoras, nas que desenvolvo a miña labor como director e, ás veces tamén como autor, pois nestas datas a tope ata fin de ano temos tres comedias. Con Lume Escénico da Pontenova temos unha comedia de creación propia que leva por título *Pontenova Fassion Wiii*.

Co grupo Os Trocos Teatro de Castro de Rei seguiremos pola provincia ata rematar o ano coa montaxe *Camping*

*Gas*. Con esta peza estamos conmemorando o décimo aniversario da escola municipal de Castro de Rei e decidimos retomar esta obra, aínda que tiveron que adaptala a un novo reparto. Con Borguete Teatro de Vilalba estaremos en decembro en varios concellos coa peza *O Velorio*.

### Actúa só na provincia de Lugo?

Coas compañías amadoras pola provincia de Lugo principalmente, xa que son funcións dentro do círculo amateur da Deputación ou en xornadas de teatro municipal que organizamos entre os distintos concellos onde dirixo aulas formativas.

### Por que é importante levar o teatro aos concellos da provincia?

O teatro é moi importante apoiado dende os concellos, pero tamén dende as administracións provinciais ou estatais: educación, sanidade, servizos sociais. Cando estamos inmersos na práctica do xogo teatral, fomentamos o noso crecemento afectivo e social, aumentamos a autoestima, a empatía cos demais, a creatividade e, coa memorización de textos, melloramos a nosa capacidade cognitiva. Eu sempre dixen que o teatro é máis importante que as matemáticas. Evidentemente, é unha maneira de falar, pero para o desenvolvemento do individuo o xogo teatral é básico. O teatro tiña que ser obrigatorio no ensino público. O acto teatral, o feito de practicalo é, por si mesmo, terapéutico; pasar un por distintas e diversas situacións na práctica teatral fai moitas veces que experien-



cias persoais pasadas que o mellor non foron ben resoltas, agora ao pasar por feitos similares nunha improvisación ou texto teatral, fan que moitas veces curemos o noso propio ser. Eu falo disto, dende a propia experiencia con alumnos que pasaron por situacións difíciles na súa vida e coa práctica do teatro atoparon un verdadeiro bálsamo. Xa tiveron alumnos con asperxer, esquizofrenia, problemas condutuais, e o ben que fixo neles o teatro, foi moito. Eu dou obradoiros de carácter terapéutico no centro da Cruz Vermella con ra-

### “Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar”

paces de dano cerebral.

### Que é o que máis lle gusta do teatro?

A verdade é que fago moitas cousas e todas elas teñen o seu. Cando preparo un deseño dunha iluminación nun espazo que ten as condicións e os equipamentos adecuados e ves que a consegues como a imaxinaches, é un pracer; ou cando escribes unha escena e xa a estás vendo cos actores que a van interpretar. Depende de para quen, igual non é moi agradable ver a un tipo partíndose de risa pola casa adiante ás tantas da mañá mentres escribe unha escena.

Como actor, é moi gratificante cando sentes a enerxía do público, cando sentes que está do teu lado, que o que estás facendo chega a esa persoa que está aí sentada observando. **Ten algún proxecto futuro en mente?**

Estou con adaptacións de obras para distintas aulas, nas que os ensaios darán comezo despois das festas de Nadal. A nivel de proxecto persoal, non estou escribindo nada neste momento, pero... a cabeza non para.





# “O Goberno galego ten pendente con Lugo romper a barreira da Galicia de dúas velocidades”

José Ramón Gómez Besteiro, deputado pola provincia, será o candidato á Presidencia da Xunta polo partido socialista nos próximos comicios

**Logrou un apoio no partido moi elevado para ser candidato. Como se acolle esta situación?**

A verdade é que si, ademais que o Partido Socialista é o único que fai verdadeiras primarias. Por tanto houbo ese primeiro momento no que todo o mundo podía presentar as súas candidaturas pero ao final a única que avanzou foi a miña, o cal quere dicir que tivo un respaldo do 100% do partido. E isto é importante, que haxa un partido unido en torno a unha candidatura. Pero así desenvólvese o proceso de primarias, outras veces hai máis candidaturas e hai máis votación, pero esta vez a única candidatura que saíu adiante foi a miña e ao final eu creo que é unha cuestión positiva que, despois dese proceso de primarias, pois haxa unha única candidatura que represente a todo o partido e que todo o partido está detrás dela.

**O seu regreso á política é recente e xa ocupou cargos de relevancia,**

**como delegado do Goberno e agora como deputado. Como foi esta experiencia?**

Foi moi pouco tempo (como delegado) pero foi un tempo moi intenso tamén porque era un momento de fondos europeos, de poñer en marcha o plan de recuperación do Goberno. Foi sumar a unha experiencia que tiña previamente no ámbito local durante oito anos e no ámbito provincial na Deputación. Polo tanto foi retomar outra área da Administración que se suma á que tiña no ámbito local e provincial. Pero durante os 8 anos anteriores que estiven fóra da política pois creo que tamén adquirín unha experiencia importante, como profesional autónomo, que non todos o poden dicir. Dos candidatos que vai haber á Xunta non todos poden dicir que pasaron por unha experiencia pública e privada, eu si a pasei e formoume, eu creo que ademais nese sentido fíxome máis completo. E agora pois

esa experiencia que estou vivindo tamén no Congreso dos Deputados, pero xa previa ao que van ser unhas eleccións en Galicia. Eu creo que é unha experiencia moi útil, moi plural e eu creo que iso me fortalece e me enriquece.

**Entón quédase coa pública?**

Neste momento si, pero quero dicir que os dous candidatos, o do Partido Popular e o do Bloque Nacionalista galego, levan 20 anos metidos no Parlamento por unha razón ou por outra. Rueda leva 14 anos na Xunta, Ana Pontón creo que leva 20 anos no Parlamento e eu estes últimos 20 anos combinei a experiencia pública cos últimos 8 anos como autónomo.

**Costou collerlle o ritmo á vida política?**

A verdade é que a min a política sempre me apaixonou. Como sempre fixen unha política de proximidade eu creo que iso o aprendín moi ben no mundo local, no Concello, pero practico igualmente esa política de proximidade. De feito cando estiven eses meses de delegado pois eu creo que desde o primeiro momento puxen o pé en terra, pé a estar preto dos cidadáns e ver os proxectos, foi pouco traballo de despacho e moito de proximidade. E na miña vida privada seguí vivindo a política de forma intensa, de forma próxima. Por tanto, eu creo que non foi difícil, porque o fago da forma na que máis me identifica, que é unha política próxima.

**Foi designado para xestionar a investidura de Sánchez, despois de ser delegado, significa unha gran proximidade co presidente?**

Eu creo que, e non é por falsa humildade, realmente Pedro Sánchez é un home moi próximo a Galicia máis que o feito de que eu estea próximo a Pedro Sánchez, que é verdade, teño unha afinidade e unha proximidade con el. Eu creo que neste caso Pedro Sánchez está máis próximo a Galicia que outra cousa e que vive moi intensamente as cuestións galegas. Téñoos dito moitas veces, en clave de inversións e de apostas por Galicia, foi o Presidente máis galego de todos os que coñezo na democracia, do PSOE e do PP.

**Como ve a situación antes do come-**



**zo da campaña?**

Eu creo que estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular e que despois de 14 anos este é un Goberno esgotado, un Goberno que está presidido por unha persoa triste, cun proxecto triste de Galicia. En definitiva, eu creo que a xente quere algo máis, Galicia merece algo máis. Nesa liña o Partido Socialista vai xogar un papel importante, vai dirixir ese cambio que soamente se vai producir se o lidera o Partido Socialista. Ademais, estamos nesa liña, a xente ve ao Partido Socialista como ese partido que pode aglutinar, que

**“Estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular”**

pode responder positivamente a ese cambio e que ademais o lidere. Eu son tremendamente optimista, esa é a hipótese coa que traballo porque é a que percibo no día a día.

**Falando da provincia de Lugo, que necesidades ten para ser abordadas dende o Goberno galego?**

O Goberno galego ten unha materia pendente con Galicia, con Lugo en concreto, que é romper esa Galicia de dúas velocidades. É dicir, durante estes 14 anos o que se fixo foi abrir máis esa fenda entre Lugo e Ourense co resto de Galicia. Galicia non funciona á mesma velocidade e en Lugo en concreto todos o sabemos. A cohesión territorial e social brilla pola súa ausencia, como as políti-

cas de envellecemento, os servizos sociais, a sanidade (cada vez máis distanciada dos cidadáns), con residencias modelo granxa que ten en marcha a Xunta de Galicia para as persoas maiores. Pero dende o punto de vista do Goberno galego quedan moitas infraestruturas por rematar, as conexións entre a parte interior de Lugo, e estoume referindo á conexión entre A Fonsagrada e Becerreá, esa parte interior está sen facer; a conexión da Mariña, o VAC da vía norte leva 14 anos sen facerse, non se remata a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte que a ten que facer a Xunta de Galicia. A desconexión das infraestruturas é total, o desinterese é absoluto, coma en Lugo, onde leva 20 anos sen facerse o Plan Paradai e non se desenvolve a Rolda Leste. En definitiva, en infraestruturas estamos peor que nunca e cun departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia que mira para outro lado, o único que saben facer é poñerlle deberes aos demais, pero non facer os seus. Temos tamén unha aposta definitiva e unha revolución urxente no mundo do agro, no mundo forestal e sobre todo da garantía para todos os gandeiros da estabilidade e do desenvolvemento enerxético, onde Lugo pode ser unha potencia e non o está sendo. En definitiva, Lugo ten que vencer fronte a esa desconexión que ten do resto do arco atlántico de Galicia e por iso esas apostas pola reindustrialización que son comúns en Galicia, pero especialmente na provincia de Lugo son necesarias urxentemente.

**Ve a Rueda máis débil que Feijóo á hora de loitar pola Xunta?**

Eu véxoo débil aos dous. Eu creo que Feijóo apostou, e ademais a debilidade marcouna el, dixo que ía gañar as eleccións, que ía ser presidente do Goberno e a realidade é testana e os votos son testáns tamén e demostraron que non, que non ía ser o próximo presidente do Goberno. Polo tanto, el mesmo marcou a liña entre ganador e perdedor. Agora é un perdedor. Non hai nada de malo niso, é algo democrático, pero hai que asumilo e el aparece agora coma un perdedor. E eu creo que Rueda



**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**

**Ven a probar os nosos cocidos**

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**gato con botas**

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baixo  
27800 Vilalba (Lugo)  
Tel. 982510550





vai ser o seguinte perdedor porque efectivamente responde ao que che dicía antes, Rueda non é un descoñecido, aínda que nalgúns sitios de Galicia non o coñecen, por iso agora está involucrado nunha carreira porque o coñezan. Pero logo de 14 anos de estar no Goberno como vicepresidente, como man dereita de Feijóo tamén é responsable destes 14 anos. E estes 14 anos o que representan agora é un proxecto esgotado, que confronta con todo o mundo. Polo tanto eu véxoo como perdedores aos dous, un xa o é e polo tanto non se pode presentar en Galicia como gañador e Rueda porque vai ser o perdedor.

**Aínda que non hai programa, pode avanzarnos cales serán os principais puntos da programación socialista?** Hai un primeiro que é o eixo da reindustrialización, esta é unha decisión dos socialistas tomada de acordo co Goberno do Estado pero tamén co Goberno de Europa. É dicir, hai que volver a reindustrializar os territorios e para Lugo e Galicia iso é fundamental. Somos un territorio enerxético toda Galicia, temos vento, temos auga, en definitiva somos unha potencia de produción de enerxía. E iso vai vinculado a reindustrializar porque o que nós defendemos a diferenza doutros partidos é que a reindustrialización ten que ir da man de onde se produce esa enerxía e por tanto se Galicia vai producir moita enerxía e está en predisposición de produci-la ten que recibir os be-

neficios da reindustrialización. A nós vainos dar igual sempre e cando as industrias volvan outra vez para Galicia, entendemos que ten que haber un prezo unitario da enerxía para todos os españois, queremos romper España co prezo da enerxía? Pero si queremos que as industrias veñan para Galicia porque é xusto que estean onde se produce esa enerxía que consume. Date conta que para unha industria máis do 50 % dos cus-

**“Se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias”**

tes son custes enerxéticos. Por tanto se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias. En segundo lugar, a cohesión territorial e social, que vai relacionada coas infraestruturas, coas conexións, Galicia está desconectada e a Xunta en transporte público non fixo nada. Estamos agora cunha crise en transporte público e unha desconexión da Galicia interior co resto. Crecemento intelixente é outra das dinámicas que temos que levar adiante, porque o Crecemento intelixente o que pro-

duce son máis empregos e mellor remunerados, que é o que queremos. Nós estamos educando a unha gran parte da mocidade e esa mocidade formada ten que saír fóra de Galicia porque non ten oportunidades para ser contratada aquí no que se formou e por iso temos que loitar para ese crecemento intelixente. En Galicia vai haber unha aposta importante por esas novas tecnoloxías, a Axencia de Intelixencia Artificial. En definitiva temos todo o posible para xerar ese traballo pero sobre todo que sexan traballos ben remunerados, que son os que atraen, para que esa xuventude non se vaia.

Hai que dar resposta a unha situación que é letal para Galicia que é o envellecemento da poboación. Con respostas máis modernas, máis eficaces, que vaian máis co sentir da vida das persoas maiores de agora que non das de fai 20 anos. Ese ingreso nesas macrorresidencias que creo que non tratan adecuadamente o fenómeno da velez tal e como o estamos vivindo agora, senón dunha forma distinta, xerando capacidade de crear postos de traballo e unha economía entorno a ese sector. E finalmente, hai unha aposta pola dixitalización que é o que nos vai unir a todos, máis alá das infraestruturas viarias e ferroviarias. Hai que levar ao 100% do territorio de Galicia esa vía que é a Internet, que é a dixitalización, que nos vai permitir tamén traballar en zonas que ata agora pensabamos que non podíamos traballar e levar o teletraballo a zonas que nos vai permitir recuperar poboación. Estes son os eixos, onde non pode faltar efectivamente a ganaría, a agricultura, o sector primario tan importante en Galicia e como non unha visión de Galicia cara ao mundo, cara ao exterior, unha Galicia aberta. Creo que aí non desvelo nada cando o Partido Socialista se vai distinguir das outras forzas políticas por demostrar un proxecto mirando moitísimo máis cara fóra e sen esa tristura dos partidos políticos en Ga-



licia, do Partido Popular pero tamén do BNG, de mirar cara dentro soamente. Nós temos moito que ofrecer, pero tamén temos moito que recibir de fóra das nosas fronteiras e desa visión moitas veces miope que remata en Pedrafita. Eu creo nunha Galicia máis moderna, máis aberta, máis próspera que é a que vamos enfocar no noso programa electoral.

**En caso dunha maioría relativa, podería editarse un pacto co BNG?**

Eu creo que si se produce ese cam-

**“Temos moito que ofrecer e moito que recibir fóra das nosas fronteiras e desa visión miope que remata en Pedrafita”**

bio é un cambio que vai liderar o Partido Socialista e entorno a iso sumaremos porque unha das virtudes que ten o Partido Socialista é que baixo un goberno progresista si é quen de aglutinar a máis partidos. Eu dicíao a primeira vez que falei no Congreso que rematei a miña intervención que foi para defender o galego, que nós somos capaces de acordar para avanzar, acordar sempre cando sexa para avanzar e prosperar. Aí vai estar o Partido Socialista e eu confío en que ese cambio se vai producir e o vai liderar o Partido Socialista por-

que si somos capaces de construír un proxecto progresista novo e diferente do que está representando o Partido Popular.

**Que lle pode ofrecer o José Ramón Gómez Besteiro a Galicia?**

O que pretendo aportarlle a Galicia é que eu e o meu partido supoñan unha aposta de futuro para Galicia, unha aposta de futuro segura, unha aposta de futuro fiable, unha aposta de futuro que sexa conciliadora, que non furgue nas diferenzas, senón no que nos une. E sobre todo ofrecerlle unha aposta de futuro a Galicia sen complexos de ningún tipo, nin nacionalistas nin estatelistas. Esa Galicia sen complexos é a que eu quero e espero aportar para Galicia.

**Cre que haberá adianto electoral?**

Eu creo que si, eu creo que ademais a situación de agora do Partido Popular é de certo nerviosismo, estase falando de amnistía e de cousas que ao final a moita xente nin lle importa. A maioría da xente, eu non escoito falar diso, cando os problemas reais de como chega a fin de mes, de como está a cesta da compra, de como conseguimos traballo, de se a xente moza se vai ou non se vai, de que expectativas de futuro hai. Ao final a xente fala do que realmente lle interesa, pero eu creo que si que vai haber un adianto electoral porque o PP está nervioso e efectivamente o PP ve que o cambio non é algo que perciba só o PSOE, senón que o ve aí e vai intentar loitar contra iso.

**Nadal Meirego**

CONCELLO DE MEIRA

Arliodrial

Oral Mellera de Meira

ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP POETA AVELINO DÍAZ DE MEIRA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO IES PEDREGAL DE IRIMIA DE MEIRA

*Deséxamoslles un Bo Nadal!*

<p>15 DECEMBRO</p> <p>20:00 PRESENTACIÓN LIBRO: "OLLOS AZULS" DE JULIO PARDO DE NEIRA. CASA DO CONCELLO</p>	<p>25 DECEMBRO</p> <p>13:00 BELÉN VIVENTE. PARROQUIA DE SANTA MARIA DE MEIRA. IGREXA DE MEIRA</p>
<p>16 DECEMBRO</p> <p>21:00 CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEIRA. CASA DA CULTURA</p>	<p>30 DECEMBRO</p> <p>20:00 CONCERTO DE NADAL DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEIRA. CASA DA CULTURA</p>
<p>17 DECEMBRO</p> <p>18:00 GALA BENÉFICA CONTRA O CANCRO. ANPA DO IES PEDREGAL DE IRIMIA. CASA DA CULTURA</p>	<p>31 DECEMBRO</p> <p>12:00 (MIDDIOÍA) BADALADAS DE FIN DE ANO. SESIÓN VERNÁ E FESTA. ASOCIACIÓNS E CONCELLO DE MEIRA. PRAZA DO CONCELLO</p>
<p>21 DECEMBRO</p> <p>20:30 WEBSERIE "DONSÉL DE FUTURO: HISTORIAS SOTERRADAS" EME DE MEIRA. CASA DA CULTURA</p>	<p>5 XANEIRO 2024</p> <p>17:00 CABALGATA DE REIS. CONCELLO DE MEIRA. PRAZA DO CONCELLO E PAVILLÓN POLIDEPORATIVO</p>
<p>23 DECEMBRO</p> <p>20:30 AUDICIÓN DO DISCO DA QUENLLA CON POEMAS MUSICADOS DE AVELINO DÍAZ. A.C. AVELINO DÍAZ. CASA DA CULTURA</p>	<p>6 XANEIRO 2024</p> <p>13:00 BELÉN VIVENTE. PARROQUIA DE SANTA MARIA DE MEIRA. IGREXA DE MEIRA</p>



# DEPORTES

## Móvense os postos no XII Aberto de Mondoñedo

Por Daniel Rodríguez Saavedra.

A cuarta xornada da LNB Norleste disputouse no campo Viñas da Veiga de Mondoñedo, no que foi o XII Aberto da Tarta con 74 palanadores en xogo (48 homes, 15 donas e 11 cativos), nun campo brando, aínda que practicable ao que non todos os palanadores se deron axeitado e que xerou puntuacións mais ben cativas.

A gran sensación foi Cris de Castiñeiro Milenario, que confirma o seu bo estado de forma acadando un meritório segundo posto logo de estar a piques de gañar o desempate co curtido veterano Sachas de Troitas Bravas, ámbolos dous acadaron 24 sobre 25 puntos posibles na fase de grupos. Terceiro no podio foi Basilio de Billardeiros Musicais.

Xa que logo Cris gañou a súa categoría e con esta gran puntuación sobe ao primeiro posto da xeral de donas seguida das billardeiras Musicais Aroa e Geni tanto na xornada como na xeral.

En infantís, Mateu de Madia Leva, Antía e Martin Sandonguero os dous



de Troitas Bravas, ocuparon o podio. Por primeira volta esta tempada, o gran Diego de Madia Leva queda fora dos tres primeiros. Hoxe non tivo o día.

O equipo de Carabullo presentou varias altas que lle permitiron acadar o segundo posto cun punto menos que os gañadores Troitas Bravas, pola contra os Billardeiros Musicais con notables baixas, aguantaron o tipo, sendo terceiro por só un punto de diferenza, o que lles permite seguir á fronte da xeral.

Gustaron da tarta de Mondoñedo os tres primeiros clasificados e mais o equipo gañador.

## Abre a inscrición para a Samurai Xtreme Race Lago das Pontes

A Samurai Xtreme Race Lago das Pontes xa ten data de celebración para este ano 2024 e será o 7 de xullo. Esta proba desafia aos participantes a conquistar obstáculos extremos nun terreo complicado.

Xa está aberto o prazo para inscribirse en nesta VII edición, que se celebrará

na praia do lago das Pontes. O prezo para estes primeiros participantes será reducido.

Prevese que sexa unha carreira duns 7 a 9 quilómetros de distancia coa saída e a meta na praia do lago das Pontes e con obstáculos durante todo o percorrido.

## “No FSF Castro aportarei garra intensidade e compromiso”

Jenny Santos cumpre a súa sexta tempada no Pescados Rubén FS, e neste ano deportivo xoga cedida no FSF Castro Bloques Cando

Con pesar, o CD Burela FS chegou a un acordo co FSF Castro para a cesión da súa xogadora “máis alegre, bailona e aventureira”, Jennifer Santos Rodrigues, Jenny.

A ala portuguesa de 31 anos cumpría a súa sexta tempada xogando entre as filas do Pescados Rubén Burela FS pero finalmente xogará no club veciño que compite na mesma categoría. Moi querida tanto entre as súas compañeiras, coma no club, coma no pobo. Dicimos ata logo a esa boa e positiva actitude que desprende a xogadora e que estamos seguros volverá a visitar Burela durante esta tempada deportiva.

**Que lle aportou a súa estancia en Burela tanto a nivel persoal como deportivo?**

Aportoume moitas cousas... nunca estivera cunha afección tan apaixonada polo fútbol sala coma a Familia Laranxa. Sentínme coma se estivera na miña casa, e todo é máis doado cando é así. E so teño palabras de agradecemento para todos. Aprendín moito de fútbol sala e xoguei coas mellores...

**Cales foron o seu peor e mellor mo-**



**mento durante estes anos en Burela?**

O meu peor momento foi a miña lesión no xeonllo, pero supereino. E foron moitos momentos bos en Burela... pero sen dúbida o mellor momento foi cando gañamos a Copa da Raíña en Burela en 2019. Foi máxico, un ambiente fantástico e a copa foi “a cereja no topo do bolo” (A guinda do pastel).

**Cal é a súa opinión cara ao club CD Burela FS?**

Burela é unha referencia do fútbol sala feminino español e do mundo... por todos os logros, por ser un club pioneiro pola igualdade e moito máis..

**Que é o que máis botará de menos de Burela?**

Botarei de menos ás miñas compañeiras, á familia Laranxa, o mar, o paseo marítimo, as rutas pola Mariña,... de todo un pouco.

**Que espera ou que expectativas ten cara ao equipo ao que vai cedida esta tempada, o FSF Castro?**

FSF Castro é un equipo recentemente ascendido e con moita marxe de mellora e ademais voume reencontrar con Luisa e Lucía (canteiría de Afervenza), que xogaron en Burela, coñozo tamén a Dani Sousa e sei que me van axudar coa adaptación ao equipo.

**Que espera aportar ao equipo?**

Intensidade, compromiso, garra, alegría e baile.

**Volverá a visitar aos bureleses de vez en cando?**

Iso nin se pregunta. Seguramente irei moitas veces a Burela, ademais Castro de Rei está preto.

## O Club de Loita Vilalba volve con dous ouros do memorial de Pontevedra

O Club de Loita Olímpica Vilalba participou en Pontevedra no primeiro Memorial Alexander Katchelaev, a cita na honra ao que foi a figura máis importante da loita galega nas últimas décadas.

Kevin Cuba acadou o ouro en cadete en menos de 92 kg, mentres que Ramón Monasterio tamén subiu ao máis alto do podio ao dominar a categoría sénior en menos de 97 kg. Para Ramón a competición supuxo retomar despois de varias tempadas de parón.

Á cita tamén acudiu Jairo Mosteiro que se estreaba competindo en cadete menos de 60 kg e que non puido pasar da primeira rolda.

Alexander Katchelaev foi seleccionador da URSS na época en que este equipo consolidouse como a primeira potencia mundial en loita. Chegou a Galicia no ano 1991 para facerse cargo do equipo de loita do CGTD de Pontevedra e despois de case 40 anos de traballo foi o formador de moitos dos mellores loitadores galegos.

## O Hockey Club As Pontes organiza un campus de Nadal no mes de xaneiro

O Hockey Club As Pontes prepara un campus para estas datas de Nadal. A actividade está dirixida a todos os nenos e nenas aos que lles gusta patinar ou queren aprender e comezará a primeira semana de xaneiro.

A proposta organizárase concretamente os días 2, 3, 4 e 5 de xaneiro en horario de 9.00 a 14.00 horas. Poden participar cativos a partir de 4 anos.

Os interesados xa poden realizar a súa inscrición ou solicitar máis información a través do correo hockeyas-pontes@gmail.com ou tamén a través do número 654 166 992.

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

**Reparaciones Carlos, S. L.**

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpnelas@bosch-bcs.com

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

**Novas oficinas:**  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 - 982 523 601  
619 41 53 56 - 650 61 12 60

**ALÉN**



## Julia Carbarcos obtivo a medalla de bronce no Campionato do Mundo

A culturista vilalbesa vén de obter a medalla de bronce no campionato do Mundo celebrado en Barcelona, na localidade de Santa Susana.

A vilalbesa, que asegura "estar aínda nunha nube", foi seleccionada no pasado mes de outubro para representar a España nesta proba deportiva xunto a outros 24 deportistas de diferentes categorías.

A vilalbesa foi escollida entre outros 118 atletas que se presentaron á preselección. Os escollidos non representaron a todas as categorías existentes na actualidade, senón só naquelas nas que había posibilidades de obter medallas ou un lugar destacado no ránking. Julia Carbarcos, que competiu co dorsal 393 é xa medalla de bronce na categoría women's physique master.



Cabarcos foi campioa de España no 2019, logo pasou uns anos de descanso para quitar o estrés, descansar a mente, e este ano volveu competir. Comezou en xaneiro e non parou. Xa é terceira do mundo, terceira de Europa e segunda no Arnold.

## Convocada a VI Carreira Popular de Castro de Rei

Castro de Rei celebrará a VI Carreira Popular Concello Castro de Rei. A proba será o domingo 14 de xaneiro, a primeiros do ano como é tradicional, e terá saída na Casa do Concello e percorrido por vías da Deputación ata chegar á meta no Campo da Feira de Castro Ribeiras de Lea.

A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende o pavillón municipal de Castro Ribeiras de Lea ata a saída na casa do concello de Castro de Rei.

A inscrición, que se realiza na web [carreirasgalegas.com](http://carreirasgalegas.com), pecharase o martes 9 de xaneiro ás 23:59 horas. Haberá unha categoría absoluta cunha distancia de 14,8 quilómetros e despois cinco grupos máis en función da idade que percorreren dende os 0,15 quilómetros dos pitufos ata os 2 quilómetros dos sub 18. As probas de menores serán na contorna do Campo da Feira de Castro Ribeiras de Lea.

A carreira absoluta terá a súa saída



da ás 10.15 horas e as outras cinco probas saíran cada cinco minutos, dende os pequenos ás 12.10 ata os sub 18 ás 12.30.

Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta e para os tres primeiros da cada categoría. En Pitufos darase medalla a todos os participantes pero non haberá trofeos para esta categoría nin se farán clasificacións.

## Organizan un novo máster de caza sen morte en Friol

Por terceiro ano consecutivo Friol será sede o Máster CCPB na que será a edición número XVI organizado polo Club Deportivo Jalizar en colaboración co Club de Cazadores Beca-da. Estes clubs están integrados por amantes da natureza e dos animais, especialmente dos cans.

Con esta xuntanza, e con outras vindeiras, pretenden mostrar un enfoque diferente do aproveitamento cinético dos nosos montes, acorde cos tempos actuais.

As probas do máster desenvolveranse no Técor Cova da Serpe I e II, que colaboran poñendo os terreos a disposición dos participantes, para esta modalidade de caza sen morte, onde só se puntúa o bo facer dos cans que participan.

Para ese fin, un dos seus obxectivos é o de organizar xornadas didácticas, como a que se levará a cabo nesta ocasión. A proba terá lugar o sábado 16 de decembro a partir das 8.00 horas. As inscricións hai que facelas a través de Eloy, no teléfono 675 849 923. Os prezo é de 30, 50 e 75 euros para socios dependendo do número de cans, e para os non socios entre 35 e 90.

## Todo preparado para a San Silvestre das Pontes

O Concello das Pontes pechará as actividades deportivas do ano 2023 coa tradicional carreira de San Silvestre que se celebrará o día 31 de decembro, a partir das 16.30 horas. Elena López, concelleira de Deporte apunta que "a San Silvestre ponte-sa non é unha cita deportiva máis, é unha proba na que se mistura a práctica da actividade física coa diversión. Cada ano son moitas as familias que participan nesta carreira, participantes disfrazados e mesmos veciños e veciñas que acoden coas súas mascotas, converténdose nunha ocasión perfecta para practicar

deporte xunto á familia e amigos". A carreira, organizada polo Concello das Pontes coa colaboración do club local Trieume, disputarase sobre un circuito de 2,5 quilómetros, con saída e chegada na Rúa Alexandre Bóveda e haberá catro categorías: biberón: 150 m (ano nacemento do 2016 en diante), Sub12: 500 m (ano nacemento 2011, 2012, 2013, 2014, 2015), Sub16: 1000 m (ano nacemento 2007, 2008, 2009, 2010), absoluta: 2500 m (ano nacemento 2006 e anteriores) e inclúe tamén unha andaina de 2,5 quilómetros que tomará a saída ás 17:35 horas.

### REMATAN AS SESIÓN DE BASKET NO RURAL

Chegou ao seu fin o Máis Que Basket No Rural da Fundación Breogán. Na xornada de clausura realizaron o xa habitual test, para avaliar os coñecementos de baloncesto e logo, desfrutaron dun delicioso showcooking saudable a cargo de Marta Pérez Fandiño. Entregáronse os diplomas e un balón a cada participante nos adestramentos, que tiveron lugar nos CEIP Ramón Falcón e Veleiro do Campo.



## A PASTORIZA • Un concello aberto ao futuro



CIN Bretona



Lagoa de Fonmiñá  
Nacemento do Río Miño



Praza maior de Bretona



O Castro de Saá



Centro Interpretación  
Alto Miño



Praia fluvial de Baltar



Pista de karting

*Un concello con moito que ver*

O Alcalde e a Corporación Municipal deséxanlles a todos os veciños e veciñas unhas Boas Festas e un próspero Aninovo



# DEPUTACIÓN

## A Deputación aproba un orzamento para 2024 de 116 millóns de euros

A Deputación de Lugo aprobou no Pleno os Orzamentos do ano 2024, que, con máis de 116 millóns de euros, suporán máis servizos públicos e máis dinamismo económico para a provincia, sobre todo no rural, e demostran que “é posible outro modelo de xestión e outro Goberno para Galicia, con diálogo, lealdade e recursos para os concellos”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez, no debate plenario, durante o que subliñou que o presuposto sube un 5,32%, grazas aos fondos que o Executivo provincial conseguiu da Unión Europea.

A deputada incidiu en que son uns orzamentos “realistas e útiles”, por tres motivos principais: “aprobámoslos en tempo e forma para que entren en vigor a primeiros de ano”; “servirán para achegar os servizos públicos aos veciños e veciñas, e para promover a actividade económica vinculada aos sectores estratéxicos da provincia, factores esenciais para fixar poboación no noso rural”; e “continuaremos coa política de feitos, grazas á que executamos unha media anual do 85% do gasto”.

Ademais, explicou, son uns presupostos “expansivos” porque soben os investimentos reais nun 45% e as transferencias correntes en preto dun 3%; e “profundamente sociais”, en tanto que as políticas sociais concentran un terzo do total dos fondos previstos, ata alcanzar os 38 millóns de euros, o que supón un 3% máis ca neste ano.

“Un esforzo investidor enorme, co



que estamos facendo o que non fai a Xunta de Galicia na nosa provincia”, recalcou Mayra García Bermúdez, pois “incumpre o Estatuto de Autonomía e a Lei de Servizos Sociais de Galicia e non asume as competencias en servizos sociais, cargándollas á Deputación e aos concellos, sen transferirnos financiamento”.

Por iso, entre outras moitas medidas, asegurou, a institución provincial “ten que despreparar e manter unha rede de residencias públicas para os nosos veciños e veciñas do rural, porque a Xunta non o fai, nin tampouco colabora”.

**MAIORES.** Así, nos Orzamentos do 2024 a Deputación dedica preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de maiores que ten en servizo –6 deles abertos no pasado mandato–, e continuar cos proxectos comprometidos. Como xa adiantou o Presidente, José Tomé Roca, a

previsión é poñer en marcha neste mandato as residencias da Pontenova e de Guitiriz.

O Goberno provincial renova seu “apoio ao labor fundamental do tecido social vinculado co terceiro sector” con partidas que suman 1,3 millóns, explicou García Bermúdez, que, en políticas sociais, tamén destacou a creación no antigo hospital de San Rafael, en Castro de Rei, do que será o primeiro Centro de Acolida de Protección Internacional de Galicia. Un proxecto froito da colaboración da Deputación co Goberno do Estado, que terá “un retorno económico moi importante para a provincia”, cun investimento de 12 millóns e a creación de 25 empregos directos e 45 indirectos.

A Deputación desenvolverá no 2024 o programa E Para Vivir... a Provincia de Lugo, para “afrontar o reto demográfico”, sinalou a deputada, con medidas de apoio integral ás persoas que decidan irse a vivir

ao rural; axudas ao alugueiro de vivenda; e apoio para a diversificación de cultivos.

O vindeiro ano, as políticas de emprego contarán con 4 millóns de euros para favorecer a contratación e mellorar a empregabilidade a través da formación; educación, con preto de 3 millóns, tanto para o Centro de Formación Audiovisual da Deputación –o único público desta rama na provincia–, como para o apoio á Universidade pública; os recursos para as políticas vinculadas coa igualdade suben un 10%; Deportes chega aos 4,8 millóns; Cultura, aos 5 millóns; e Artesanía e Deseño, a 1,44.

**CONCELLOS.** O Goberno da Deputación sobe o plan de cooperación cos Concellos ata os 21.750.000 euros, “o que significa transferir-lles aproximadamente o 20% dos Orzamentos provinciais, seguindo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto total á autonomía municipal”, expuxo Mayra García Bermúdez.

Ademais de incrementar os fondos do plan de cooperación, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os municipios que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que “aforran miles de euros e gañan eficacia”, e, de cara ao 2024, como reforzo de todo ese apoio, proporcionará gratuitamente aos 52 concellos que decidiron adherirse ao programa Impulsa TIC equipamentos e servi-

zos tecnolóxicos que lles permitirán avanzar na transformación dixital e mellorar así os servizos que prestan á veciñanza, grazas aos 4,5 millóns que conseguiu da Unión Europea.

**ESTRADAS.** Como “un dos piares dos Orzamentos”, explicou, o investimento na mellora da mobilidade medra un 11% no ano 2024, ata alcanzar os 20 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, en estradas provinciais e municipais.

Dende o inicio do anterior mandato, destacou García Bermúdez, o Goberno da Deputación foi incrementando progresivamente as partidas para a rede viaria provincial e local, pasando dos pouco máis de 14 millóns de euros que había no 2019 aos 20 millóns do 2024, o que supón unha suba dun 42% en 5 anos. “

**SECTORES.** O apoio aos sectores produtivos gaña peso nos Orzamentos do 2024, e incrementanse nun 7,6%, ata chegar aos 11,3 millóns, as partidas para sectores estratéxicos, como o agrogandeiro, forestal e do mar, a economía verde, o comercio, a hostalería e o turismo.

No caso do sector primario, os fondos ascenden a 3,5 millóns, dos cales 2 son para a Granxa Gayoso Castro. Neste eido, a Deputación prevé arrancar as obras que restan do Parque Central de Galicia, en Antas de Ulla, que “será un revulsivo para a zona e para a toda a provincia”.

Tamén potencia o programa Lugo Termal ofrecendo máis prazas que a propia Xunta; renovará o programa Coñece a túa Provincia, cun retorno económico de medio millón de euros dende o seu inicio; ou continuará coas rutas fluviais pola Ribeira Sacra.



Concello de Outeiro de Rei  
Concello de Futuro

Deséxalles un Bo Nadal  
e un Próspero 2024





# COLABORACIÓNS

## Segadores galegos en Castela (II)

### FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO




Raul Río

**N**aqueles tempos non se levaba a pel morena, dourada polo sol e algúns non se afeitaban nin cortaban o pelo durante os dous meses e so o cortaban nos últimos días antes de ir para a casa, chegando recién afeitados e branquiños ao seu lugar coma se houberan estado nunha oficina. Di Pepe que algún nin sequera o coñecía el cando se afeitaba. Nos dous meses mudábanse unha vez; collían a camisa polos colares, poñían a dereita e quedábase tesa da suor coma si tivera un home dentro. Xosé Luís di que incluso había que ter coitado ó lavarse, porque aquela auga o que facía era embarroar e nas casas non tiñan traída. Viña unha traída para o pobo e tiñan varios caños distribuídos polas zonas aos que ían por ela co cántaro. Por non haber tampouco había cuarto de baño nin servizo nas casas para as súas necesidades, que seica as facían no “curralón”.

O cine xa o vira Pepe cando o poñía Xosé de Merra polas festas e cando había baile no Carboeiro, pero foi alí, na casa do crego, onde escoitou por primeira vez a radio e viu por primeira vez a televisión na casa do cura de Ortigosa, que cando soubo pola radio que saíra a televisión, foi mercala a Madrid. Unha noite fórona ver e a criada púxolles uns cafés, unhas pastas e viño, pero a canseira podía mais que o seu interese polo aparello, pois durmíronse na mesa e cos ronquidos nin se oía a televisión. Para durmir dábanlles un pallar con palla rilada e eles botaban a manta enriba da palla. Iso era o que mais duro se lle facía a Xosé Luís, porque na palla andaban as “carroñas”, unha especie de cascudas mais pequenas. “Ditosas carroñas! -di Xosé Luís- Ruxindo debaixo da orella toda a noite. Ás veces había tantas que te cambiaban de sitio, deitábaste aquí e aparecías acolá. Quizais esaxero algo, pero pouco lle faltaba. Menos mal que non trababan!”

Cada maior al apuntaba os días e os homes que traballaron e, á hora de cobrar, ían Pepe e o maior al da cuadrilla. Despois xuntábanse todas as cuadrillas nun pallar, tiraban os cartos nunha manta e repartían o diñeiro.

Os casteláns eran xente de trato e de palabra, pero outro problema que había antes era que os maio-



rais principais ían as casas; pedían traballo pero non negociaban o prezo e despois cando acababan o traballo e ían cobrar había uns problemas enormes cos amos. O padriño de Pepe, Antonio Teijido Lopez, de Vitorio da Pena Fachada, quen lle deixou o posto de maior al Principal, nunca negociou o prezo e despois de feito o traballo botaban tres e catro días negociando. Unha vez, tanto se quentou a cousa, que Gaitante de Pereira, que ía de maior al con seu padriño colleu a fouciña para aplicar “a xustiza pola man”, coma Rosalía no seu poema, e así chegaron a un acordo. Outra vez, no pobo de Villoslada había tres amos cos que non se puxeron de acordo e díxolle Pepe a seu padriño que os denunciara, pois daquela aínda cobraban menos do estipulado polo sindicato e os amos tiveron que ir logo a Santa María de Nieva pagarlles 10 pesetas mais por xornal do que lles pretendían pagar. Pepe, cando colleu o posto de maior al principal, de mans do seu padriño, arranxou este tema, negociando antes para non dar lugar a discusións e situacións violentas nas que sempre saírían perdendo os nosos paisanos.

Xosé Luís corrobora que Pepe sempre lles dixo os negocios que fixera antes de empezar, os días e o tanto por día.

O sistema de reparto que houbo toda a vida era moi inxusto, pois había unha diferenza entre os maiores e os seguintes na escala, polo que de terceiro para atrás non quería ir ninguén e xa lle preguntaban ao maior al principal cando se apuntaban que posto lle daba na escala e iso era un problema para facer a cuadrilla. Pero este sistema tan inxusto acabouno quitando Pepe, dándolle a mesma cantidade ao que vai de sexto que ao segundo. Ademais os de primeiro ano estaban cualificados como “media fouce” e cobraban algo menos, salvo que foran moi bos, que entón cobraban coma os demais; pero os atadores non entraban na rolda de reparto e decidían os segadores a cantidade que lles ían dar, levando tamén os “cartos da corta”, na que cada segador poñía un diñeiro proporcional ao que cobraba: O último segador era o que menos poñía e os seguintes na escala ían poñendo cada un mais, ata chegar ao maior al principal.

Cando remataban a sega uns viñáanse para a casa cos poucos cartos que gañaran, pero os mais mozos mercaban unha bicicleta, un traxe ou unha cámara fotográfica en Lugo para dedicarse á fotografía, como fixo Valentín Purriños e, moitos outros, un billete de tren para emigrar definitivamente a Bilbao.

Triste é o cantar que cantamos, /¿mais que facer si outro mellor non hai? Dícia Rosalía.

**ZAFIRO TOURS VILALBA**  
 LA DÓNDE QUIERES VIAJAR?  
 Tenemos nuevos destinos increíbles para que disfrutes con tu familia y amigos. Trato personalizado en todos nuestros tours.  
**RESERVA YA**  
 Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

## Outra volta co tempo

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**B**otando a vista atrás, un descubre que xa leva colaborando co xornal Terracháxa desde hai quince anos. Case nada. Non é toda unha vida, pero tampouco está nada mal o asunto. Pois durante todo este percorrido, un total de cento oitenta e catro artigos saíron á luz para seren lidos polo público que así o desexase. Terracháxa continúa, un mérito que cómpre recoñecer ante as enormes dificultades que arrodean á prensa escrita.

Pois neste período tratáronse múltiples temas, procurando darlle en todo momento un enfoque local e propio. O título da columna, “A Nosa Voz”, pensamos que xa resulta significativo. E como non podía ser doutra maneira, tiñase que falar sobre o tempo, asunto ao que se recorre de forma case inmediata para iniciar calquera conversa en todo lugar que se preste. No artigo precedente, un analizaba os lumes que arrasaron centos de hectáreas de eucaliptos, principalmente no concello de Trabada, chegando mesmo ás portas da vila de Foz, con ameaza real para as persoas. Ese incendio—ou incendios—semella ter sido provocado pola man do home, axudado obviamente por unhas excesivas temperaturas que se deron, tamén na Mariña, a principios de outubro. Unha situación climática anómala que, coa colaboración maligna do ser humano, pode xerar graves consecuencias.

E volvendo máis para atrás, xa en mar-

zo de dous mil doce, dedicábamos un artigo á situación máis que atípica que derivaba dun inverno no que apenas chovera quince días, continuación dun outono escaso en precipitacións e con temperaturas tamén elevadas. E precisamente nese mes—marzo—sufrírase un incendio considerable nas fragas do Eume. É dicir, que non sempre chove cando ten que facelo, nin vai calor cando debería, ou ao revés, tanto ten. O clima non é unha ciencia exacta nin inmóbil, senón que varía. Pero é evidente que existe unha tendencia duns anos para acá, nos cales constatamos fenómenos que se saen do normal con maior frecuencia da habitual. E xa non é teoría popular, que tamén, son os propios expertos que se supón saben do que falan quen así o certifican. E para exemplo temos o outono presente, onde despois dunhas choivas finalizando o verán, iniciouse un mes de outubro no que o termómetro parecía querer volver a agosto, polo que a roupa de abrigo tiña que seguir gardada no armario. Acabadas esas semanas de calor, chegou a auga, pero en cantidades máis que xeitosas e prolongadas en exceso. Para coñecer os efectos, unha simple vista a agras e prados, onde os problemas para sementeira e o pasto do gando agrandouse por mor de tanta auga. Por suposto, non podemos esquecer a importante caída na produción de setas e, sobre todo, castañas, onde se fala que pouco máis da metade das que se apañan son aptas para o consumo; ben é certo que outros de catro patas dan boa conta delas e así se comprobará nas sucesivas semanas. En fin, que non podemos ir á praia bañarnos en outubro aquí no País. E se imos, algo raro pasa.

**ebos**  
 Rúa Campo de Puente 65 baixo  
 VILALBA  
 T.: 982 523 499 / 623 552 876  
 ebosbradoirodoce@gmail.com  
 Facebook: EBOS Bradoiro Doce



# A irmandade galaico-portuguesa

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

**H**ai uns días presentábase en Vilalba o novo libro de Ramón Villares Paz (*Xermade*, 1951), unha obra que supón unha importante contribución ao diálogo intelectual coa historia e coa cultura portuguesas: *'Galicia e Portugal. Irmandade e fronteira'* (Vigo, Editorial Galaxia, 2023). Trátase dun ensaio no que o autor analiza como compartimos influencias ao longo do tempo, tanto en termos de idioma como de tradicións culturais; unhas similitudes que se reflicten na literatura, na música e noutros aspectos da nosa identidade. A presente edición supón a adaptación de *'Galiza: Terra irmã de Portugal'*, publicado o ano pasado e destinado aos lectores portugueses, no cal o profesor e académico percorre os camiños que seguiron o norte e o sur do río Miño ao longo da historia, a partir do momento da división da provincia romana de Gallaecia, cuxa capital era Braga, no século XII. Villares examina os "momentos clave" nos que Galicia e Portugal estiveron interconectadas, como a Idade Media e os tempos da expansión marítima lusa. Ademais, abrangue as complexas dinámicas políticas e as percepcións contemporáneas desta relación fronteiriza a través dos séculos, destacando semellanzas lingüísticas, conexións culturais e interaccións ás dúas beiras da raia seca. Como ben sinala, nas relacións entre Galicia e Portugal -máis culturais que políticas- poden atoparse "capas ou estratos diferentes". Así, comeza cunha breve presentación da "terra dos galegos", para ocuparse despois da antiga Gallaecia e rematar coa presentación das liñas fundamentais da nosa historia nas épocas medieval e moderna.

Na súa intervención en Vilalba, Ra-

món afirmou con rotundidade que «Galicia é distinta da idea de España ou Castela. Existe unha relación moi estreita, que nunca se cortou, pois é a xénese de Portugal, "o ovo, as orixens", como diría o poeta e novelista portugués Alexandre Herculano (1810-1877); mais aos portugueses cústalles identificar ben Galicia, polo cal é pertinente explicarllelo, non como un xesto de amor ou desamor, senón como un acto de reflexión intelectual». Neste senso, o ensaio defende que as dúas rexións mantiveron ao longo do tempo a continuidade das paisaxes, a intermitencia dos diálogos culturais, así como a importancia das relacións transfronteirizas, poñendo como exemplo a zona de Minho que, segundo o autor, «ten sentimento portugués, pero moita identidade galega». Para o historiador de Cazás, o novo reto vívese a partir da adhesión á Unión Europea en 1986, momento que provocou unha suave desfronteirización, coa eliminación das aduanas, favorecendo que se abrisen novas portas ao diálogo, coas comisións de coordinación e desenvolvemento rexional, a participación das institucións, o intercambio comercial e o fluxo de persoas.

Como presidente da Asociación Cultural Amigos de Prisciliano chamoulle especial atención o capítulo 'Jakobsland ou Terra de Santiago', onde menciona o episodio histórico da "inventio" (para uns descubrimento, para outros invención real) do sarteiro do apóstolo, unha das mellores campañas propagandísticas da historia da humanidade, pois colocou a Compostela a nivel de Roma ou Xerusalén. Detéñome na pasaxe na que afirma que Compostela, máis que campo de estrelas (*campus stellae*) era un lugar de enterramento (*composita tellus*) no significado que ten de "descomposición" de corpo enterrado. Esta teoría, sempre defendida polos irmáns Xosé e Ramón Chao Rego, entronca directamente cos postulados do priscilianismo, un



movemento combatido duramente dende o século IV, pero nunca desarraigado. Aí queda a idea que defendemos de que as cinzas atribuídas ao apóstolo son en realidade de Prisciliano, axustizado en Tréveris no ano 385 e trasladado a Galicia polos seus primeiros seguidores. En todo caso, o certo é que o camiño (para uns de Santiago e para outros de Prisciliano) supuxo unha apertura internacional para Galicia; empregando as verbas de Villares, "unha enorme autoestrada de comunicación de ideas, persoas e mercadorías".

Como sinalaba o polifacético Miguel Torga, pseudónimo de Adolfo Correia da Rocha (1907-1995), unha voz lusa moi crítica coa integración europea, no caso de Galicia e Portugal estamos ante unha patria dividida, como resultado tráxico (visión que, por certo, Ramón Villares non comparte) dunha historia que discorreu a ritmo diverso dende a formación do reino de Portugal no século XII, anteriormente vencellado á antiga Gallaecia romana e sueva, habitada por tribos moi diversas.

Atendendo a estas reflexións, recomendo encarecidamente a todos os públicos a lectura deste ensaio, que contribúe a reivindicar a nosa identidade como pobo dun xeito sosegado, lembrando a historia común e ollando cara ao futuro, coa finalidade de entendermos que Galicia e Portugal poderán acadar unha nova dimensión institucional e un peso específico no contexto da Unión Europea. O actual escenario político facilita que poidamos emprender ese camiño conxuntamente e seguir avanzando na Historia, con maiúscula.

# Xornada partida ou continua

O PUPITRE



Julio Díaz

**E**scoito con preocupación que o Consello Escolar de Navarra aprobou no seu ditame o proxecto de Orde Foral polo que se establece a xornada escolar partida para todos os colexios públicos de Infantil e Primaria. Trátase dunha volta ao tradicional modelo de clases pola mañá e pola tarde, que nos derradeiros anos e, especialmente tras a covid, perdeu peso na maioría dos centros educativos españois en detrimento da xornada escolar continua ou intensiva de clases só en horario matutino.

Para afondar no debate aparece un informe da OCDE, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico, que fai unha aposta pola xornada partida dos centros educativos, alegando que a continua prexudica a equidade do alumnado, cando outro informe do mesmo organismo di que Galicia é unha das comunidades con máis equidade no estudo. Si Galicia ten case un 90% dos centros con xornada continua é totalmente contradictorio co que agora presentan neste informe.

O que si di este informe, e ninguén resalta, é que un profesorado mellor remunerado, os centros con máis recursos, unha revisión das políticas de admisión do alumnado e de elección de centro, que garanta que os alumnos se distribúan de maneira máis heteroxénea entre os centros educativos reducindo a segregación escolar, máis F.P. é o que favorece que a fase de abandono temperá diminúa e o aumento na calidade do ensino se produza.

A pesar de que a grande diversidade de estudos sobre un tema tan controvertido segundo ou enfoque de expertos, profesores e familias non poden afirmar con rotundidade cal é o modelo máis beneficioso para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Eu como docente e, ante a falla de estudos contundentes que non se vexan influenciados por intereses variados, prefiro unha xornada escolar continua, xa que penso que os nenos presentan o seu nivel máis

alto na "curva de atención" en horarios de mañá. Tamén é mellor que acaben antes e poidan realizar outro tipo de actividades, sen que a súa xornada se prolongue moito. É un dos problemas que temos no noso país, que a xornada dos nosos rapaces, cando rematan a xornada escolar, a extracurricular e tempo libre adéntrase xa na noite facendo que as xornadas sexan interminables.

É importante non confundir a xornada educativa dos nosos alumnos coa xornada asistencial e os centros escolares non deben responder ás necesidades das familias desde un punto de vista da conciliación, senón dende un punto de vista educativo e as administracións non deben liquidar este problema conciliatorio pola vía rápida "aparcando aos rapaces" dentro das aulas.

As propias conversas con pais/nais tampouco dan idea de consenso. Os partidarios da continua ven unha molestia desprazarse catro veces ao día aos centros educativos (se os seus fillos non quedan ao comedor) e agradecen poder pasar máis tempo con eles en caso de non traballar polas tardes.

Tamén entenden que é mellor para os rapaces condensar as horas lectivas na mañá e permitir dispor de máis tempo libre para eles.

Outros veno de forma distinta e prefiren a xornada partida, xa que lles sería imposible poder organizarse para recollelo pronto e ademais consideran que os rapaces están máis "relaxados" ao facer unha parada para comer, descansar un anaco, en lugar de comer máis tarde.

Resulta interesante ver os argumentos de defensores e detractores; argumentos que se repiten por parte dos que defenden ambas as posturas. Argumentos interesados xa que a día de hoxe non existe ningún estudo que aclare rotundamente sobre os beneficios ou prexuízos dun tipo de xornada sobre outro. O debate en si ten máis de político que de mellora educativa.

Rematar dicindo que a xornada escolar non é un capricho do profesorado, xa que para implantala ou modificala fai falla unha maioría cualificada na que participan as familias, o Consello Escolar do Centro e o claustro de profesores. Unha garantía.

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES  
**SEOANE**

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: redaccion@terrachaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507



## Unha chaira de versos

### IDAS E VOLTAS



Carlos Gegúndez

**N**on son só dous, hai máis, mais hai dous eixes sobre os que xira a Terra Chá e que definen moi ben o territorio, alén obviamente, da gran planicie que lle dá nome. Un deles ten que ver co medio físico, é a auga dado que a chaira conta con destacados acuíferos. O outro está relacionado coa súa xente, pois de entre ela teñen saído e continúan agromando innumerables mestres da palabra: xornalistas, narradores e narradoras, mais sobre todo, poetas. Sexa ou non coincidencia, toda a súa produción lírica ten un fondo apego a esas terras, as súas voces cantan á paisaxe e orografía, a pequenos recunchos, a vastas leiras, a pequenos outeiros e a cumios máis altos, as lembranzas da nenez. Non hai que esquecer todo a tradición oral ligada a gran penechaira da nosa provincia; as historias das torres vixia que por alí existen, a existencia de antigos poboadores como os Baluros, a lenda da vila que afundi na lagoa de Cospeito ou a serpe xigante da Cova á que esta lle dá nome. Todos estes mitos, lendas e contos arrolan aos chairegos dende hai centos de anos e despertaron o enxeño de creadores oriúdos destas latitudes.

O turismo de natureza ou paisaxístico é como en todos os destinos da nosa provincia, agás na Mariña onde a tipoloxía de sol e praia ten peso específico, a dominante nesta comarca. Sen esquecer a gastronómica, nomeadamente grazas a produtos de excepcional calidade como o capón de Vilalba ou o queixo de San Simón da Costa, tamén por eventos



como a Festa da Filloa de Muimenta, por citarmos algúns dos máis representativos. Como xa dixemos con anterioridade os humedais contan un protagonismo relevante nesta zona e por iso, dentro do turismo de natureza os recursos que van asociados á auga son o gran atractivo do destino, tampouco obviaos que nesta área nace o principal río galego, con permiso dos meiregos. Aínda lembro como sendo eu rapaz, un vello amigo da familia me aleccionaba nos anos 80, apuntando con fachenda co seu índice a viseira do palco da música nas festas do 15: "Meira, a nai do pai da nosa terra". Hai moitos máis recantos que pagan a pena como a Fervenza da Xestosa en Muras, o Muíño do Rañego en Vilalba ou os Sete Muíños en Guitiriz, sen deixar de lado as rutas de sendeirismo como a do Azúmara entre Castro de Rei e o Castro de Viladonga. Por certo, este último recurso é un dos máis consolidados do destino, que conta ademais con patrimonio histórico civil como a Torre dos Andrade na ca-

pital da comarca ou a de Caldaloba en Cospeito e tamén o hai relixioso como Santa María de Lagostelle e Santo Alberte en Guitiriz ou Santa María en Abadín.

En definitiva, esta comarca lucense será de interese para calquera turista interesado nos recursos naturais e patrimoniais que queira repousar unha fin de semana ou uns cantos días nun destino tranquilo e bastante ben comunicado entre os concellos que o integran, coa capital da provincia e mesmo non moi distante dos aeroportos do norte do país.

Non obstante, aínda quedan vías por explorar, unha deles podería ser perfectamente a do turismo literario, volvendo sobre unha das cuestións sinaladas ao inicio. O potencial poético da chaira é significativo, así a Casa-Museo de Manuel María en Outeiro de Rei, o gran poeta da Terra Chá xa é unha realidade e ofrece interesantes visitas guiadas. Na capital comarcal, o Paseo fluvial e literario do río Madalena xunta nun mesmo escenario os dous eixes apuntados

ao comezo: auga e poesía. Hai máis exemplos, como a ruta de Avelino Díaz e o seu vencello co lugar no que o Miño ten o seu berce: "aló na Serra de Meira/d'Irimia no Pedregal".

É certo que como destino literario a Terra Chá reúne principalmente a poetas e narradores en lingua galega e que a miúdo se considera este xénero minoritario. Visto así, este condicionante podería ser unha limitación, mais nada máis lonxe da realidade. Para mostra achegamos algúns exemplos: o ciclo Poetas d(i)versos da Coruña coordinado por Yolanda Castaño trouxo hai pouco ao actor Viggo Mortensen, quen mesmo recitou poemas en galego xuntando a máis de medio milleiro de asistentes nun auditorio da cidade herculina. En Soria, cada ano entre

os meses de xullo e agosto celebran Expoesía, unha semana cargada de presentacións, visitas guiadas, recitais e poéticos contando con tres figuras de calado como motores do evento, ningún deles soriano, mais si ligados á localidade numantina, Bécquer, Antonio Machado e Gerardo Diego. Por último, o FIP de Granada é un evento que na última edición congregou a dez mil persoas durante os cinco días que durou, celébrase en abril coincidindo co Día do Libro, o Festival Internacional de Poesía chegará á vixésima edición o ano que ven. Velaquí algúns modelos que puideran ser, nunca mellor dito, inspiradores para enchermos a chaira de versos, daquela poderíamos pensar que, se cadra, non son tan malos os tempos para a lírica.

### O RECUNCHO DE CANELINA

eu non sei que diaño teñen  
as nosas gaitas galegas  
que afervooan toda a sangue  
e fan cóxegas nas pernas





DE RUTA EN RUTA

# Muras: Unha ruta descubriendo cruceiros

Este percorrido permite descubrir exemplares deste sinal de identidade da paisaxe galega tan presentes neste concello



Os cruceiros son un sinal de identidade da paisaxe galega, unha expresión da devoción popular que se poden atopar en cruces de camiños ou preto de igrexas e cemiterios. Así ao longo de todo o territorio galego podemos contar un total de doce mil cruceiros cada un coas súas singularidades.

En todo o concello de Muras hai contabilizados cento dezasete cruceiros, cristos e cruces. No que respecta aos cruceiros este concello conta cun total de vinte sendo o máis antigo de data coñecida o de Samil, que se corresponde co ano 1882. En canto ás cruces hai un total de noventa e catro exemplares de diferentes tamaños e materiais. No referente aos cristos Muras conta con tres exemplos, malia que dalgún só se conserva a base, sendo o máis relevante o do Burgo.

A través dunha ruta en coche po-

deremos coñecer algunhas destas representacións de devoción popular situadas dentro deste concello lucense. Antes de entrar no núcleo de Muras e baixando pola rúa José Ferro Rodeiro atopamos a man dereita o cruceiro do Vilar. Este cruceiro está composto por un plinto de formigón que sostén unha base monolítica e granítica e por riba un fuste de similares condicións e sección cuadrangular, decorado con símbolos da paixón. O conxunto remata cunha cruz latina e aínda se conservan restos de policromía en ocre na parte superior do fuste.

Dende aquí dirixirémonos ao núcleo de poboación e situado no muro da primeira vivenda a man esquerda podemos atopar o cruceiro do Carballal, colocado nunha intersección de estradas. Este cruceiro conta cun plinto cuadrangular sobre o que se posa unha base monolítica e granítica sobre a cal se prolonga un fuste tamén mo-

nolítico e granítico. O capitel é de forma troncopiramidal invertida decorado con volutas e cabezas de anxos e o cume do cruceiro remata nunha cruz latina coa imaxe de cristo franqueada por dúas pequenas imaxes.

Continuando o noso camiño ata a igrexa parroquial de Muras atoparemos tres cruceiros, destacando o cruceiro da igrexa que está formado por unha plataforma con dous chanzos revestidos de cemento. Conta tamén cunha base monolítica de granito de dous tramos e un fuste de sección cuadrangular ornamentado con relevos dos símbolos da paixón e na parte superior unha cruz latina coa figura de cristo franqueado por dúas pequenas imaxes.

Desfacendo parte do camiño colleremos dirección cara a praza do Concello onde baixaremos pola rúa Santiago Apóstolo e pasando a ponte que atravesa o río Eume adentrarémonos na parroquia do

Burgo. Percorrendo a Rúa chegaremos ata a igrexa de Santa María do Burgo onde xusto enfronte, nunha vivenda privada poderemos apreciar o Cristo do Burgo.

Esta peza conta cun plinto cuadrangular, de cachotería, levantado sobre un penedo que serve de sostén a unha base monolítica, granítica e de considerables dimensións.

Desde este punto volveremos á estrada LU-540 ata chegar ao porto da Gañidoira onde atoparemos o cruceiro Alto da Gañidoira na intersección da estrada C-640 cunha pista.

O primeiro elemento deste cruceiro é un chanzo de cachotería que serve de sostén para unha base de granito sobre a que se ergue un fuste. Sobre este fuste esta situado un capitel monolítico ornamentado con volutas e cabezas de anxos. Na actualidade este cruceiro atópase sen cruz.

O último dos cruceiros que imos a visitar nesta ruta é o de Leganitos, para atopalo deberemos volver ao cruce do Porto da Gañidoira e coller dirección Viveiro onde entre os quilómetros 24 e 25 da estrada LU-540 atoparemos o cruceiro.

Foi mandado construír por Francisca Puentes Carballeira e conta cunha plataforma formada por dous chanzos, unha base de granito, un fuste e un capitel de forma troncopiramidal invertida decorado con volutas. Remata o conxunto unha cruz latina coa figura de cristo nunha cara e unha advocación mariana no reverso.

Estes son algúns dos cruceiros e cruces que se atopan dentro do concello de Muras do total de 117 manifestacións que se espallan por todo o seu territorio.

Un pequeno percorrido que nos permitira coñecer unha parte do basto patrimonio cultural que significan estas representacións dentro da cultura galega.



## CAP

### TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas

## Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05